



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CIENCIA, UNIVERSIDADES E  
FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Plurilingüe da Ramallosa

Travesía da Ramallosa, 9  
15883 – Teo (A Coruña)  
Teléfonos: 881866491 – 881866494  
[www.edu.gal/centros/ceipramallosa](http://www.edu.gal/centros/ceipramallosa)  
[ceip.ramallosa@edu.xunta.gal](mailto:ceip.ramallosa@edu.xunta.gal)

## Memoria

### Curso : 2.023 - 2.024



**C.E.I.P.P. DA RAMALLOSA**  
**(Teo - A Coruña)**

## Índice de contidos

<b>1. CONSIDERACIÓNS XERAIS.....</b>	<b>4</b>
<b>2. PRINCIPIOS BÁSICOS QUE INSPIRAN O FUNCIONAMENTO DO CENTRO E O DESENVOLVEMENTO DO P.X.A.....</b>	<b>5</b>
<b>3. DOCUMENTOS QUE REGULAN A ACTIVIDADE DO CENTRO.....</b>	<b>6</b>
<b>4. DEPENDENCIAS.....</b>	<b>6</b>
<b>4.1 MELLORA DAS INSTALACIÓNS:.....</b>	<b>7</b>
<b>5. OS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....</b>	<b>8</b>
<b>5.2. O COMEDOR ESCOLAR.....</b>	<b>9</b>
<b>6. INFRAESTRUTURA DE PERSOAL.....</b>	<b>10</b>
<b>6.1. O CLAUSTRO DE PROFESORES.....</b>	<b>10</b>
<b>6.2. ADSCRICIÓN E HORARIOS DO PROFESORADO.....</b>	<b>10</b>
<b>6.3. O ALUMNADO.....</b>	<b>11</b>
<b>6.4 O PERSOAL NON DOCENTE.....</b>	<b>11</b>
<b>6.5 OS ÓRGANOS DE GOBERNO.....</b>	<b>12</b>
<b>6.5.1.) OS ÓRGANOS UNIPERSOAIS.....</b>	<b>12</b>
<b>6.5.2.) O CONSELLO ESCOLAR.....</b>	<b>12</b>
<b>7. O PLAN DO CURSO 2023/24.....</b>	<b>13</b>
<b>7.1. OBXECTIVOS XERAIS.....</b>	<b>13</b>
<b>7.1.1.) EN CANTO AO PROFESORADO:.....</b>	<b>13</b>
<b>7.1.2.) EN CANTO AO ALUMNADO:.....</b>	<b>13</b>
<b>7.1.3.) EN CANTO ÁS FAMILIAS:.....</b>	<b>14</b>
<b>7.1.4.) MEMORIA DA ANPA “RIO TELLA”:.....</b>	<b>15</b>
<b>7.1.5.) EN CANTO Á CONTORNA:.....</b>	<b>17</b>
<b>7.1.6.) EN CANTO Á ADMINISTRACIÓN E RECURSOS:.....</b>	<b>18</b>
<b>7.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.....</b>	<b>18</b>
<b>7.2.1.) EQUIPOS DOCENTES:.....</b>	<b>18</b>
<b>a) Educación Infantil:.....</b>	<b>18</b>
<b>b) 1º Ciclo de Educación Primaria.....</b>	<b>27</b>
<b>c) 2º Ciclo de Educación Primaria:.....</b>	<b>29</b>
<b>d) 3º Ciclo de Educación Primaria:.....</b>	<b>32</b>
<b>e) Departamento de Orientación:.....</b>	<b>36</b>
<b>Pedagoxía Terapéutica:.....</b>	<b>45</b>
<b>Audición e Linguaxe:.....</b>	<b>51</b>
<b>7.2.2.) EQUIPOS DE COORDINACIÓN DOCENTE:.....</b>	<b>56</b>
<b>a) Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P.).....</b>	<b>56</b>

b) Tecnoloxías da Información e da Comunicación (EDTIC).....	58
c) O Equipo de Dinamización da Lingua Galega.....	60
d) O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares ( EACE).....	106
e) Biblioteca Escolar / PLAMBE.....	116
7.3. CALENDARIO DE REUNIÓN.....	128
7.4. AVALIACIÓN.....	128
7.4.1.) A avaliación dos alumnos/as.....	129
7.4.2.) A avaliación do Plan Xeral Anual.....	130
8. ORZAMENTOS:.....	131

## **1. CONSIDERACIÓNS XERAIS**

Rematado o presente curso, facemos un balance positivo en canto ao obxectivo principal que constitúe o eixo vertebrador de toda a nosa a intervención e que así se recolle na PXA, este é: *“Mellorar e manter un clima de traballo agradable, nun espazo de convivencia positivo en todos os ámbitos”*. Ademais de ser unha liña fundamental do Equipo Directivo, tamén foi unha aposta de todo o persoal do centro, o cal é o verdadeiro responsable e artífice do éxito.

Recollemos nesta memoria os datos máis salientables do curso 2023-24, como documento referencia do acontecido no mesmo.

É importante deixar constancia nesta memoria do excelente traballo realizado por todo o conxunto de profesores e profesoras que forman parte do CEIP da Ramallosa.

Nos diferentes apartados desta memoria explicamos con detalle as accións e proxectos desenvolvidos, segundo o equipo ou comisión responsable, partindo da experiencia dos cursos anteriores e intentando levar a cabo aquelas propostas de mellora e outras novas que xurdiron no equipo docente. As máis salientables e que definen a filosofía do centro e o camiño que pretendemos manter, independentemente das responsabilidades persoais que se asuman nos vindeiros cursos son:

- O “Plambe” de bibliotecas escolares que inclúe numerosas propostas de traballo ó redor da lectura, dende o Plan Lector ata a participación de escritores/as, actividades de animación e dinamización como as mochilas viaxeiras e as mochilas de xénero, recomendacións de lectura, deseño e exposición de traballos elaborados polo alumnado como os libros artesanais e carteis...
- Radio Escolar, proxecto iniciado xa no curso escolar 2020/21, adicado á realización de Obradoiros de Radio, teatro radiofónico, dobraxe, edición e gravación de música e vídeo, entrevistas, participación en “Ponte nas Ondas”, proxecto “Cóntame un conto”, proxecto “Antonio Fraguas”...





CEIP Plurilingüe da Ramallosa

- Este curso continuamos como centro Plurilingüe, impartindo a Educación Artística en Lingua Inglesa no primeiro, no segundo en o terceiro nivel de E.P. No resto dos niveis seguimos coas Seccións Bilingües.
- Por décimo ano consecutivo participamos no proxecto "Edixgal", consistente no traballo sobre soportes dixitais e sen libros de texto. Deste xeito levamos xa 16 anos participando nos proxectos de educación dixital, se temos en conta os seis cursos anteriores de participación no antigo proxecto Abalar.
- Nos niveis de terceiro e cuarto de primaria continuamos co traballo con recursos dixitais, baseado na experiencia "Snappet", que consiste no traballo nas áreas de matemáticas e linguas con tabletas dixitais que cargan distintas propostas de traballo con recursos adaptados ao nivel de cada alumno e alumna. A experiencia segue sendo moi positiva. Ten unha boa acollida polas familias que mostraban, nun principio, certa reticencia sobre esta metodoloxía. Daráselle continuidade no vindeiro curso académico. (Para máis información sobre o proxecto: <https://es.snappet.org>)
- No presente curso continuamos co Programa Proa+, de aplicación dende o 3º curso de E.P., dentro do Plan Recupera.
- Participamos tamén nos programas "Escola Verde" e "Normalización e dinamización lingüística" dentro do Plan Proxecta +.
- Continuamos con Plan Dixital do Centro e co Proxecto de Polos Creativos e continuamos co Plan Estratéxico de Mellora.
- E por suposto, as actividades propias da cultura da contorna: o Entroido, o Magosto, a Romaría das Letras Galegas e os xogos tradicionais.

## **2. PRINCIPIOS BÁSICOS QUE INSPIRAN O FUNCIONAMENTO DO CENTRO E O DESENVOLVEMENTO DO P.X.A.**

Ratificamos os principios enumerados na Programación Xeral Anual (P.X.A), impulsando a participación democrática de toda a comunidade educativa, permitindo

unha flexibilidade e dinamismo nas propostas e iniciativas xurdidas durante o curso e facendo unha avaliación continua do Plan Xeral Anual.

Fixemos, novamente, fincapé nas dinámicas internas para impulsar maiores cotas de xestión democrática, ao mesmo tempo que se apoiaron e promoveron iniciativas encamiñadas a crear ambientes propicios para o traballo no marco dunha convivencia agradable.

### **3. DOCUMENTOS QUE REGULAN A ACTIVIDADE DO CENTRO**

Temos deseñada a documentación principal que nos propuxemos nos últimos anos: Plan de convivencia, NOF, Plan de Actividades Físicas e da Saúde.

En cuanto á formación, este curso continuamos coa formación correspondente ao Plan Dixital de Centro. De igual xeito, unha representación do profesorado continúa coa dinamización do Plan Estratéxico de Mellora (PEM).

Non se produciron cambios significativos no resto da documentación base de traballo (PAT, Plan TIC, Plan de Auto-protección...), agás na Concreción Curricular do Proxecto Educativo en base á *Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.*

### **4. DEPENDENCIAS**

Como xa recolleemos no P.X.A. os locais dos que dispón o colexio son:

- Aula-local da ANPA
- Aula de Polos Creativos
- Aula de música
- Aula de inglés
- Biblioteca
- Salón de actos
- Ximnasio



- Pavillón polideportivo (cedido para uso no horario escolar polo Concello de Teo)
- Sala de Persoal
- Despachos de : Secretaría, Xefatura de Estudos, Dirección e Orientación
- Almacén de audiovisuais

#### **4.1 MELLORA DAS INSTALACIÓNS:**

Estas son as solicitudes de obras e melloras pendentes tramitadas á Xefatura Territorial:

1. Continuación da eliminación de barreiras arquitectónicas. Dotación dun ascensor, tendo en conta a posibilidade de ter alumnado do 3º ciclo e que tería serias dificultades para acceder ás aulas Abalar (situadas no 2º andar), entre outros problemas de mobilidade polo centro.

2. Remodelación dos pisos (terrazo) e das escaleiras interiores (moi gastadas) do edificio principal.

3. Construción dun aseo na planta baixa no edificio anexo. Durante o desenvolvemento das clases, o alumnado da aula de inglés, música, os que asisten á biblioteca e aula de Polos Creativos ten que subir e baixar so as escaleiras para usar os servizos.

4. Mantemento estético do exterior do edificio anexo.

5. Substitución de cubertas (tellados de uralita) no edificio anexo e na vivenda do conserxe.

6. Reparación dun cristal roto dunha placa solar do ximnasio.

7. Acondicionamento de parte dos xardíns do lado da pista de entrada ao aparcadoiro do persoal para ampliación do mesmo.

8. Eliminación do antigo depósito de auga e canalización das augas (cando chove con intensidade reborda e a auga corre polo patio facendo sucos e

arrastrando areas e follas que logo atascan os desaugues na zona de paso máis frecuente).

9. Actualización de equipos informáticos antigos e obsoletos.

10. Substitución das portas pequenas dos sotos para o acceso ás bombas de auga e gasóleo por pranchas de aluminio ou aceiro inoxidable con apertura vertical.

#### RELACIÓN DE OBRAS DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DESENVOLTAS POLO CONCELLO DE TEO:

1. Mantemento das caldeiras.
2. Limpeza das canles de desagüe do patio
3. Acometeu, ademais, varias obras de mantemento e conservación ao longo de todo o curso, sobre todo de electricidade e fontanería.

#### OBRAS DESENVOLTAS POLO CENTRO:

1. Ampliación da zona de aparcadoiro do profesorado.
2. Dotación de mobiliario exterior para o patio.

#### RELACIÓN DE OBRAS PROPOSTAS AO CONCELLO PARA O VERÁN:

1. Revisión dos aseos de todo o centro.
2. Reparación das baixantes de pluviais do Polideportivo.
3. Instalación de falso teito na aula de Inglés.
4. Reubicación das porterías dos campos de fútbol.
5. Tala dunha árbore do aparcadoiro.
6. Revisión da instalación eléctrica do salón de actos.

## **5. OS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

### **5.1. O TRANSPORTE**

Continuamos cos sete itinerarios que compoñen as rutas de transporte e que están cubertos polas empresas Monbús e Seoane.





## 5.2. O COMEDOR ESCOLAR

O comedor escolar está clasificado como categoría D, polo que dispón do seguinte persoal laboral: unha oficial 2ª e tres axudantes de cociña.

No presente curso atendemos a 315 alumnos/as usuarios/as de comedor. Hai 166 usuarios de pago e o resto foron de gratuidade total. A estes hai que engadirllles 15 nais/pais colaboradores/as, 4 membros do persoal de cociña, o coidador do centro (para a atención específica de tres alumnos), o director e a encargada de comedor. Polo tanto, en total resultan 337 usuarios/as de comedor.

A confección dos menús realizouse mensualmente e comunicóuselle as familias para favorecer unha dieta equilibrada que se complemente coas outras comidas que os alumnos toman na casa: cea, merenda... Para a súa confección, seguíronse as recomendacións das autoridades sanitarias en materia de hixiene, nutrición..., tendo tamén como referencia os monográficos editados pola Xunta de Galicia " *Alimentación e nutrición na escola: Menús saudables no comedor escolar* " e Xermola (Plan para a prevención da obesidade infantil en Galicia).

As nais colaboradoras do comedor son as responsables de servir e axudar aos nenos e nenas que o precisen.

Entendemos que o comedor debe servir, ademais de cubrir as necesidades alimenticias dos nenos e das nenas, como un instrumento para tratar aspectos educativos relacionados cos contidos de carácter transversal do currículo como a convivencia, a colaboración e o servizo aos demais, os hábitos hixiénicos, dietéticos,... Neste sentido, ademais dos que xa son inherentes á propia utilización do comedor estaremos atentos as ofertas que as distintas administracións nos propoñan en materia de obradoiros que desenvolvan aspectos relacionados con hábitos alimenticios saudables, prevención de trastornos alimentarios,...

Como en cursos anteriores funcionou no propio recinto do comedor o servizo de "Madrugadores", xestionado polo Concello de Teo, en horario de 7:30 a 9:30 da mañá.

O protocolo de funcionamento do comedor escolar elaborado fai dous cursos e que está incorporado as NOF está publicado na páxina web do colexio no seguinte enderezo:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/1215>

É importante mencionar a dificultade que ten atender o comedor e os tempos derivados deste servizo, agravado polo feito de que cada ano hai menos nais e pais dispostos a facer esta tarefa altruísta, polo que solicitamos melloras nos recursos e na normativa dos comedores de xestión directa, tales como:

- Manter o permiso da Consellería para que poidan ser colaboradoras ou colaboradores do servizo os familiares maiores de idade convivintes sen necesidade de ser nai ou pai.
- Ofrecer a posibilidade, en caso de non ter suficiente persoal, a nais e pais que xa participaran neste servizo aínda que os seus fillos/as xa non estean cursando estudos no centro.
- Abrir a posibilidade de que profesionais da hostalaría do propio concello poidan compaxinar traballos con esta colaboración co centro.
- Igualmente con monitores e monitoras titulados en Tempo Libre que lles interese participar nesta experiencia.

## **6. INFRAESTRUTURA DE PERSOAL**

### **6.1. O CLAUSTRO DE PROFESORES**

A relación do profesorado que compuxemos o Claustro neste curso pode consultarse na aplicación XADE.

### **6.2. ADSCRICIÓN E HORARIOS DO PROFESORADO**

A adscrición e os horarios tamén poden consultarse en XADE e funcionaron como se estableceron na PXA.

As substitucións, cando se produciron faltas de asistencia do profesorado, realizáronse seguindo os criterios establecidos pola Xefatura de Estudos e asumidos polo Claustro de Profesores.

Todo o profesorado cumpriu coa disposición da Consellería de vixilancia do transporte escolar, desde as 9:15 ata as 9:30.

Establecemos as necesidades de profesorado provisional para o vindeiro curso do seguinte xeito:

- 1 profesor/a da especialidade de lingua estranxeira-inglés **a tempo completo** para poder manter as seccións bilingües de todos os niveis de primaria.
- 1 profesor/a da especialidade de **AL a tempo completo** para cubrir as horas que a especialista ten que dedicar á Xefatura de Estudos.
- 1 profesor/a da especialidade de Educación Primaria.
- 1 profesor/a da especialidade de Educación Infantil.

### 6.3. O ALUMNADO

No seguinte cadro recollemos o reparto do alumnado nos distintos niveis e grupos establecidos nos mesmos:

ETAPA	CICLO	NIVEL	Nº ALUMNOS/AS	GRUPOS
Educación Infantil	2º Ciclo	4º	24	1
		5º	29	2
		6º	23	1
Educación Primaria		1º	30	2
		2º	39	2
		3º	48	2
		4º	57	3
		5º	53	3
		6º	59	3
TOTALS ALUMN@S e UNIDADES			362	19

En resumo: tivemos unha matrícula de 362 alumnos en 19 titorías.

### 6.4 O PERSOAL NON DOCENTE

O persoal non docente que prestou servizos este curso no colexio foi o seguinte:

1 conserxe, 4 traballadoras/es como persoal de cociña, 1 coidador e 2 traballadoras do persoal de limpeza.

## 6.5 OS ÓRGANOS DE GOBERNO

### 6.5.1.) OS ÓRGANOS UNIPERSOAIS

O Equipo Directivo para no curso 2023-24 estivo integrado por:

DIRECTOR	D. Rafael Vilar Seoane
XEFA DE ESTUDOS	Dna. Ana Isabel Costa Piñeiro
SECRETARIA	Dna. Janet Flores García

### 6.5.2.) O CONSELLO ESCOLAR

No presente curso houbo eleccións ao Consello Escolar para as renovacións pertinentes polos prazos legais, quedando constituído do seguinte xeito:

- Presidente: O director do centro.
- Xefa de estudos.
- Secretaria (con voz e sen voto).

#### REPRESENTANTES DOS PAIS

- Dna. Marta Picado Barreiro ( representante da ANPA)
- Dna. Paula Bolaño Pampín
- Felipe Boquete Vidal
- Dna. Lorena Gestal Reyes
- Dna. Amaya Gómez Becerra

#### REPRESENTANTES DO PROFESORADO

- D. José Pablo Campos Gulías
- Dna. María Paz Castillo González
- Dna. María Isabel Fabeiro Pérez
- Dna. Mónica Seoane Maseda



- D. Manuel Valiño Ron

#### REPRESENTANTE DO CONCELLO

- Dna. María Vázquez Rey

### **7. O PLAN DO CURSO 2023/24**

#### **7.1. OBXECTIVOS XERAIS**

Os obxectivos deseñados e sinalados na P.X.A. seguen a considerarse coma uns referentes permanentes que tentarán acadarse a través do seu desenvolvemento sistemático e continuo en cursos sucesivos. Estes fóronse acadando en maior ou menor medida segundo a complexidade que cada un deles leva consigo.

##### 7.1.1.) EN CANTO AO PROFESORADO:

1. Potenciamos o valor do funcionamento en grupo para que a coordinación metodolóxica, didáctica e organizativa entre Equipos de traballo, Ciclos e Niveis sexa unha norma de traballo pedagóxico no Centro.

Ao longo do curso reuníronse os distintos equipos docentes, as Comisións... especialmente para deseñar as programacións das actividades dos Ciclos, a revisión das programacións didácticas no tempo do confinamento, as sesións de avaliación presenciais e online, os reforzos educativos e os grupos de apoio e outras actividades comúns a todo o colexio: celebracións...

2. Facilitouse a formación do profesorado permitindo sen ningunha restrición a asistencia a cursos de formación, licenzas por estudos, xornadas...
3. Polo que respecta á acción titorial, seguiremos desenvolvendo as actuacións que se propoñen no Plan de Acción Titorial e continuaremos na busca de fórmulas que permitan facela máis efectiva.
4. Por último, sinalar que se mantivo informado ao profesorado das novidades que foron saíndo relacionadas coa normativa educativa de interese, actividades de formación...

##### 7.1.2.) EN CANTO AO ALUMNADO:



1. Fomentouse a participación do alumnado e a súa responsabilidade:
  - No coidado, limpeza, mantemento e utilización racional de todos os recursos relacionados co centro e con eles mesmos, a través de actividades realizadas tanto con motivo de celebracións concretas como co traballo diario nas aulas sobre os contidos transversais.
  - Na colaboración nas actividades da biblioteca escolar e nas actividades extraescolares: montaxe de exposicións, traballos para murais, festivais....
  - Procurouse sempre manter unha convivencia baseada no respecto mutuo e no cumprimento das normas.
2. Insistiuse dende as titorías na necesidade de acadar hábitos de estudo e traballo, así como un achegamento á lectura como un medio recreativo e instrutivo. Pretendemos seguir traballando nesta liña, tanto cos propios alumnos coma coas familias, para lograr a súa colaboración fundamental neste aspecto.
3. Aparte das actuacións de cada profesor/a titor/a na súa clase, nas sesións de avaliación analizáronse outros aspectos ademais dos puramente académicos para incrementar o coñecemento do/a alumno/a por parte dos mestres.
4. A participación dos alumnos noutros estamentos da Comunidade Escolar e con aspectos relacionados coa tarefa educativa limitáronse máis ben ao ámbito da clase (delegados/as...).
5. Mantívoise informado ao alumnado, sobre todo aos alumnos de sexto, de aspectos relacionados coa súa escolarización ao remate da etapa de Primaria. O alumnado de 6º de E.P. fixo unha visita ao IES de Cacheiras.

#### 7.1.3.) EN CANTO ÁS FAMILIAS:

1. Convocáronse reunións de grupo cos pais dos alumnos por niveis coa fin de fomentar o achegamento da escola á familia e viceversa a principios de curso, nas que o/a titor/a lles explicou o organigrama e o funcionamento do centro



así como unha exposición xeral dos seus obxectivos e da metodoloxía de traballo a desenvolver na clase.

Ao longo do curso, os titores e as titoras recibiron individualmente aos pais que o solicitaron ou que foron convocados por eles/elas.

2. Seguimos a manter unha estreita colaboración coa A.N.P.A., tanto na organización de actividades como no estudo de necesidades do centro.
3. Ademais no centro levouse a cabo unha reunión informativa impartida polos membros do equipo directivo e o xefe do D.O. do IES de Cacheiras para as familias do alumnado de 6º, informando de todos aqueles aspectos relevantes de cara á nova escolarización.

#### 7.1.4.) MEMORIA DA ANPA "RIO TELLA":

A continuación detallamos as principais accións, actividades, reunións... desenvolvidas dende a ANPA RIO TELLA ao longo do presente curso 23-24:

- Relacións co Concello, con reunións e propostas destinadas a mellorar o día a día no centro:
  - Solicitudes de mellora:
    - Reforzar a limpeza do centro, especialmente dos baños do patio e do pavillón.
    - Arranxos nos baños do patio: cambios de portas e reparación de urinarios
    - Substitución dos botiquíns.
    - Reparación e mellora mo mobiliario do patio: columpios, tobogáns, porterías...
    - Reparación do firme do aparcamento de autobuses
    - Reparación do muro de peche
    - Reparación da estrutura metálica anexa aos baños.
    - Limpeza e melloras no teito do patio cuberto para que non filtre a auga



- Reparación dos marcos das ventás do edificio anexo onde se sitúa a Biblioteca, Salón de Actos...

Ademais destas melloras, en sucesivas charlas e reunións coa Concelleira de Educación e a Alcaldesa solicitouse:

- Cambio do paso de peóns para situalo fronte ao acceso principal ao centro
- Ampliación e mellora da zona de aparcamento para familias
- Solicitud para a cobertura da baixa en Conserxería
- Propostas formativas para desenvolver conxuntamente co centro e dirixidas a todas as comunidades educativas dos centros de Teo
- Reclamación ante a Xefatura Territorial de Educación de A Coruña e ante o Servizo de Transporte e Comedores Escolares de A Coruña polos incumprimento de contrato reiterados da empresa Monbus. Presentada ante a Xunta e comunicada ao Concello. Sen resolución
- E-DIXGAL
  - Redacción do manifesto e recollida de sinaturas
  - Reunións co equipo de directivo para comunicar as preocupación das familias e atopar puntos de encontro. Publicamos as conclusións tiradas destas reunións no blog da ANPA
  - Redacción dunha proposta de CONSELLOS PARA BO USO publicada no blog da ANPA
  - Presentación ante a Valedora do Pobo dun escrito de queixa solicitando a retirada do E-Dixgal e detallando todos os prexuízos que causa na aprendizaxe e saudable desenvolvemento de nenos e nenas.
  - Á espera de que os responsables TIC do CEIP redacten unha guía de uso para as familias e que se mellore a información sobre o entorno EDIXGAL na web do centro.
- Actividades extraescolares: Baile Urbano, Teatro, Ximnasia Rítmica, Judo...
  - Consultas previas ás familias para definir as preferencias sobre as actividades





CEIP Plurilingüe da Ramallosa

- Deseño do calendario de actividades extraescolares en base aos datos recollidos
- Xestión de usuarios.
- Intermediación entre as familias e as empresas que prestan os servizos.
- Nexo de comunicación entre familias, centro e actividades extraescolares.
- Xestión do pago da aplicación Snappet do alumnado de 3º e 4º e das facturas do mesmo.
- Finanzamento da Graduación do alumnado de Infantil
- Agasallo Graduación alumnado de 6º
- Coordinación co CEIPP para a participación no XXVII Certame Intercentros do grupo de Teatro "Os troleiros" creado no marco da actividade extraescolar que se imparte no CEIPP.
- Participación na Mesa Local da Infancia e Adolescencia (CLIA)
- Negociación coas empresas colaboradoras para descontos ás familais socias
- Atención personalizada ás familias que solicitaron a nosa axuda.
- Difusión de información de interese a través das RRSS.

7.1.5.) EN CANTO Á CONTORNA:

- Facilitouse o intercambio de información entre o profesorado e outras entidades de apoio ao Centro: Concello, Centro de formación (CAFI), Consellería... na medida en que se nos demandou.
- Interesámonos por alumnos con posibles carencias no ámbito familiar e social e buscáronse alternativas para tratar de emendalas na medida das nosas posibilidades dende o propio centro e a través doutros organismos alleos (como a colaboración coa traballadora social do Concello) axudando nos procesos de solicitude de becas, subvencións para saídas educativas...
- Establecéronse relacións e coordinacións con outros centros educativos do contorno: sobre todo cos C.E.I.P. (intercambio de información sobre proxectos de formación, alumnado...), co I.E.S. de Cacheiras.

- Colaboramos co Concello de Teo facilitándolle o uso das nosas instalacións para realizaren actividades de campamentos de períodos de vacacións (Diverteo)

#### 7.1.6.) EN CANTO Á ADMINISTRACIÓN E RECURSOS:

Estableceuse unha relación permanente coa Concellería de Educación do Concello de Teo establecéronse as seguintes accións:

- Contactos periódicos entre o departamento de educación do Concello.
- Colaboración con este departamento para o desenvolvemento de obradoiros para o alumnado de cuarto e quinto de primaria (igualdade e autoestima respectivamente).
- Reunión da Concelleira de Educación e a coordinadora de actividades extraescolares do centro para comunicarlle o programa de actividades educativas propostas para o curso escolar.

## 7.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.

A continuación transcríbense as memorias dos órganos de coordinación docente tal e como foron confeccionadas polos distintos Equipos de Profesores que os integran de maneira autónoma e independente, polo que cando hai actuacións nas que están implicados varios equipos, estas poden aparecer varias veces ao longo do documento.

### 7.2.1.) EQUIPOS DOCENTES:

#### a) Educación Infantil:

O equipo de ciclo de educación infantil constituíuse no primeiro claustro celebrado o día 4 de setembro de 2023, con 4 unidades. Os membros que o integraron son os que a continuación se citan:

Dna. M<sup>a</sup> Paz Castillo González (titora de 4º)

Dna. Patricia Antas Ramos (titora de 5ºA)

Dna. Mónica Seoane Maseda (titora de 5º B e coordinadora de ciclo)

**CEIP Plurilingüe da Ramallosa**

Dna. Berena Fontela Turnes (titora de 6º)

Dna. María Luísa Álvarez Garea (mestra de apoio).

Dna. Alba Botana Iglesias (especialista en A.L.)

Don Óscar Suárez Carbia (especialista de Educación musical).

Dna. Isabel Gómez Iglesias (especialista de Lingua inglesa).

Do 29 de xaneiro ata final de curso, a mestra de apoio, ante unha baixa por enfermidade, foi substituída por Dna. Patricia Castro Patao.

Deste xeito o segundo ciclo de Educación Infantil estivo estruturado en catro unidades repartidas do seguinte xeito:

Unha aula con 24 nenos e nenas de 4º nivel

Dúas aulas con 29 crianzas de 5º nivel; unha con 14 nenos e nenas (A) e outra con 15 (B).

Un aula con 23 nenas e nenos en 6º.

Ao inicio do curso, a aula de 3 anos, como era alumnado de novo ingreso, desenvolveron nos cinco primeiros días lectivos o período de adaptación, dende o 11 ata o 15 de setembro. A organización das quendas de asistencia de cada crianza foi comunicada por correo a todas as familias antes do inicio do curso escolar. A escolarización foi progresiva en duración de tempo de permanencia no centro e por pequenos grupos para que se fosen adaptando ao novo espazo e @s compañeir@s.

A mestra de **apoi** utilizou de novo, o Salón de actos, no edificio anexo, para o desenvolvemento do Obradoiro de Educación Visual e Plástica e a **biblioteca** escolar para o Obradoiro de Animación á lectura e para as sesións de Alternativa co alumnado das catro aulas.

Pola súa parte, as catro titoras empregaron o ximnasio en cadansúa sesión semanal para impartir psicomotricidade. O especialista de **Educación Musical**, impartiu unha sesión á semana con cada grupo na súa aula específica. A especialista de **Lingua**

**Inglesa** levou a cabo a súa sesión semanal nas aulas das titorías, así como tamén o especialista de **Relixión Católica**.

Durante os recreos, nos días de bo tempo, utilizouse a zona descuberta de parque con areeiro e incorporáronse unhas mesas que serviran de soporte para merendar e tamén de xogo por parte das crianzas e dispónse tamén dun pequeno espazo adicado a plantación. Mentres, nos días de chuvia, o ciclo de infantil usaba o patio cuberto. Ámbolos dous espazos contaban con xoguetes e xogos específicos para que os nenos e nenas puidesen gozar do tempo de lecer de forma lúdica, dinámica e compartido.

Considérase moi importante manter unha estreita colaboración da escola coas familias, polo que, no primeiro trimestre, celebráronse **reunións grupais** por titorías para explicar a dinámica e metodoloxía que cada mestra ía empregar na súa práctica. Ditas xuntanzas foron levadas a cabo no mes de setembro; o día 12 para as familias do alumnado de 4º nivel, mentres que o martes 19 foi a quenda para os grupos de 5º e 6º nivel. Pola súa parte, a titora de 4º nivel, empregou moitas horas de titorías dos martes, no 1º trimestre, para ter un encontro individual coas familias das crianzas de novo ingreso e coñecer un pouco das súas realidades e necesidades.

Durante este ano dúas crianzas de 6º E.I., recibiron apoio das especialistas en **Audición e Linguaxe**, cunha 1/2 sesión semanal ámbolos dous. Tamén un neno diagnosticado, de TEA, en 5º EI, recibiu o apoio de A.L. durante tres sesións fóra da aula, mentras que por parte da especialista de **Pedagogía Terapéutica** recibiu cinco sesións, dúas dentro da aula ordinaria e tres fóra da mesma. En tódolos casos con evolución positiva.

Ademais algunhas das crianzas anteriores e outras asisten fóra do centro á Unidade de Atención Temperá do concello, para estimular o seu retraso na linguaxe. Concretamente asisten á AL; un neno de 6ºEI, dúas nenas de 5º EI e unha nena de 4ºEI. Tamén sinalar que outra nena de 5º acude a un gabinete psicopedagóxico por iniciativa propia da familia.



Cabe reseñar que neste curso fixéronse apoios en aula entre as propias titoras do ciclo; entre as dúas titoras de 5º nivel, entre a de 4º e 6º nivel, así como tamén por parte da mestra de apoio, co obxectivo de dar unha mellora atención e axuda para co alumnado que mostra máis dificultades.

O alumnado de Educación Infantil acadou satisfactoriamente os **obxectivos xerais** do curso, en cada un dos niveis, polo que todas as crianzas promocionaron.

A **avaliación** dos alumnos e das alumnas de Educación Infantil contemplou tanto a avaliación inicial como a formativa e sumativa, mediante a observación directa e sistemática de cada neno/a por parte das súas titoras e d@s especialistas que lles deron clase, consensuando os resultados nas reunións de avaliación trimestrais que se desenvolveron ao longo do curso escolar.

Realizando unha valoración global en cada grupo aula neste curso, todos tiveron un desenvolvemento acorde á idade e á súa madurez evolutiva, atendendo ás necesidades e características individuais.

Respecto da **programación didáctica**, que se realizou na aplicación Proens, o profesorado de infantil, valora que é un formato que non é útil para esta etapa. Púidese comprobar que xerou unha cantidade de items avaliativos en cada trimestre que eran desproporcionados, isto supuxo que houbo que crear un documento avaliativo adaptado a cada nivel no 1º trimestre, aspecto que posteriormente xa se subsanou dende a Consellería de Educación, podendo escoller aqueles que cada nivel considerase oportunos na 2ª e 3ª avaliación, pero aínda así son moi xenéricos e pouco significativos.

**Metodoloxicamente**, e procurando aproximarse e ter en conta as indicacións que aparecen no currículo de E.I, organizouse o traballo docente a partir de **proxectos de traballo e/ou secuencias didácticas**, procurando fomentar o desenvolvemento das capacidades de autonomía persoal, emocionais, cognitivas, sociais, lingüísticas, de relación interpersoal, partindo dos seus intereses e motivacións nun proceso de ensino-aprendizaxe compartido. Ademais permítelle poñer en relación as distintas áreas e linguaxes, producíndose unha auténtica aprendizaxe significativa. Destacar que no 5º

nivel estiveron traballando sobre "*o Universo*" e "*a horta*" e no 6º nivel arredor do centro de interese "*os animais*", entre outras propostas.

No Obradoiro de **Educación Plástica**. Nos catro cursos as sesións semanais foron de dúas sesións consecutivas. A través do traballo coa linguaxe plástica pretendíase favorecer a sensibilidade estética, a apreciación e a manifestación creativa nas nenas e nos nenos a partir de contidos que se refiran á capacidade creativa para comunicar, representar e expresar a realidade.

O obradoiro de **Animación á lectura**. Cunha sesión semanal con cada unha das catro aulas, co obxectivo de garantir unha presenza cotiá da lectura no contexto escolar e o fomentar o contacto con recursos bibliográficos como fonte de información e de pracer. Fixéronse distintas actividades onde os nenos e nenas participaban como usuarios, facendo lectura libre e respectando as normas de funcionamento dunha biblioteca e como receptores, escoitando e analizando distintos tipo de texto e as súas propiedades.

Todos os cursos participaron no Proxecto de Centro de ***Aulas Musicais***, no que cada aula elixiu un artista ou grupo galego para apadriñar a súa aula, así como noutras actividades relacionadas con esta temática. Os padriños- madriñas elixidos foron:

- aula de 4º nivel: Malvela
- aula de 5º A: a Gramola Gominola (foi o grupo que pechou o programa 21 días co galego e + e compartiu algún momento coas crianzas desta aula)
- aula de 5º B: Uxía Lambona e a Banda Molona (2 compoñentes visitaron durante unha mañá a aula apadriñada e tamén compartiron algún momento coas crianzas das outras aulas de infantil. A canción "*Máis galego*" desta banda foi coa que inauguramos o programa 21 días co galego e +)
- aula de 6º : Paula Romero (recibiu a visita da madriña)

Outra proposta anual que se presentou dende bibliotecas para traballar libremente neste curso foi a ***banda deseñada***, aínda que so o grupo de 5º B de infantil,

traballou este texto literario e participou cunha historia no concurso que se propuxo como produto final.

Tamén participaron en propostas levadas a cabo polo ***Comando Verde***, como foi a plantación de verduras e as brigadas de limpeza do patio.

As **actividades** realizadas, ao longo do curso, sobre estas temáticas e outras moitas, poden visualizarse nos blogs correspondentes. A continuación se resumen as xerais levadas a cabo no ciclo:

- Plantación e coidado de hortalizas e flores en bancais, maceteiros, xardineiras e no invernadoiro que se montou neste curso. Foron propostas do comando Verde, que este curso participou no programa Escola Verde, dentro do Plan Proxecta e en colaboración con Mans Unidas co proxecto “fame cero”. Neste senso, 5º e 6º nivel tiveron un contacontos por parte desta asociación, sobre a temática do horto, tratando de fomentar nas crianzas o recoñecemento e respecto das persoas que fan posible que a comida chegue ós nosos platos e todo o percorrido dende a súa plantación, así como valorar a importancia de todas as verduras e froitas para a nosa saúde e mellor dos produtos de proximidade.
- Plantación de castiñeiros e árbores froiteiras coa axuda dos Axentes Forestais e os bombeiros do concello. Todas as crianzas gozaron desta fermosa actividade permitindo descubrir o traballo destes profesionais, coñecendo as partes dunha árbore, participando no proceso de plantación e regadío, puideron observar as partes dun camión de bombeiros e probar os cascos de protección,...
- Concienciación de reciclar, reutilizar e reducir, contribuíndo á consecución dos obxectivos da ODS 2030: participación das brigadas de limpeza do patio escolar, de xeito rotativo, igual cos demais cursos de primaria, e ademais do uso de papeleiras distintas segundo o tipo de lixo.
- Saídas á contorna próxima natural en varias ocasións: por parte das aulas para levar a cabo actividades deseñadas coma recollida de lixo, observación e análise



de elementos da contorna segundo as estacións, visita ao río Tella. Fundamentalmente estas actividades desenvolvéronse na Carballeira a carón da escola.

Asistencia á actuación de Títeres na alameda en Santiago, polo festival de Galicreques, para gozar da actuación "Selkie, a lenda do mar do norte" de Luis Vallecillo (Galiza)

- Elaboración dunha instalación artística utilizando materiais de refugallo, por parte do obradoiro de arte para conmemorar a Día contra a Violencia de Xénero. Tamén nunha aula de 5º nivel gozaron doutras dúas instalacións ao longo do curso; unha con recursos de outono e outra con xornais, rulos e cinta de carroceiro.
- Participación, dende o obradoiro de arte, de todas as crianzas do ciclo, no concurso de arte realizado polo museo Granell que tivo como temática "os xoguetes".
- Conmemoración do día da Paz elaborando unha pomba decorada con retais no obradoiro de arte, e deseño do símbolo recheado coas mans de cores estampadas polas crianzas e palabras positivas relacionadas con valores.
- Realización de obradoiros internivel planificados na 5ª sesión dos venres, durante abril-maio. Foron 5 obradoiros polos que ían rotando cada grupo de crianzas de 3, 4 e 5 anos misturados, ao longo de cinco venres, para que todas as crianzas puidesen desfrutalos todos. As temáticas elixidas nos obradoiros foron:
  - Costura (deseñado por Patricia)
  - Experimentos (deseñado por Mónica)- crear un volcán e inflado dun globo
  - Manipulación sensorial (deseñado por Berena)
  - Manualidades (deseñado por Paz)



- Experimentación con pompas de xabón (deseñado por Patri). Neste caso ofrecíase paralelamente un taller de motricidade con escalada, circuítos,.. (por Vanesa - mestra en prácticas)

Cada obradoiro foi deseñado e atendido por cada titora e a mestra de apoio, polo que leváronse a cabo nas aulas e no salón de actos, agás en dúas ocasións, que tiveron que desenvolverse no ximnasio (pompas e motricidade)

Tras realizar unha valoración por parte das crianzas, todos lles gustaron en maior ou menor medida, aínda que os máis votados foron os de experimentos, motricidade (escalada), manipulación sensorial e algúns costura. Tamén saíron novas propostas para levar a cabo no vindeiro curso: taller mecánico, creacións en papel grande, papiroflexia, rachado de papel, dinosaurios,..

Como proposta de mellora, acordouse comezar no 2º trimestre para ter máis tempo e poder ofrecer máis días de obradoiros, e valorar a continuidade dalgún, atendendo á temática que permita ter continuidade de aprendizaxe polas crianzas.

- Proxecto *contacomigo*, no que se convida ás familias a participar, asisitindo ás aulas a contar un conto ou levar a cabo algunha outra actividade. O obxectivo é fomentar a interacción e colaboración entre familia e escola, sendo os dous ámbitos de socialización das crianzas.
- Préstamo de contos cada venres (mercados polas crianzas que se intercambian e logo se devolven) e tamén da mochila viaxeira que viaxa durante unha semana á casa de cada crianza con diferentes fondos (música, contos, poesía, libros de manualidades e de consulta)
- Contacontos musicais "*buscando a Rosalía*" por Luis Vallecillo, para o ciclo de infantil, con 2 sesións, como agasallo do Consorcio editorial, con motivo do gasto realizado en fondos mercados para a biblioteca do centro.



- Excursión final realizada o 11 de Xuño á Granxa-escola Fervenza da Toxa (Silleda), con moi boa aceptación por parte das crianzas, á que todo o ciclo asistiu. Tivo un custo de 40€ (29 entrada con comida+ 11 bus)

Ademais as catro aulas de Educación Infantil participaron e colaboraron en todas as **actividades, celebracións e conmemoracións** organizadas no Centro, que tan so se mencionan a continuación, porque se poden visualizar na memoria de EACE, normalización lingüística ou biblioteca.

- **O Samaín** – as crianzas trouxeron e degustaron merendas con temática de medo
- **O Magosto / día contra a Violencia de Xénero** (exposición de murais contra violencia machista na música) / **O Nadal** (postais persoais para felicitar ás familias e para o concurso do concello) / **Día de Rosalía de Castro / o día do libro e da poesía** (apadriñamento lector e marcapáxinas compartidos) / **o día das letras galegas con M<sup>a</sup> Luisa Villalta** (xogos tradicionais por grupos internivel, xantar compartido nas aulas)
- Proxecto **"21 días co galego e +"**- comentar que, para participar neste proxecto dende o ciclo de infantil, catro crianzas de 5º nivel, prepararon e gravaron un pequeno concurso chamado "teofalantes" no que daban pistas para adiviñar instrumentos tradicionais populares.
- **Entroido. Gala de Entroido "os musicais"**; o ciclo de infantil, disfrazouse do musical do Rei León, poñendo en escena unha coreografía por niveis usando pezas musicais das películas.
- No día do **medio ambiente**, o 5 de xuño, un grupo de crianzas de 5º nivel, saíu á contorna do centro e á carballeira como brigada de limpeza, recoller lixo, como acto e símbolo de preocupación polo noso planeta, que pide a nosa axuda, e quixeron aportar o seu gran de area.
- Día 17 de xuño, visita dos Bolechas e presentación dun novo libro.





- Día 19 de xuño, acto de graduación das crianzas de 6º nivel, que fixeron unha actuación musical ante as súas familias e logo compartiron unha merenda e sorpresas.
- Día 21 de xuño, festa da escuma e colchonetas como colofón de fin de curso.

### **b) 1º Ciclo de Educación Primaria**

O equipo docente dos niveis de 1º e 2º de EP estivo formado por dúas titoras de 1º, dúas titoras de 2º, polo especialista de Educación Física, polo mestre de Relixión e a Orientadora do centro.

Logo da adscrición correspondente, o profesorado foise integrando nos diferentes grupos de traballo: EACE, EDLG, TIC, Biblioteca.

As reunións de ciclo tiveron lugar os primeiros martes de cada mes.

-Coordinación da acción tutorial.

Revisáronse os obxectivos mínimos e realizáronse as adecuacións das programacións seguindo as suxestións da inspección.

- A principio de curso programáronse as reunións coas familias.
- Fíxose unha avaliación inicial para detectar aquel alumnado que necesitaría reforzo durante o curso por parte do equipo de Orientación.
- Durante este curso programáronse saídas e actividades.

Entre as que están: Saída a Santiago e zona vella, Auditorio de Galicia, Gadis Cachairas, excursión de fin de curso...

Tamén se levaron a cabo diferentes actividades a nivel de centro relativas a conmemoracións.

Participouse con asiduidade nos eventos de centro ao longo do curso en datas moi sinaladas:

- Actividades propostas relacionadas co "Proxecto 21 días en galego".
- Proxecto "Aulas musicais".



Actividades na radio escolar.

• Magosto e Samaín: asáronse castañas, repartíronse entre o alumnado e cantáronse cancións relacionadas coa festividade. En relación ao Samaín, o alumnado veu ao centro disfrazado das personaxes típicas dese día.

• Día Internacional contra a Violencia de Xénero: "Blues da convivencia".

• Nadal: Celebrouse unha Gala Charramangueira.

• Día da Paz: realizáronse murais a nivel de aula e cantáronse diversas cancións en conmemoración dese día.

• Entroido: este ano estivo relacionado cos musicais. Disfrazámonos do musical de "Piratas do Caribe" e Aladín". Organizouse un festival no polideportivo.

• Día do Libro e da poesía: traballáronse diferentes textos da aula, contos. Tamén se levou a cabo o apadriñamento lector no patio, o marcapáxinas e "libro agasallo".

• A conmemoración das Letras Galegas: realizáronse xogos populares no pavillón. Algúns destes xogos foron: as chapas, a rá, o tres en raia...Tamén houbo música tradicional galega no salón de actos.

Para rematar xantamos todos xuntos no comedor.

• Destacamos o proxecto "Escola Verde", con actividades de plantación nos bancais e no invernadoiro, recollida de residuos orgánicos para o composteiro e plantación de árbores frutais no patio do colexio.

Avaliación.

Fíxose unha sesión de avaliación inicial ao inicio de curso. Unha sesión de avaliación ao remate do primeiro trimestre, unha segunda ao rematar o segundo trimestre e ao final de curso a sesión da terceira avaliación e a ordinaria.

En 1º curso promociona a totalidade dos 30 alumn@s.

En 2º curso promocionan 36 [alumn@s](#).

Deses 36 hai alumnado que non acadan os obxectivos mínimos nalgunha das áreas. Posiblemente un alumno e dúas alumnas non promocionen, porque non acadan os obxectivos mínimos do nivel.

NEAE: Houbo reforzos educativos e traballo individualizado coa axuda dos docentes de AL e PT.

En primeiro acudiron a sesións de AL 7 alumnos e alumnas, dos cales 3 recibiron a alta ao finalizar o primeiro trimestre.

En segundo acudiron 9 alumn@s a AL e 2 a PT.

### **c) 2º Ciclo de Educación Primaria:**

O equipo de ciclo estivo composto polos seguintes membros:

3º A: María Carmen Álvarez Garea.

3º B: Manuel Valiño Ron.

4º A: Celso Manuel Fernández Valcárcel.

4º B: Mª Jesús Mateos Macías (está de baixa). Sustituto: Daniel Fernández Ferreiro

4º C: Mª Carmen Midón López.

María Pais Pozon (está de baixa) (Esp. Inglés). Sustituto: Brais Romero Gómez.

Marta Iglesias Cardeso (P.T)

Ana Isabel Costa Piñeiro (A.L.)

Ana Lidia Cambeiro Romero (PROA)

Coordinadora: Marta Iglesias Cardeso (PT)

Os integrantes do equipo fóronse integrando nos diferentes grupos de traballo (EACE, EDLG, TIC e Biblioteca).

As reunións de ciclo desenvolvéronse os primeiros martes de cada mes con regularidade de 5 a 6 da tarde.

**Coordinación titorial desempeñada pola coordinadora de Ciclo.**



- Revisáronse os obxectivos mínimos e tamén as programacións seguindo as directrices da inspección.
- Supervisáronse as programacións de aula na aplicación PROENS.
- Fíxose unha avaliación inicial para detectar aquel alumnado que necesitaría reforzo durante o curso por parte do equipo de Orientación.
- Leváronse a cabo reunións presenciais grupais coas familias no inicio do curso, así coma titorías presenciais.
- Durante todo o curso, as aulas de 4º, 5º e 6º contaron cunha profesora de apoio dentro programa PROA+.
- Recordamos o funcionamento coa ferramenta Snappet. Recibimos ademais asesoramento e aclaración de dúbidas por parte dunha especialista na ferramenta.
- Con respecto a esta ferramenta de aprendizaxe, o equipo decidiu non continuar con esta ferramenta para o vindeiro curso.

### **Actividades desenvoltas**

Participouse de maneira presencial na celebración de todos os eventos, conmemoracións e proxectos que se desenvolven no centro:

- Festas tradicionais como Magosto e Samaín, Nadal, Entroido, Festa das Letras Galegas e fin de curso.
- Día Internacional contra a violencia de xénero
- Día da paz
- Día de Rosalía
- Día do libro e da poesía
- Proxecta+: participación activa nos programas Escola Verde, Horto escolar, ParloTeo, Proxecto didáctico aulas musicais. Certame "Cóntame un conto".
- Actividades complementarias: visita ao centro de María Canosa (contacontos para 3º e 4º). Obradoiro sobre instrumentos tradicionais impartido por Pablo

Seoane para todo o ciclo. Contos con caxoto 3º e 4º. Charlas de igualdade 4º de EP. obradoiro ilustrar un cómic xulia Pisón 4º de EP. Plantando árbores con pinceis 4º de EP.

- Saídas: Auditorio: "Pulcinela e a máscara máxica" 3º de primaria, visita á Coruña (Domus e casa das ciencias) 4º de EP, Museo de Historia Natural 3º EP. Teatro Abanca "Hugo". Obradoiro de consumo responsable (Mans Unidas) 4º de EP, Plantación de árbores no Pedroso 4º de EP. O alumnado de 3º e 4º curso asistiu no teatro Principal á gala final do certame "Cóntame un conto". Excursións de fin de curso o 4 de xuño: no caso de 3º foi a Cortegada e Vilagarcía, no de 4º á Illa de Ons.

### **Avaliacións**

Este ano desenvolveuse para o alumnado de 4º as avaliacións de diagnóstico os días 10 e 11 de abril.

As correspondentes sesións de avaliación trimestrais, tiveron lugar:

- Avaliación inicial: 3 de outubro: EI e 1º ciclo. 10 de outubro 2º e 3º ciclo.

-1ª avaliación: 12 de decembro: EI, 13 de decembro: 1º ciclo, 18 de decembro: 2º ciclo e 19 de decembro: 3º ciclo.

-2ª avaliación: 12 de marzo: 1º ciclo, 13 de marzo: EI, 19 de marzo: 2º ciclo e 20 de marzo: 3º ciclo.

-3ª avaliación e final: 24 de xuño: 4º de EP e 3º ciclo, 25 de xuño: EI, 1º ciclo e 3º de EP.

Nelas abordáronse aspectos relacionados coa marcha xeral das aulas e os casos específicos de alumnado con dificultades, así como as medidas docentes a adoptar.

Houbo alumnos-as que tiveron apoios necesarios do profesorado de AL e PT dentro e fóra da aula, de maneira individual ou grupal, en función das necesidades de cada caso.

Neste curso promociona todo o alumnado de 4º de EP incluídos tres alumnos que repetiron curso (dous deles porque superaron os obxectivos e un deles con adaptación curricular que promociona por impertivo legal).

### **d) 3º Ciclo de Educación Primaria:**

O equipo docente dos niveis de 5º e 6º de Educación Primaria neste curso 2023-24 estivo formado por seis titorías (tres aulas de 5º e tres aulas de 6º) con seis titores; dúas mestras especialistas en Lingua Inglesa; un mestre especialista en E.Musical; dous mestres especialistas en E.F; unha mestra especialista en AL; un mestre de relixión; e dous mestres especialistas de PT. Ademais este ano como o anterior, contamos coa axuda dunha mestra a tempo parcial pertencente ao programa PROA+.

Profesorado que incidiu nas aulas de Terceiro Ciclo:

Titor de 5ºA: Celso Fernández Arias

Titora de 5ºB: Laura García Díaz

Titora de 5ºC: Mercedes Buján Miras

Titora de 6ºA: Mª Cruz Otero Liste

Titora de 6ºB: M.ª Jesús Llecha Galiñanes

Titora de 6ºC: Noelia Fernández Bernardo (subst. de M.ª Montserrat Viqueira Campos (subst. de José Francisco Nanín Castro)

Esp. Inglés: Janet Flores García

Esp. Inglés: Isabel Gómez Iglesias

Esp. Ed. Física: Rafael Vilar Seoane

Esp. Ed. Física: Pablo Campos

Esp. Música: Óscar Suárez Carbia

Relixión: Francisco Javier Salgado Couselo

PROA+: Ana Lidia Cambeiro Romero

Esp. PT: Marta Iglesias Cardeso

Esp. PT: José J. Eiras Sánchez (coord.)

Mestres adscritos ao Terceiro Ciclo de Primaria:

Titor de 5ºA: Celso Fernández Arias

Titora de 5ºB: Laura García Díaz



Titora de 5ºC: Mercedes Buján Miras

Titora de 6ºA: Mª Cruz Otero Liste

Titora de 6ºB: M.ª Jesús Llecha Galiñanes

Titora de 6ºC: Noelia Fernández Bernardo (subst. de M.ª Montserrat Viqueira Campos (subst. de José Francisco Nanín Castro)

Esp. Inglés: Janet Flores García

Esp. Ed. Física: Rafael Vilar Seoane

Esp. PT: José J. Eiras Sánchez (coord.)

Todos estes membros repartíronse nos diferentes equipos e grupos de traballo do centro (EACE, EDLG, TICs e BIBLIOTECA) para que en cada un houbera, como mínimo, un representante do noso ciclo, quedando distribuído do seguinte xeito:

No EDLG participará o/a substituto/a de Fran, Cruz e Laura; en A EACE José e Chus Llecha; en Biblioteca Celso e Mercedes; e en TICs, tódolos membros.

### **COORDINACIÓN NA ACCIÓN TITORIAL.**

Ao longo do curso, realizáronse diversas actuacións entre as que destacamos:

- Revisáronse os obxectivos da PXA para o curso actual.
- Actualizáronse e revisaron as programacións, realizándose por primeira vez a través da aplicación PROENS nos sextos.
- Revisión e actualización do acceso a internet na casa do alumnado.
- Recibimos información sobre o Plan Dixital de Centro e obxectivos propostos de cara ao curso. Entre outros a realización dun Plan de Formación en Centros.
- Quedou constancia do alumnado que ao longo do curso debían recibir apoio cos especialistas de PT, PROA+ e AL, os que precisaban de reforzos educativos ou apoios nas aulas por parte do propio titor/a.
- Realizáronse as diferentes sesións de avaliación reunido todo o profesorado implicado no proceso educativo do noso alumnado.

- Celebrouse polo menos unha reunión de Ciclo por mes para tratar temas relacionados coa coordinación entre niveis, ciclos, centro e o resto de comisións.
- O 29, 30 e 31 de maio realizouse a acampada no camping “A paisaxe II” de O Grove co alumnado de sexto; e o 31 de maio a excursión ás Illas Cíes por parte do alumnado de quinto. Ambas actividades resultaron ser experiencias moi positivas, divertidas e ben organizadas polas empresas contratadas.
- O contacto coas familias foi positivo, priorizando as titorías presenciais fronte as virtuais e telefónicas, en horario de tarde dos martes de 16h a 17h e tamén outros horarios por conciliación laboral e temas urxentes. O uso de Abalar axilizou as notas informativas e as comunicacións máis directas e rápidas, así como na xestión das citas de titorías.
- Intentouse fomentar hábitos de lectura e participamos no Proxecto Lector do centro promovendo diferentes actividades de animación á lectura no noso ciclo como: “hora de ler”, o cómic, a prensa, actividades coa poesía, creación de contos, lecturas interactivas e contos interactivos no ordenador.

### **ACTIVIDADES DESENVOLTAS.**

O alumnado do 3º ciclo participou nas diferentes actividades programadas na **Programación Xeral Anual** do centro e nas actividades que foron xurdindo ao longo do curso escolar e que xa se recollen nos apartados correspondentes desta Memoria Anual.

### **SAÍDAS E OUTRAS ACTIVIDADES DIDÁCTICAS.**

Ao longo do curso puideron realizarse diferentes actividades:

- **Obradoiros de Autoestima e Igualdade** así como diversas actividades propostas e organizadas dende o **Concello** e o **Departamento de Orientación**.
- A **visita ao IES de Cacheiras** por parte do alumnado e profesorado de sexto realizouse o **6 de xuño**. Os desprazamentos fixéronse camiñando. O Instituto organiza tamén unha **reunión informativa** para os pais do alumnado de sexto o 11 de xuño no salón de actos do noso colexio..



- Os **quintos** realizaron unha excursión de **Fin de Curso** ás Illas Cíes o día **31 de maio**. A experiencia foi positiva, con guía de monitores e un refrescante chapuzón e xeados antes de dar a volta.
- **“Acampada”**: Fíxose a “acampada” de **despedida de Etapa** do alumnado de sexto, disfrutando de tres días no **Camping Paisaxe II do Grove**, os días **29, 30 e 31 de maio**. A experiencia, como os anos pasados, foi moi positiva a todos os niveis de organización, limpeza, atención dos nenos, e por todo isto, propónse como moi boa opción de cara á actividade do ano que vén. Convén facer a reserva no primeiro trimestre ante a grande demanda de solicitudes para campamentos que vai en aumento.

### **AVALIACIÓNS.**

1. 1ª Avaliación: 19 de decembro 16h.
2. 2ª Avaliación: 20 de marzo 16h.
3. 3ª Avaliación: 25 de xuño.

Os membros do equipo de ciclo coordináronse para levar a cabo as diferentes tarefas e actividades propostas polo propio equipo ou dos diferentes equipos e proxectos que se foron realizando no Centro.

Entre as medidas de atención á diversidade sinalar que algúns nenos recibiron reforzo por parte dos titores e mestres que impartían as diferentes áreas, e outros nenos/as traballaron de xeito máis específico cos mestres de AL e PT. Salientar que este ano puidemos disfrutar dunha mestra de apoio durante o curso completo en horario lectivo, pertencente ao programa PROA+. Este proxecto resultou moi beneficioso para o alumnado. O apoio realizouse na aula ordinaria.

**Fíxose unha sesión de avaliación cada trimestre e todos os nenos promocionan. Realizáronse dúas ACS acadando en ambos casos os obxectivos previstos nelas.**

Novamente queremos facer mención especial ao Equipo Directivo que coordinou, dirixiu, motivou e levou a bo porto o curso escolar e como non, ao Equipo docente e non docente que traballou con cariño e dedicación polo avance e benestar do alumnado.

Tamén queremos salientar o grandísimo esforzo que fixo todo o alumnado, verdadeiros protagonistas do centro, dende os pequechos ata os maiores, polo seu comportamento, polo seu esforzo e pola súa actitude, respecto e compañeirismo.

### **e) Departamento de Orientación:**

Nesta memoria redáctanse, en cumprimento das ordes ditadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, os puntos desenvolvidos ao longo do curso 2023 -2024

- Modificacións introducidas, se as houbera, no desenvolvemento do plan de orientación inicial.
- Cambios na realidade educativa.
- Actuacións desenvolvidas e consecución dos obxectivos establecidos no plan.
- Implicación e participación dos diferentes profesionais que colaboren nel.
- As conclusións e propostas de mellora, constatando a idoneidade e adecuación ou non das actuacións desenvolvidas e proponendo accións concretas a desenvolver no curso próximo.

### **ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS**

Segundo acordo do claustro, con data de 5 setembro de 2023, tivo lugar a constitución do Departamento de Orientación do centro, quedando formado para o seu funcionamento, cos seguintes membros:

- Mónica Seoane Maseda, Coordinadora de E.I.
- M.ª Isabel Fabeiro Pérez, Coordinadora de 1º Ciclo de Ed. Primaria.
- Marta Iglesias Cardeso, especialista en Pedagogía Terapéutica e coordinadora de 2º Ciclo

- José Juan Eiras Sánchez, especialista en Pedagogía Terapéutica e coordinador de 3º Ciclo
- Ana Isabel Costa Piñeiro, especialista en Audición e Linguaxe e xefa de estudos.
- Alba Botana Iglesias, especialista en Audición e Linguaxe.
- Isaura Cacheda Cajaraville, Xefa do Departamento de Orientación.

Os coordinadores de Ciclo foron nomeados no 1º Claustro celebrado o 2 de setembro do 2023.

- Coordinadora do Ciclo de E.I. : Mónica Seoane Maseda
- Coordinador do 1º Ciclo de Educación Primaria: María Isabel Fabeiro Pérez
- Coordinadora do 2º Ciclo de E.P. : Marta Iglesias Cardeso
- Coordinadora do 3º Ciclo de E.P. : José Juan Eiras Sánchez

A Xefa de Estudos, Ana Isabel Costa Piñeiro, asistiu ás reunións que tiveron lugar no Departamento de Orientación xunto coas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Fai seis cursos, solicitárase, dende o Departamento de Orientación e Equipo Directivo, un mestre/a especialista en PT, a tempo completo, para atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Dito posto foi concedido á mestra Marta Iglesias Cardeso, en comisión de servizos, durante 6 anos renovable cada curso académico. O presente curso académico, e posto que se cumpren os 6 anos da comisión, solicítase a renovación de dita praza de PT dado o elevado número de alumnos con neae.

Unha vez constituído o Departamento de Orientación, acordáronse os seguintes puntos importantes e decisivos para a organización do curso, sinalados no Plan Anual de Actividades de Orientación e, planificáronse ademais, as cuestións importantes a desenvolver no principio de curso e que se sinalan a continuación:



- Fixación do horario no que se desenvolveron as xuntanzas semanais entre os mestres especialistas en ANEAE e a orientadora para tratar os asuntos máis relevantes e inmediatos relativos ao propio Departamento de Orientación (avaliación das necesidades, intervención e seguimento, propostas de mellora...)
- Posta en común das conclusións e acordos de final do curso anterior respecto ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, valorar as necesidades do alumnado derivado do CRA e o de nova incorporación que requira dita atención.
- Unha vez resolto o punto anterior e elaborados os horarios definitivos do profesorado pola xefa de estudos, a orientadora e os mestres especialistas en ANEAE, elaboramos os horarios de atención ao alumnado con NEAE e NEE e o horario de coordinación e atención ás distintas titorías (especialistas, equipo directivo e familias)
- Acordos e toma de decisións xunto co equipo Directivo sobre o posible alumnado con NEAE de nova incorporación, desprazado ou derivados doutros centros, comunicados da Inspección ou Unidade Territorial.

Neste curso, houbo incorporacións de dúas nenas irmás (trasladadas por ser vítimas de violencia de xénero), unha nena para 1º de EP e outra para 2ºEP. Así mesmo incorporouse outro alumno procedente de Ourense (tamén vítima de violencia de xénero) para 5º de EP. E un alumno procedente de Venezuela para 6º de EP.

- Contouse co cuidador asignado ao noso centro que atendeu a catro alumnos. 3 con "Trastorno Espectro Autista" (TEA) (1 escolarizado en 5º curso de E.I. , un escolarizado en 2º de E.P., un neno escolarizado en 4º E.P. e outro en 6º de E.P.) e outro con diabetes tipo I escolarizado en 1º de EP.
- Elaboración e tramitación, no mes de setembro, por parte da orientadora, dos informes do alumnado que solicita as axudas convocadas polo MEC para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, publicada no BOE, segundo da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades para o





curso académico 2023-24 e tramitados no mes de setembro (foron solicitadas 18 axudas)

- Acordo do compromiso da asistencia e participación en todas as sesións de avaliación trimestrais de todos os niveis e etapas educativas, así como, a participación nas xuntanzas da Comisión de Coordinación Pedagóxica e dos Equipos docentes de Ciclo e colaboración nas distintas actividades levadas a cabo no centro.
- Continuación do programa de convivencia con todos os alumnos do centro educativo: [Ramalloseir@s](mailto:Ramalloseir@s) pola convivencia;

Proxecto de mediadores:

- Elaboración dunha presentación de Power Point para dar a formación de mediación e visualización na aula dun vídeo sobre a mediación ao alumnado de 5º e 6º de primaria.
- Preparación do material necesario para a realización das actividades de 5º e 6º de primaria.
- Elaboración dunha táboa na que se indican os grupos de mediadores e os días que cada grupo tería este rol.
- Elaboración das normas dos mediadores para colocar no Rincón de Mediación e nas tres aulas de 6º de primaria.

Ramalloseiros pola convivencia nas aulas de 3º e 4º:

- Realización de actividades de convivencia nas aulas de 3º e 4 de Primaria: A árbore da convivencia.

Ramalloseiros pola convivencia nas aulas de Educación Infantil:

- Actividades de educación emocional en educación infantil: emocionómetro.
- Posta en práctica do Proxecto Guíame cos nenos e nenas de 6º de E.P. para o traslado ao instituto (que non puido ser rematado por incapacidade temporal por parte da orientadora)
- Coordinación do programa Habilidades Sociais destinado aos alumnos de 6º de Ed. Primaria promovido polo concello de Boqueixón.



- Coordinación do programa de Igualdade promovido polo concello de Teo.
- Cumprimentación dos datos estadísticos DRDadi (en outubro) e DRDorienta (en xuño-xullo) , en cumprimento do compromiso coa Consellería de Educación.
- Elaboración e tramitación dos informes psicopedagóxicos do alumnado que rematan a etapa de educación primaria e trasládanse ao Instituto de Cacheiras para o inicio da nova etapa de Educación Secundaria Obrigatoria.
- Realización do Plan de reforzo para alumnado repetidor.
- Realización da Batería de aptitudes diferenciais y xerais nos niveis de 2º e 4º de Educación Primaria.
- Deseño do modelo de informe individual sobre as medidas de reforzo educativo e modelo de informe de PT e AL. (Seguindo a orde do 8 de setembro de 2021)
- Deseño do modelo de informe individual sobre as medidas de apoio educativo por parte dos profesores de PDH. (Seguindo a orde do 8 de setembro de 2021)

En xeral, todas actividades levadas a cabo polo Departamento de Orientación no presente curso académico 2023-2024 foron acordadas nas reunións e enfocadas ás correspondentes funcións tanto da xefatura do Departamento de Orientación como ás dos seus compoñentes e contempladas na:

- Elaboración do Plan Anual do Departamento de Orientación e cumprimento do mesmo.
- Elaboración e colaboración no Plan Anual de Atención á Diversidade.
- Colaboración no Plan de Acción Titorial.
- Realización do Plan de Convivencia do centro.

## **A INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN EN CANTO Ó PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:**

➔ **Fomentouse a necesaria acomodación do proceso de ensino-aprendizaxe** ás condicións particulares do alumnado (nivel de coñecementos previos, estilo e ritmo de aprendizaxe, aptitudes, situación socio-familiar, estado emocional,...).

- ➔ **Atención do alumnado con necesidades educativas específicas:** colaborouse, de acordo coas competencias neste senso, na avaliación inicial, na revisión de expedientes e coas avaliacións psicopedagóxicas necesarias dos alumnos de nova incorporación, alumnado repetidor, seguimento dos alumnos atendidos o ano anterior e alumnado novo, procurando a toma das medidas máis axeitadas en cada caso.
- ➔ **Medidas de atención á diversidade.** A avaliación psicopedagóxica é entendida como proceso de recollida, análise e valoración da información relevante, por parte dos titores/as, equipos docentes, familias, especialistas en aneae e orientadora, sobre os distintos elementos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe e como complementaria a este proceso. Aplicáronse as diferentes probas e ferramentas como complemento da avaliación por parte da orientadora do centro: DST-J (detección de dislexia), Cuestionario CARAS (para a detección de dificultades de atención), SNAP-IV, (diagnóstico do TDAH), WISC-V (Escala de Intelixencia Wechsler para niños), BA-DyG (Batería de Aptitudes Diferenciais e Xerais) e BERDE (Batería de avaliación rápida da discalculia), Cuestionario de Madurez Neuropsicolóxica escolar CUMANES, Test de vocabulario en imaxes PEABODY, SENA, Sistema de evaluación de niños y adolescentes así como o RIAS, escala de Inteligencia de Reynolds e Test de Inteligencia de Reynolds.
- ➔ En xeral, con carácter restrinxido e específico, coordinadas pola xefatura do Departamento de Orientación, e coa colaboración do profesorado, titor/a, familias, e mestres especialistas en ANEAE, e, excepcionalmente, co equipo de orientación específico de A Coruña, leváronse a cabo: 15 avaliacións psicopedagóxicas novas por demanda dos titores ou titoras e/ou da familia, e 9 de seguimento.
- ➔ Entrevistas coas familias, con alumnas e alumnos e cos seus titores, do alumnado avaliado ou por circunstancias puntuais, así como, a colaboración e procedementos establecidos nos protocolos cos profesionais do Servizo Médico, gabinetes psicolóxicos que os atenden fora do centro e coas distintas asociacións (ASPANAES, ASPERGA ...)
- ➔ Activación do Protocolo TDAH, TEA, Acoso Escolar

→ **O apoio ao alumnado levado a cabo polo profesorado especialista en ANEAE**, fóra e/ou dentro da aula, e, derivado das distintas actuacións de intervención, foi o seguinte:

- **Aula de Audición e Linguaxe:** cun total de 32 alumn@s ao longo do curso (variando en número pola flexibilidade derivada da súa evolución)

Atendéronse necesidades derivadas de: Atraso da linguaxe, Dificultades na Articulación, Trastorno da Linguaxe, Dificultades Específicas da Aprendizaxe, Trastorno de Aprendizaxe da Lectura e/ou Escritura e dificultades derivadas do Trastorno Espectro Autista ou asociadas ao Trastorno con Déficit e Atención con ou sen Hiperactividade.

- **Dende as aulas de Pedagogía Terapéutica**, tanto dentro como fóra da aula ordinaria, atendéronse por parte do profesorado especialista, as necesidades específicas de apoio educativo derivadas de: Trastorno da Linguaxe, TDAH, Retraso escolar, Trastorno de Aprendizaxe da Lectura e/ou Escritura, e/ou Cálculo, Dificultades Específicas da Aprendizaxe, Trastorno Espectro Autista, Dislexia, discalculia e dificultades asociadas a TDAH. O total de alumnado atendido polas dúas aulas foi de 20 alumnos e alumnas.

→ **Coordinación co IES** no Programa de Transición do alumnado que termina a etapa de Primaria e comeza a nova etapa de Educación Secundaria Obrigatoria. Para elo, fanse os informes do alumnado con ANEAE engadindo toda a información pertinente dos grupos, co fin de facilitar, ó novo centro, o traballo e organización do alumnado para o curso seguinte.

→ **Colaboración no Plan de apoio e no Proceso de ensino-aprendizaxe** e nas distintas actuacións referidas con anterioridade.

EN RELACIÓN Á COORDINACIÓN EFECTUADA CON OUTROS SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO (xa indicadas) É DE SINALAR:

→ Intervención co **Equipo de Orientación Específico:** realizáronse diferentes consultas telefónicas por mor dunha alumna diagnosticada con personalidade altamente sensible, así como de alumnos diagnosticados con TEA.

- Colaboración co **IES de Cacheiras** no Plan de transición do alumno de 6º á etapa da ESO co orientador para a acollida e seguimento dos alumnos de sexto que se incorporan ao mesmo.
- Colaboración co **CRA de TEO** no Plan de Transición do alumnado de 2º de Ed. Primaria que se incorpora ao centro o próximo curso. Organizouse unha xornada de acollida.
- Visita da **Inspección Educativa** para entrega de datos referidas ao ANEAE, tramitación das axudas do **MEC** para alumnado con necesidades educativas especiais, e reunións cos gabinetes psicolóxicos implicados, asociacións e coas familias.
- Cumprimentar a principio de curso o **DRADI** (novembro) e o **DRD-ORIENTA** (final de curso) colaborando coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Colaboración coa USC, en talleres de prevención de Acoso Escolar e Ciberacoso , destinado a alumnos/as de 6º de Ed. Primaria, a cargo da especialista Leticia López.
- Colaboración con Rosario Iglesias, responsable das actividades pedagóxicas dentro do Departamento de Educación e Cultura, do Concello de Boqueixón, para a realización de obradoiros de habilidades Sociais cos alumnos de 6º de Ed. Primaria a cargo dunha psicóloga do equipo.
- Colaboración co Concello de Teo nas charlas obradoiro sobre igualdade de xénero destinada aos alumnos de 4º de Educación Primaria.
- Colaboración co Concello de Teo na Escola de familias. Organización de dúas charlas obradoiro destinada ás familias. Unha sobre o uso responsable da tecnoloxía e outra sobre Autismo.

#### RESPECTO AO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Leváronse a cabo as actuacións contempladas no Plan de Acción Titorial e que xa se reflicten ao longo desta memoria, tanto no referido ós obxectivos xerais como ós obxectivos específicos.

Elaboración e posta en práctica do PEM, destacando as seguintes Actividades Panca:

- PROA +: Actividades de Reforzo Educativo
- Acompañando melloramos sempre: transición de etapas.

#### RESPECTO Ó PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA:

A orientación académica céntrase tamén no alumnado do 6º curso de educación primaria e no Plan de transición deste alumnado á etapa da ESO. Este plan contempla :

- Reunións de coordinacións entre os xefes de Departamento de Orientación adscritos ao IES e o do D.O. do propio instituto.
- Elaboración e tramitación dos expedientes e informes psicopedagóxicos do alumnado con ANEAE que continúa estudos no I.E.S. de Cacheiras.
- Visita do alumnado de 6º curso ó centro receptor con charla informativa por parte do orientador e a directora do IES, recorrido polas instalacións do centro e presentación dalgúns profesores e toma de contacto cos alumnos do IES.
- Sesión informativa aos pais do alumnado de 6º de Educación Primaria cos representantes do IES de Cacheiras.

#### PROXECTOS REALIZADOS

- Continuación do programa de convivencia con todos os alumnos do centro educativo: [Ramalloseir@](mailto:Ramalloseir@) **pola convivencia**. (todo o curso)
- **Programa de Mediación Escolar:** dirixido a todo ao alumnado de 5º e 6º de EP durante todo o curso escolar, promovido dende o Departamento de Orientación.

##### 1º Trimestre:

- Dinámicas de cohesión de grupo dirixidas aos alumnos de 3º e 4º de Ed. Primaria
- Presentación do Clube de Convivencia

##### 2º Trimestre:

- Proxecto de Igualdade, realizado dende o Departamento de Orientación, dirixido aos alumnos de 4º de Ed. Primaria.





-Proxecto Escola de Familias, destinada ás familias.

3º Trimestre:

-Proxecto de Prevención de Acoso e Ciberacoso, dirixido aos alumnos de 6º de Ed. Primaria

-Proxecto de Habilidades Sociais, dirixido aos alumnos de 6º de Ed. Primaria

-Proxecto Guíame, dirixido aos alumnos de 6º de Ed. Primaria

PROPOSTAS DE MELLORA E ASUNTOS PENDENTES:

- Incidir na transmisión ao profesorado, ao principio de curso, da información sobre o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, para o desenvolvemento das súas tarefas docentes, avaliadoras e orientadoras.
- Revisión das ACS existentes.
- Acercar e comprometer ás familias no proceso das aprendizaxes dos alumnos e alumnas.

### ➤ **Pedagogía Terapéutica:**

#### CONTEXTUALIZACIÓN.

O centro conta con dous mestres especialistas en Pedagogía Terapéutica (un deles definitivo e a outra en comisión de servizos).

A aula do mestre PT definitivo do cole, atópase no segundo andar (á que acode alumnado do segundo e terceiro ciclo) e á aula da mestra PT en comisión, atópase na planta baixa (atende ao alumnado de educación infantil, primeiro ciclo, segundo ciclo e terceiro ciclo).

As dificultades educativas dos nenos que acoden a elas, aconsellan a atención individualizada ou en pequenos grupos.

#### NECESIDADES EDUCATIVAS DE APOIO ATENDIDAS.

#### VALORACIÓNS INICIAIS:

No mes de setembro, no caso dos alumnos/as que continúan co apoio xa recibido no curso anterior, o titor/a fai a valoración actual das necesidades do alumnado derivado a apoio e a continuación comézase a atención educativa en base aos obxectivos marcados entre o titor/a e o profesor/a de apoio.

No caso de alumnos/as de nova incorporación, a orientadora avalía as necesidades e tómanse as decisións de traballo máis axeitadas á demanda.

Os apoios poden ser grupais ou individuais en base ás necesidades específicas de cada alumno/a, aos recursos dos que se dispón e á flexibilidade do horario desta aula.

#### ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO:

Os alumnos/as e as necesidades atendidas ao longo do curso foron cambiando en función das características no apoio, do horario e do progreso.

Algúns dos apoios realizáronse na aula, o que repercute positivamente no avance de todo o grupo.

En xeral os apoios realizados polos especialistas de PT foron:

- ◆ En 5º de Ed. Infantil: *1 alumn@.*
- ◆ En 2º de Ed. Primaria: *3 alumn@s.*
- ◆ En 3º de Ed. Primaria: *1 alumn@*
- ◆ En 4º de Ed. Primaria: *2 alumn@ ACS + 2 alumn@s.*
- ◆ En 5º de Ed. Primaria: *3 alumn@.*
- ◆ En 6º de Ed. Primaria: *7 alumn@. + 1 alumn@ ACS*

#### EN EDUCACIÓN INFANTIL:

- ◆ En 5º de EI:

-Alumn@ con TEA. Temporalización: 5 sesións semanais 3 na aula ordinaria e 2 na aula de apoio. Traballa moi ben a nivel individual. Evoluciona positivamente en numeración, conteo, conceptos básicos, emocións, motricidade fina e grafomotri-

cidade. Hai que continuar traballando en intencionalidade comunicativa e atención.

#### EN EDUCACIÓN PRIMARIA:

##### ◆ En 2º de EP:

- Alumn@ con TEA. Temporalización: 4 sesións semanais (2 na aula ordinaria e 2 na aula de apoio. Tentamos que acade aprendizaxes funcionais que lle sirvan para a vida. Ten unha actitude positiva de cara ao traballo pero de cara ao final de curso notábase cans@ e que se frustraba con facilidade. Mellorou en competencia matemática pero hai que seguir traballando o razoamento lóxico e a atención.

- Alumn@ con TDA. Temporalización: 2 sesións semanais na aula ordinaria. É un/ unha neno/a moi traballador@ que debe seguir na mesma liña. Mellorou pero hai que incidir en atención e instrumentais básicas. Decidiuse que este ano repita curso para asentar ben os coñecementos es así forxar unha boa base.

- Alumn@ que esta repetindo curso. Temporalización: 2 sesións semanais na aula de apoio. Dificultades para reter e xeneralizar as aprendizaxes. Importante seguir traballando para adquirir aprendizaxes funcionais. Promociona por imperativo legal.

##### ◆ En 4º de EP:

- Alumn@ con TEA . Temporalización: Catro sesións semanais na aula ordinaria. Mellorou pero aínda hai que seguir traballando na organización do seu material, da axenda, fomentando a súa autonomía, sendo quen de localizar a información que non apareza en sentido literal, reducindo a impulsividade e tolerancia á frustración e centrando a súa atención.

- Alumn@ con TDA. Temporalización 4 sesións semanais na aula ordinaria. Evolución positiva logo da repetición acada os obxetivos do ciclo. Incidir na atención e ritmo de traballo.

##### ◆ En 5º de EP:

- Alumn@ con dislexia. Temporalización: dúas sesións semanais na aula de apoio. Traballamos a competencia matemática. Boa actitude de cara ao traballo e continúa realizando progresos. Hai que intentar axilizar o seu ritmo de traballo, tempos de atención e execución de operacións de multiplicar e dividir.

◆ En 6º de EP:

- Alumn@ con TEA (Asperger) Temporalización: 4 sesións semanais na aula ordinaria. Hai que destacar que é un neno moi traballador e con moito interese por aprender, fixo moitos progresos na competencia matemática aínda que ten que continuar traballando o cálculo e razoamento lóxico.

- Alumn@ con Trastorno de Espectro Autista (Asperger). Temporalización: catro sesións semanais na aula ordinaria. Mellorou moito o seu comportamento na dinámica da aula e no grupo-clase. Chamadas de atención esporádicas que se reconducen sen problema.

- Alumn@ con TDA: Temporalización: 4 sesións semanais na aula de apoio. Evolución positiva, aínda que ten que tentar aumentar o seu ritmo de traballo.

Atendeuse tamén a diverso alumnado cun amplo rango de necesidades a cubrir: Alumnado con Trastorno de Espectro Autista; Trastorno de Déficit de Atención con ou sen Hiperactividade; Trastornos sen diagnosticar con grandes repercusións na aprendizaxe e socialización; Retraso Madurativo; alumnado con trastornos de conduta que lle afectan gravemente na aprendizaxe e socialización, algunhas situacións acompañadas de familias desfavorecidas ou que teñen graves dificultades para acompañarlles no estudo e outras atencións; alumnado con Dislexia; alumnado Repetidor; alumnado con dificultades serias no razoamento, cálculo, comprensión, lectura, escritura, memorización, falta de hábitos, organización... valoradas dende o Departamento de Orientación e atendidas en función da gravidade e repercusión no seu avance escolar e autoestima así como da dispoñibilidade de recursos humanos. En moitos casos inciden varias casuísticas no alumnado a axudar.

O alumando atendido por PT especificamente foi de 20 nen@s se ben, nalgúns casos, o ámbito de intervención é máis amplo.

### VALORACIÓN DA COORDINACIÓN COS PROFESORES TITORES E DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

En setembro, realízanse reunións de coordinación para analizar as características dos alumnos, distribuílos entre o profesorado de PT e determinar o tipo de apoio máis conveniente e horario, ademais de facer unha posta en común cos titores para organizar o apoio e cos especialistas se a situación o require. Ao longo do curso faise unha coordinación continua co profesorado, para conseguir adaptar o apoio á evolución do neno, á resposta e eficiencia das medidas e facer un correcto seguimento dos alumnos analizando progresos e dificultades.

Tódalas semanas realizouse unha reunión no Departamento de Orientación onde se fixo unha posta en común dos casos de apoio máis salientables, comentamos evolucións, dificultades, cambios en actitudes, en situacións familiares, en interaccións entre o alumnado, intervencións feitas e propostas de mellora, de cara a adaptarnos e ter información actualizada do alumnado atendido e poder dar resposta máis eficiente e concreta á situación e evolución dos nosos apoios.

### OBXECTIVOS DAS MEDIDAS DE APOIO

Os apoios ao alumnado que é atendido polo Departamento, veñen determinados polas necesidades educativas que presentan os nen@s, que poden ser tanto polas características destes (trastornos de déficit de atención, trastornos do espectro autista, dificultades de aprendizaxe, dislexias, discalculias,...) como polo entorno socio-cultural (ambientes poucos estimulantes ou pouco comprometidos coas necesidades dos nen@s...), polo que os obxectivos que se perseguen tratan de compensar, diminuír ou corrixir estas necesidades.

Estes obxectivos plantéxanse tendo en conta os informes que existen sobre o alumando, as entrevistas ao profesorado, a pais e nais, e avaliacións iniciais, de forma que podamos acoutar o mellor posible a necesidade, e concretar de forma dinámica e adapta-

tiva á intervención. Estes obxectivos por tanto, non son inamovibles e definitivos, e poden cambiar ao longo da intervención, modificándose en función dos avances, progresos, novos informes, dificultades e características evolutivas ou ambientais que van sucedendo.

Entre os principais obxectivos a acadar caben destacar:

- ◆ Favorecer o concepto positivo dos alumnos para fomentar a autoestima e a motivación cara todo tipo de tarefas e actividades.
- ◆ Desenvolver procesos cognitivos básicos: atención, percepción, memoria e razoamento.
- ◆ Desenvolver o razoamento matemático e os procesos de lóxica e abstracción.
- ◆ Favorecer a comunicación lingüística a nivel expresivo e comprensivo.
- ◆ Aumentar e desenvolver a linguaxe expresiva e comprensiva.
- ◆ Afianzar e desenvolver a autonomía para a realización de actividades da vida cotiá e na resolución de tarefas escolares.
- ◆ Desenvolver as habilidades sociais que melloren e modifiquen os seus comportamentos.

VALORACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA. En xeral os resultados foron positivos, se ben nalgúns casos, dadas as características dos nen@s, as súas situacións/ambientes familiares e a dispoñibilidade horaria ou de agrupamentos de atención por parte do Departamento, dificultou acadar os mellores resultados.

Este ano, coma o anterior, puidemos desfrutar da axuda dunha mestra (Ana) pertencente ao proxecto PROA+, para a atención aos nenos con NEAE en particular e ás aulas en xeral, e que repercutiu moi positivamente no alumnado e nas aulas que atendeu.

Dado o elevado número de alumnado con necesidade específica de apoio educativo que hai en previsión, consideramos que a atención a dito alumnado sexa o prioritario por parte do profesorado especialista en pedagogía terapéutica.

Consideramos que nos últimos anos, estase a producir un aumento considerable na carga burocrática e informatización excesiva da nosa labor docente que está a influír nega-

tivamente na atención e preparación das clases por parte do profesorado. Convén economizar e non duplicar informes ou recollida de datos para non aumentar o tempo a dedicar a estas labores que vai en detrimento da atención directa ao noso alumnado.

### ➤ **Audición e Linguaxe:**

No presente curso a intervención co alumnado con dificultades na Área Comunicativa – Lingüística desenvolveuse por dúas profesoras especialistas, unha delas é definitiva e Xefa de Estudos e a outra é provisional e está compartida co CEIP de Calo.

A nosa intervención como mestras de A.L. ó longo do presente curso fundamenteouse no establecido con carácter legal, así como no recollido nos documentos de centro (Proxecto Educativo, Plan Xeral de Atención á Diversidade, PXA,...).

#### *ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO:*

##### ➤ EDUCACIÓN INFANTIL:

- Un alumno con TEA ( Trastorno do Espectro Autista) escolarizado en 5º de E.I. A evolución deste alumno foi lenta e irregular, vai avanzando pero a expresión oral **espontánea** non é a esperada ó inicio de curso. Temporalización: Tres sesións.
- Dous alumnos de 6 º de EI que presentan dificultades en tódolos eidos lingüísticos. Un deles, procedente do estranxeiro, comezou a estruturar axeitadamente o seu discurso e aumentou significativamente o seu vocabulario. Así mesmo, algún dos fonemas afectados foron reeducados e xa os xeneralizou. Outro dos alumnos está sendo valorado polo Servizo de Atención Temperá do concello como un posible caso de Trastorno Específico da Linguaxe. No seu caso, a evolución é moito máis lenta e irregular, carecendo dun discurso coherente e cohesionado, con dificultades na articulación de palabras longas e falta de vocabulario, entre outras. Temporalización: Unha media sesión cada un.

##### ➤ EDUCACIÓN PRIMARIA:

- Sete alumnos escolarizados en 1º que presentan Alteracións na Fala, concretamente Dislalias. Ao remate do primeiro trimestre, tres recibiron a alta. O resto están en





vías de xeneralizar os fonemas afectados, polo que é preciso seguir a traballar para o vindeiro curso. Temporalización: Dúas medias sesións.

- Un alumno con posible TEA (leve) e TDAH inatento escolarizado en 2º. A súa evolución foi moi significativa a nivel fala, pero neste momento aínda presenta unha pequena distorsión no fonema /r/ vibrante múltiple. Nos temas de seu interese ten bastante vocabulario. No presente curso seguimos incidimos na adquisición do proceso lectoescritor. Tanto na lectura como na escritura ten un importante desfase en comparación co establecido para este nivel. Temporalización: Tres sesións.
- Cinco alumnos de 2º que presentan Alteracións na Fala, concretamente Dislalias. Aínda que o avance foi satisfactorio non podemos considerar que as dificultades estean solventadas, polo que é preciso seguir a traballar para o vindeiro curso. Temporalización: Dúas medias sesións.
- Un alumno e dúas alumnas (unha delas atópase repetindo) escolarizados en 2º que presentan dificultades no proceso de lecto-escritura. Tanto a velocidade como a exactitude lectora son deficitarias, así como a comprensión e a expresión escrita. A intervención baseouse en traballar o afianzamento do proceso lectoescritor, conciencia semántica, fonolóxica e lecturas comprensivas. O avance foi moi irregular, amosando días moi bos e outros con importantes retrocesos, polo que é necesario continuar co traballo de apoio o vindeiro curso. Temporalización: Dúas sesións semanais.
- Un alumno repetidor escolarizado en 2º que presenta un atraso xeneralizado do desenvolvemento. A intervención baseouse en adquirir o proceso lecto-escritor, introducindo pouco a pouco os diferentes grafemas; así como fomento da conciencia fonolóxica, semántica, conceptos básicos e adquirir un correcto patrón articulatorio. A evolución foi moi lenta e irregular, situándose nun nivel moi inferior ao esperado para a súa idade en tódolos eidos lingüísticos e curriculares. Precisa seguir recibindo apoio o vindeiro curso. Temporalización: Dúas sesións.
- Un alumno con TEA escolarizado en 3º. A intervención baseouse fundamentalmente no fomento da expresión e comprensión oral e escrita (inferencias verbais, frases

feitas, dobres sentidos, lectura comprensiva, escritura dirixida e espontánea...), a evolución foi moi positiva en todos os aspectos traballados. Onde se apreciou menos evolución foi na Disgrafía que presenta, xa que se non ten supervisión o trazo é moi máis irregular. Temporalización: Dúas sesións.

- Un alumno escolarizado en 3º que presenta un atraso xeneralizado do desenvolvemento e TDAH, ao que neste curso se lle implementou unha ACS en tódalas áreas. A intervención baseouse no afianzamento do proceso lectoescritor, sílabas trabadas e inversas, produción de textos sinxelos e aumento da competencia comunicativo-lingüística en galego. A evolución foi positiva, aínda que inconstante. Mellorou fundamentalmente en Lingua Castelá, pero o seu nivel en Lingua Galega segue a ser moi deficitario. Precisa seguir recibindo apoio o vindeiro curso. Temporalización: Tres sesións.
- Tres alumnos de 3º que presentan Alteracións na Fala, concretamente Dislalias. Aínda que o avance foi satisfactorio non conseguen xeneralizar os fonemas. Temporalización: Unha media sesión.
- Un alumno de 3º que presenta Dislexia. A intervención baseouse no afianzamento do proceso lectoescritor, sílabas trabadas e inversas e lecturas comprensivas. A evolución foi positiva, aínda que a súa gran impulsividade fai que cometa máis erros dos esperados. Asemade, a letra nalgúns ocasións é casi ilexible debido a esa necesidade de movemento. Precisa seguir recibindo apoio o vindeiro curso. Temporalización: Unha media sesión.
- Un alumno escolarizado en 4º que presenta Trastorno do Espectro Autista (TEA). Tendo como referente o punto de partida a súa evolución na Área Comunicativo-Lingüística foi moi satisfactoria. Presenta inestabilidade a nivel emocional e falta de hábito e constancia nas tarefas escolares. Temporalización: Dúas sesións semanais.
- Unha alumna escolarizada en 4º que presenta Dislexia. A intervención baseouse no afianzamento do proceso lectoescritor, a mellora da expresión espontánea e a competencia lingüística en galego. A súa evolución foi positiva, pero aínda quedan moi-



tos aspectos que traballar de cara ó vindeiro curso. Temporalización: Dúas sesións semanais.

- Un alumno escolarizado en 4º que presenta Discapacidade Intelectual e cunha A.C.S en Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas. A intervención baseouse no afianzamento do proceso lectoescritor, traballar as sílabas trabadas e as inversas, comezar coa produción textos sinxelos e o aumento da competencia comunicativo-lingüística en galego. A súa evolución foi positiva, pero aínda quedan moitos aspectos que traballar de cara ó vindeiro curso. Temporalización: Tres sesións semanais
- Un alumno con Dislexia escolarizado en 5º e con A.C.S nas áreas de Lingua Galega e Lingua Castelá. A intervención fundamentouse na adquisición e afianzamento do proceso lectoescritor. A súa evolución estivo marcada pola lentitude aínda que esta foi positiva. Temporalización: Tres sesións semanais.
- Unha alumna escolarizada en 5º que presenta Dislexia. A intervención baseouse no afianzamento do proceso lectoescritor, conciencia semántica, produción de textos de elaboración propia e lecturas comprensivas. A súa evolución foi positiva, pero é preciso seguir a traballar no vindeiro curso. Temporalización: Dúas sesións semanais.
- Un alumno escolarizado en 5º que presenta un TDAH con perfil inatento, está pendente dunha valoración neurolóxica. Presenta Dificultades de aprendizaxe a nivel psicomotriz que repercuten na escritura. Tamén ten problemas oculares (na actualidade está acudindo a terapias co optometrista) que lle dificultan as lecturas debido os movementos dos seus ollos. A intervención baseouse en traballar o afianzamento do proceso lectoescritor (segue a confundir determinados grafemas, comete omisións,...), conciencia semántica, produción de textos de elaboración propia e lecturas comprensivas. Así mesmo, séguese tentando que xeneralice a letra Script a outros contextos fóra da aula de AL. A súa evolución foi positiva, pero é preciso seguir a traballar no vindeiro curso. Temporalización: Dúas sesións semanais.
- Un alumno escolarizado en 6º que presenta Trastorno do Espectro Autista (Asperger). Sigue destacando a súa evolución a nivel oral, xa que cada vez o seu discurso é

máis coherente adaptándose mellor ás normas conversacionais. Sigue tendo dificultades á hora de relacionarse posto que os seus intereses son bastantes restrinxidos o que dificulta a relación cos iguais. Temporalización: Dúas sesións semanais.

#### *AGRUPAMENTOS E TEMPORALIZACIÓN:*

O horario foi cambiando ó longo do curso para poder adaptalo ás necesidades que ían xurdindo. Como norma xeral as sesións foron de 50'; excepto as sesións de articulación, onde se traballan aspectos específicos de ortofonía, as cales teñen unha duración de 25'. En canto ós agrupamentos específicos, para traballar a articulación tivéronse en conta os fonemas alterados e os niveis aos que pertencen ditos alumnos.

En total foron atendidos un total de 31 alumnos e alumnas.

#### *PAUTAS PARA A INTERVENCIÓN:*

Como norma xeral o esquema de traballo que se levou a cabo foi:

Elaboración de avaliacións iniciais, tomando como referente os informes do D.O., xuntanzas co profesorado,... para ver cal era o punto de partida dos alumnos/as.

Elaboración dos Programas de Intervención específicos para cada un dos alumnos/as, onde se concretan principalmente: as necesidades, os obxectivos, as actividades, os recursos empregados, a temporalización e criterios de avaliación.

Ó longo do curso ditos Programas de Intervención desglosáronse en sesións, as cales foron programadas semanalmente. Esta programación foi aberta e flexible, en función das necesidades que foron xurdindo.

Gustaríanos destacar que, na medida do posible, tentouse que as actividades realizadas foran variadas, lúdicas e o máis significativas posibles, adaptándose en todo momento ós intereses, necesidades e avances do alumnado. Priorizouse a expresión e a comprensión, oral e escrita; e as actividades, organizáronse, a groso modo, ó redor dos catro compoñentes da linguaxe: compoñente fonético-fonolóxico, compoñente semántico, compoñente morfosintáctico e compoñente pragmático.

#### *PROPOSTAS DE MELLORA:*

## **Necesidade de continuar cos recursos humanos precisos para unha axeitada atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo na Área Comunicativo – Lingüística.**

### 7.2.2.) EQUIPOS DE COORDINACIÓN DOCENTE:

#### **a) Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P.)**

##### *COMPOÑENTES:*

- Director: Rafael Vilar Seoane.
- Xefa de Estudos e especialista en AL: Ana I. Costa Piñeiro .
- Coord. de E.I.: Mónica Seoane Maseda
- Coord. de 1º ciclo de E.P.: María Isabel Fabeiro Pérez.
- Coord. de 2º ciclo de E.P., especialista en PT e secretaria da CCP:  
Marta Iglesias Cardeso.
- Coord. de 3º ciclo de E.P. e especialista en PT: José Juan Eiras Sánchez.
- Coord. do ENDL: Óscar Suárez Carbia.
- Coord. Da biblioteca: Isabel Turnes García.
- Orientadora: Isaura Cacheda Cajaraville.
- Especialista en A.L.: Alba Botana Iglesias.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica reuniuse naquelas ocasións que se considerou oportuno e en determinados momentos, realizáronse de forma conxunta coas xuntanzas do D.O.

De forma xeral, tratáronse os seguintes aspectos:

- Constitución da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Criterios a considerar na elaboración dos horarios (apoios, horario dos especialistas ...).
- Coordinación entre o Departamento de Orientación e os titores/as (necesidades dos grupos, do alumnado, etc.)



- Criterios de priorización na intervención co alumnado por parte do profesorado de P.T. e A.L.
- Calendario datas das avaliacións e pautas para desenvolver as sesións.
- Data para a entrega das Programacións didácticas e as que correspondan levaranse a cabo na aplicación PROENS.
- Plans e programas de cara ao presente curso: Plan dixital, PLAMBE (radio escolar) programa de escola verde, horto escolar, 21 días en galego, continuidade no programa PROA+, PEM, Plan de Convivencia. Comisión de Convivencia. Comisión de Igualdade, Proxecto Guíame co alumnado de 6º de Educación Primaria, Proxecta+, Proxecto didáctico aulas musicais e Certame "Cóntame un conto".
- Actualización dos informes do Departamento de Orientación.
- Coordinación cos servizos externos: ASPANAES, Gabinetes, Servizos Sociais... prestando especial atención ó alumnado con necesidades.
- Valoración e análise dos resultados das avaliacións: inicial, primeiro trimestre, segundo trimestre, terceira e final.
- Supervisión da realización das probas de avaliación de diagnóstico para o alumnado de cuarto de educación primaria.
- Previsión do alumnado que non promociona e pautas a seguir.
- Documentos a considerar de cara o remate do curso: informes, actas,...
- Agrupamentos para o curso 2024/ 2025.
- Entrega aos coordinadores de nivel dos criterios para a revisión das probas escritas.
- Revisión e valoración dos apoios: PT, AL, PROA+, PDH...
- Informes da Comisión de Convivencia.
- Aprobar os criterios de promoción para introducir no proxecto educativo.
- Valoración dos resultados das respectivas avaliacións.

- Organización das excursións de fin de curso.

A CCP non se reuniu en máis ocasións como tal porque fixéronse outras reunións a nivel de Claustro, de Ciclo e /ou Departamento de Orientación para tratar algunhas cuestións puntuais.

### **b) Tecnoloxías da Información e da Comunicación (EDTIC)**

Ao longo do curso 2023-24 funcionou o Equipo TIC, encargado de facilitar unha axeitada implementación das TIC na práctica diaria de aula. Para acadar ese obxectivo o Equipo ofrece o soporte técnico que se demande e achega propostas que se consideren relevantes dende o punto de vista da innovación a través dos recursos que nos ofrece a tecnoloxía.

Cómpre sinalar este curso o noso centro continuou sendo sede do Asesor Abalar Santiago feito que foi de moita axuda tanto para a implementación do Proxecto Abalar, O proxecto Edixgal ou o mantemento do equipamento que o profesorado emprega de xeito habitual e de resolver todo tipo de incidencias.

A modo de resumo podemos dividir as actuacións do Equipo ABALAR en tres liñas que se complementan.

#### **1. EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO:**

Recibimos 2 pcs de sobremesa para uso do profesorado e 8 portátiles para as aulas onde se prevé instalar paneis interactivos.

Continuouse facendo un mantemento do hardware dos equipos informáticos do centro e acudiuse ao servizo técnico cando foi preciso.

Continuouse o mantemento e actualización de todos os equipos de aula e de uso por parte do profesorado coa maqueta Abalar e informouse aos responsables de zona das incidencias que se foron producindo.

#### **2. PROXECTO E-DIXGAL**

Ao longo deste curso funcionaron seis unidades Edixgal, tres de 5º curso e tres de 6º curso.





A longo deste curso detectáronse numerosos erros nos canóns de proxección das aulas Edixgal. Estas avarías foron solucionadas pola administración sen atrasos significativos.

Os equipos informáticos empréganse regularmente e forman parte do traballo diario de aula non tendo constancia de problemas ou erros importantes que dificulten o seu uso.

Desde o Equipo TIC ofreceuse apoio e asesoramento cando houbo que elaborar instrumentos de avaliación dixitais e creouse un espazo en Agueiro no que o profesorado implicado no proxecto puidera compartir os seus recursos.

O desenvolvemento do programa foi avaliado de xeito positivo nas distintas reunións realizadas ao longo do ano e cara ao seguinte curso pretendemos avanzar un pouco máis incidindo dun xeito máis específico nos instrumentos de avaliación dixitais como rúbricas, coavaliación,...

Debemos sinalar como moi negativo o proceder da administración educativa en relación ao equipamento de alumnado cando este sofre algunha avaría. Ata o curso 17/18 era a UAC quen se facía cargo dos problemas que poidesen darse nos equipos incluíndo os posibles accidentes que de xeito fortuíto se produciran tanto na aula como no seu traslado aos domicilios do alumnado. No curso 18/19 entrou en funcionamento o Sevizo Premium que neste momento é o encargado de facer o mantemento e que non se fai responsable dos posibles accidentes que poden ter os equipos o que provoca que se pretenda cobrar ás familias o custo das reparacións aplicando unhas tarifas que ao noso xuízo son desproporcionadas. Desde o noso centro seguimos demandando por varias vías a solución a este problema solicitando que sexa a administración a que se faga cargo dos accidentes involuntarios que se producen de xeito inevitable ao manipular nenos e nenas de dez equipos informáticos mesmo trasladándoos ás súas casas.

### 3.FORMACIÓN;

Durante o curso 23/24 organizouse un PFPP plan de formación da continuidade do Proxecto de Polos Creativos. Fixéronse ademais actuacións puntuais individualizadas ou

en pequenos grupos sobre dúbidas que ían xurdindo ou novidades na plataforma Edixgal.

#### 4.PROCESO DE REVISIÓN DO PLAN DIXITAL DO CENTRO

O proceso de elaboración do presente PDC encádrase na Resolución de 3 de setembro de 2021 na que se establecen as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2023-2024, nos centros docentes sostidos con fondos públicos.

O equipo TIC revisou a correcta implementación das accións deseñadas para acadar os obxectivos previstos para o presente curso. Realizouse mediante reunións trimestrais e as conclusións reflectíronse na plataforma EDUCALIDADE.

### **c) O Equipo de Dinamización da Lingua Galega**

#### **A) INTRODUCCIÓN**

O obxectivo principal do equipo de dinamización da lingua galega é a defensa, difusión e normalización do idioma galego no noso centro. Implicando nesta labor a todo o centro a través das diversas actividades previstas para acadar os obxectivos propostos. Entendendo por centro o colectivo formado polo alumnado, profesorado, persoal non docente, familias e todos os membros da Comunidade Educativa en xeral.

O desenvolvemento deste Plan non será un instrumento ríxido, xa que, na dinámica da súa aplicación, poderá ser revisado de acordo coa marcha do mesmo.

Analizando o emprego do galego entre os discentes (como lingua “materna” ou habitual), dicir que este é bastante parello ao do castelán. Isto débese en parte a conformación socio-cultural do concello, onde se mesturan os núcleos urbanos e urbanizacións con zonas puramente rurais. Curiosamente, resulta bastante sinxelo identificar ao alumnado atendendo a este criterio sociocultural. Por iso é importante incidir na autoestima e a actitude positiva cara o emprego cotiá da nosa lingua. Especialmente no alumnado destas características máis “urbanitas” (lingüísticamente falando), pero tamén entre os galegofalantes, pois soen mudar con facilidade a súa lingua materna, de-

bido ao influxo socio político e histórico do castelán. Pois a pesares de que o tempo soe ir curando as feridas, segue a sentirse socialmente como lingua “máis fina ou de máis categoría”. Proba disto é que o caso contrario non é nada común (castelán falante que pase a falar galego).

Tampouco podemos esquecer a aquel **alumnado** que, ben por proceder doutras zonas do estado ou por seren de **orixe estranxeira**, amose dificultades na comprensión da lingua e, polo tanto, no proceso educativo. Con este alumnado levarase a cabo unha atención máis individualizada, e de maior sensibilización coas dificultades que isto supón para el/ela. Todo isto, sempre co apoio do Departamento de Orientación, favorecendo así a adquisición dunha axeitada e motivadora competencia lingüística atendendo asemade a criterios pedagóxicos.

Destacar o gran apoio da dirección do centro e a colaboración de todo o profesorado, alumnado e persoal non docente na implicación e coordinación das tarefas de dinamización lingüística. Feito que se repite cos diferentes “equipos docentes de traballo”; Actividades Extraescolares, Biblioteca, TIC’s...

É de valorar tamén o apoio do noso concello. Especialmente en todas aquelas actividades dirixidas ao fomento da nosa lingua, sociedade e cultura que se ofertan no centro a través desta institución.

## **B) EQUIPO HUMANO. INTEGRANTES E ORGANIZACIÓN**

### **B.1 PROFESORADO**

O profesorado que constitúe o “Equipo de Dinamización da Lingua Galega” no centro durante este curso escolar 2023\_24 é o seguinte:

Álvarez Garea, María del Carmen

Álvarez Garea, María Luisa

Costa Piñeiro, Ana Isabel

Fabeiro Pérez, María Isabel

García Díaz, Laura

Otero Liste, María Cruz

Salgado Couselo, Francisco Javier

Suárez Carbia, Óscar (Coordinador)

Valiño Ron, Manuel

## **B.2 REUNIÓNS DO EQUIPO:**

Fixéronse os terceiros martes de cada mes na aula de música do centro, de 17:00 a 18:00 horas.

## **C) OBXECTIVOS:**

- Fomentar a concienciación de toda a comunidade educativa ante a riqueza que supón posuír unha cultura e lingua propia e a responsabilidade de mantela viva. Valorando o galego como lingua propia de Galicia tendo en conta a realidade diglósica do país, pero tamén a necesidade dunha discriminación positiva da nosa lingua.
- Potenciar o uso do galego dun xeito interdisciplinar.
- Fomentar e promover actitudes positivas cara á lingua galega, facendo uso dela con normalidade en todas as situacións de comunicación.
- Valorar a lingua como sinal de identidade colectivo e recoñecer as pautas que impoñen a súa utilización social e a súa valoración identificando prexuízos sobre o seu uso.
- Potenciar a cultura, o coñecemento da historia, xeografía, etnografía, lingua, literatura, arte e folclore galegos no ensino.
- Potenciar o uso do galego como lingua de comunicación entre todos os sectores e utilízala en todos os documentos pedagóxicos e administrativos do centro.
- Respetar e valorar as achegas dos diferentes axentes da comunidade: familias, asociacións de maiores, colectivos de diminuídos, asociacións veciñais e culturais, Concello...
- Empregar a lingua galega en diferentes situacións comunicativas, mostrando interese por expresarse con claridade e usando un léxico axeitado á idade do comunicador.



- Fomentar entre o profesorado o uso de software na nosa lingua.
  - Afirmar a lingua galega como propia de Galicia comprendendo as circunstancias que condicionan a súa evolución. Sempre dende o respecto a outros cidadáns que por diversas circunstancias falan a segunda lingua oficial da comunidade autónoma, pero potenciando o prestixio social e o amor pola nosa lingua.
  - Desenvolver os hábitos e técnicas para que, a través da implicación afectiva, se chegue a un compromiso positivo coa nosa lingua e coa nosa cultura.
  - Implicar aos distintos membros do centro no proxecto lingüístico.
  - Fomentar o uso da lingua galega, tanto dende a perspectiva da escritura como no fomento da lectura.
  - Insistir no aspecto da lingua galega como elemento singular, signo da nosa cultura e identidade.
  - Sensibilizar ao profesorado e aos alumnos nos diferentes niveis de fala, facendo fincapé en que o mantemento dos mesmos enriquece e normaliza a mesma. Así mesmo as variantes dialectais de zona deben seren coñecidas e na lingua de relación respeitadas e asentadas para neutralizar a sensibilización que dende tempos atrás hai coa identificación do galego zonal como único real. O choque entre lingua culta e lingua vulgar provoca que a balanza se incline cara un menosprezo á propia lingua zonal e ó idioma en xeral.
  - Promover a autoestima lingüística nas familias, para que se valoren como elemento fundamental na transmisión do idioma e na aprendizaxe dos nenos e nenas.
  - Conseguir que desde o tratamento dado no centro escolar, por medio dos rapaces/as, a curto e longo prazo, o galego pase a ser a lingua "A" na situación diglósica.
4. Valorar e estimar a lingua galega como lingua propia da nosa comunidade, recoñecendo a existencia da diversidade lingüística como feito cultural e enriquecedor.
- Interesarse por coñecer a cultura literaria galega a través dos contos, tradicións, cantigas, adiviñas, refráns... Para identificarse coa forma de sentir dun pobo.
  - Fomentar actitudes positivas cara a aprendizaxe e uso do galego, sobre todo oral.
  - Potenciar o coñecemento biográfico e literario de autores ilustres galegos, a través



da súa lectura.

- Recompilar materiais para elaborar e ou traballar con **unidades didácticas** sobre as celebracións tradicionais.
- Proporcionar información ao profesorado sobre a normativa que regula o uso da lingua, e os cambios das normas do galego.
- Recompilar material informático que axude ao profesorado a traballar en galego.
- Usar cos alumnos as TIC, promovendo a súa identificación co uso do galego.
- Fomentar o emprego do galego nas actividades extraescolares do centro.
- Aumentar os ámbitos do uso do galego no centro (no patio, na sala do café, nos claustros..).
- Implicar aos pais no uso do galego na casa cos seus fillos para que non se perda o uso da lingua, a nosa cultura e tradicións do pasado.
- Fomentar a interacción coa sociedade do contorno onde a presenza da lingua estea moi vixente (visitas, charlas, excursións..).
- Levar a cabo actividades e estratexias de acollida para o alumnado inmigrante onde estea presente a inmersión lingüística e cultural.
- Implicar a toda a comunidade educativa nas actividades internas do centro que favorezan a normalización e dinamización .
- Buscar a colaboración dos pais/nais a través da ANPA, para aquelas actividades que se pretendan levar a cabo para o mellor coñecemento dos nosos costumes, cultura e un maior coñecemento da nosa lingua.
- Poñer en alza todos os obxectivos relativos aos dous Proxectos presentados polo centro no programa PROXECTA+, en concordancia cos obxectivos da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible (O.D.S.). Sen dúbida, serán dous dos eixes vertebrantes das actividades deste curso no centro.
- Traballar a prol da **convivencia** no centro, tamén terá o seu espazo, a través dun Proxecto específico en lingua Galega a través do cal dotaremos aos nenos/as de ferramentas "emocionais" para mellorar as relacións sociais cos seus alleos e traballar outros aspectos como o respecto, a tolerancia, a xestión da frustración, a didáctica do



xogo (aprender a xogar), o fomento dos xogos tradicionais, etc.

A publicación e difusión de contidos a través da rede serviranos de ferramenta para dar a coñecer todas as actuacións e accións que se desenvolvan. Isto farase a través de diferentes medios: páxina web do centro, blogs, canles de youtube, redes sociais...

**C.1 Dos dous proxectos destacados do centro, e encadrados dentro do PROXECTA+, destacamos os seguintes obxectivos:**

***C.1.1 ESCOLA VERDE: "ECOTEO, RAMALLOSEIR@S COA NATUREZA"***

- Levar a cabo iniciativas de reciclaxe, coidado e limpeza da nosa contorna (colexio; río tella, carballeira...).
- Concienciar ao alumnado dos problemas que está a sufrir o noso planeta, e incentivar accións e actuacións que poidan axudar a frear ou previr futuros danos; problemas ambientais, malas accións do ser humano que repercuten negativamente no benestar do planeta, prevención de desastres medioambientais.
- Fomentar nos nosos fillos a aventura de plantar unha árbore ou planta, no seu medio. De coidala e vela medrar grazas aos nosos aloumiños.
- Participar en actividades relacionadas coa conservación e preservación do ecosistema do noso entorno, anticipando a deforestación e a contaminación ambiental.
- Analizar criticamente o medio social e natural, asumindo responsabilidades para a protección do medio ambiente, tanto individuais como colectivas.
- Sensibilizar sobre a frase; "Non fagas aos demais o que non che guste que che fagan a ti". Isto co obxectivo de ver que o noso contorno está rodeado de seres vivos que padecen a nosa falta de coidado. Debemos lembrar que cando falamos sobre o medio ambiente referímonos a aspectos da natureza como plantas, animais, solo, aire, auga... Así como aspectos do ser humano e a súa cultura: cidades, industrias, arte, ciencia, etc.
- Tratar de que os discentes sexan conscientes de que a preocupación polo medio ambiente significa ao fin, lograr mellores condicións de vida para o ser humano, respectando os procesos naturais e os compoñentes do medio.





- Levar todas estas sensibilidades ao entorno do propio centro (patio, instalacións,...)

Trátase, ao fin, dun ambicioso proxecto con carácter continuísta, pois conxugaremos todas as dinámicas e propostas artelladas no inicio do proxecto e que se viron afectadas debido á alerta sanitaria pola Covid-19. O confinamento e as posteriores restricións impediron o desenvolvemento das diferentes actividades ao non podermos darlles continuidade. A todas estas, xa iniciadas, sumaranse agora as novas propostas que xuntas representarán, ao noso parecer, un traballo do máis completo para cumprir cos obxectivos pretendidos.

### **C.1.2. PROXECT. DIDÁCTICO ANTONIO FRAGUAS: "EcoParloTeo; Froitos da terra".**

- Potenciar o uso didáctico da nosa **Radio Escolar**, que será o noso altofalante á vez que a mellor ferramenta para que os discentes adquiren unha competencia lingüística e técnica do máis enriquecedora. Un proxecto ambicioso no que estamos a traballar dende mediados do curso pasado e que está tendo unha acollida excepcional entre o alumnado. De feito, un dos obxectivos para esta primeira avaliación será termos rematado o espazo coas obras do novo estudo de radio do centro. Un local insonorizado e dotado tecnicamente ao máximo nivel posible, co fin de mellorar a calidade dos nosos traballos co alumnado así como a súa aprendizaxe a nivel técnico e no manexo de diferentes software, programas...

- Traballar os **cantos e músicas tradicionais**. Serán outra ferramenta destacada no proxecto. Para isto empregárase unha páxina web creada polo mestre de Ed. Musical, na que o alumnado poderá ter acceso a un compendio de contidos educativos e culturais; video-tutoriais, información e colaboración cultural (Asoc. Culturais de música e baile tradicional da zona...), asesoramento online, colaboracións de familias e alumnado...

- Levar a cabo un estudo da **toponimia e a micro-toponimia** do noso concello. Este será outro dos pés do banco! Co obxecto de poñer en valor o noso patrimonio lingüístico cultural, evitando así que se perda este e facéndolle ver aos cativos a importancia do mesmo. Con esta proposta faremos tamén un banco de sons dos diferentes lugares para analizar como cambiaron os mesmos debido aos procesos de aumento/diminución



da poboación, a influencia da construción de estradas, etc

- Fomentar a **igualdade e o vocabulario inclusivo** son e serán cruciais no desenvolvemento do proxecto. Cun tratamento global integrado en calquera das accións educativas.

- **Incentivar a creación musical** co alumnado. A través de cancións propias coa letra en galego, a modo de "himnos" ou cancións oficiais para empregar nas diferentes conmemoracións do centro. Iniciando tamén a través do proxecto "**Polos Creativos**", un taller de **creación de música libre** de todos os estilos de forma dixital; con samplers, sintetizadores, etc. Música que por suposto, de levar letra, será en galego.

- **Continuar o traballo na dobraxe de debuxos animados en Lingua Galega:** Esta será outra das estratexias para poñer en valor a nosa lingua. Iniciamos esta liña de traballo a finais do curso pasado e queremos continuar!! Dobrando e adaptando as series de maior éxito entre a cativada.

- **Facer fincapé na exitosa actividade de Radio-Teatro iniciada o pasado curso.** Creación e gravación da serie "Destino escuro". Crearemos co alumnado de sexto unha nova tempada da serie, e publicarámola na nosa canle de oficial de podcast.

#### **D) ESPAZOS DE TRABALLO**

Seguindo a pauta dos anos pasados, **fixemos un traballo "interdisciplinario" entre os diferentes equipos docentes** (EDLG, EACE, Biblioteca,...). O traballo conxunto significou como sempre, unha maior coordinación e proveito para toda comunidade educativa das actividades propostas.

#### **A biblioteca como centro de recursos e actividades propostos polo EDLG:**

A nosa biblioteca de centro atópase na planta baixa do edificio anexo ao principal, o que facilita o seu acceso inclusivo, sen obstáculos arquitectónicos.

Está organizada en diferentes espazos divididos co obxecto de realizar un maior aproveitamento físico, pedagóxico e funcional das instalacións. Deste xeito, propoñemos a biblioteca coma un centro de recursos de grandes dimensións, no que se organizan e dinamizan diversas actividades e recursos, enriquecendo así o traballo da comunidade

educativa.

Deste xeito, no amplo recibidor do edificio atópase a "[Ludoteca](#)" (con diversos xogos de mesa, expositores, etc). Ao fondo do mesmo, ao carón das escaleiras de acceso ao Salón de actos, o alumnado pode acudir á acollidora "[Fonoteca](#)" (con dous postos para escoitar música, sofás, e unha ampla escolma de fondos sonoros).

No espazo contiguo que se atopa fronte á biblioteca, todos os discentes poden gozar dunha dotación tecnolóxica do mellor na nosa "[Mediateca](#)", con recursos como:

- Unha "[Infoteca](#)" con tablets.
- Un "[laboratorio de creación musical](#)".
- Un recuncho de "[Robótica](#)".
- Unha zona "[Coworking](#)".
- Un espazo adicado aos "[Xogos manipulativos](#)"; legos, kapla, pezas imantadas...
- Unha zona equipada de "Deseño" con plotter e unha "Impresora 3D".
- Unha "pantalla dixital".

A sala adicada á biblioteca, está organizada coidadosamente, sinalando os fondos da forma máis clara e accesible posible para as crianzas. Axudándoos con cores e pictogramas para facilitar a busca de fondos.

Polo que, non é so unha sala de lectura de diferentes xéneros e consulta de información de diversos centros de interese, senón que pretende dar resposta ás necesidades e intereses das crianzas atendendo ao currículo e ás demandas da sociedade actual.

Na biblioteca tamén se atopa un pequeno "[Set de radio](#)" adicado a facer **Radio en directo** durante os recreos, a través do proxecto "[Roque Iro](#)". Para iso, na parede exterior contamos cun equipo de son especial para espazos exteriores, cunha potencia duns 1200w.

## [ANIMACIÓN Á LECTURA:](#)

A animación á lectura é outro dos nosos pilares de traballo. Buscamos acotío estratexias para presentarlles aos discentes da maneira máis atractiva posible as diferentes lecturas e novidades que adquirimos.

### **A FORMACIÓN DE USUARIOS:**

Esta actividade é vital para facermos que novos lectores e usuarios/as fagan un uso normalizado da biblioteca. Prestando especial atención ao profesorado que se vai incorporando ao claustro e ás necesidades en xeral de toda a comunidade educativa.

### **O CLUBE DE LECTURA:**

Estamos orgullosos do entusiasmo dos nenos/as no traballo co Clube de lectura. Realizamos diversas actividades fermosas e produtivas a nivel educativo e social; lecturas no patio "internivel", conta contos dos maiores nas aulas do alumnado de infantil, etc.

### **E) ACTIVIDADES A DESTACAR**

#### **1 PREMIO EDUCATIVO AO CENTRO POLO PROXECTO DIDÁCTICO ANTONIO FRAGUAS:** **"ECOPARLOTEO; FROITOS da TERRA!!"**

O resultado final deste proxecto de centro, foi plasmado a principios deste curso escolar na [exposición que levamos a cabo no "Museo do Pobo Galego"](#) entre os meses de novembro e xaneiro.

#### **1.1 MÚSICA E CULTURA GALEGA:**

- **PROXECTO RECOLLIDA**: Como o seu propio nome indica, é un proxecto de Recollida de cancións tradicionais dos nosos maiores; "Xoias dos nosos antergos". A actividade consistiu en que o alumando preguntase aos seus avós, bisavós, veciños/as,... Se coñecían algunha peza tradicional que cantaran cando eran mozos/as. O obxectivo final era facermos un **repositorio de cancións tradicionais antigas** do noso concello e irmos cantándoas e tocándoas na aula e no centro a través do alumnado que participa nos grupos de música tradicional formados polo alumnado do propio centro. Deste xeito pretendemos poñer o noso gran de area para que moitas desas pezas non se perdan e descubrir entre todos/as novas xoias da nosa música. Por outra banda, é un xeito de motivar aos discentes cara a importancia de mimar a nosa lingua, música e cultura en xeral

dunha maneira innovadora. Pois eles son o futuro e nas súas mans está que non perdamos estes tesouros que son a nosa sinal de identidade como pobo.

- [CANTAMOS COPLAS EN GALEGO E TOCAMOS A PANDEIRETA](#): Este proxecto de percusión tradicional Galega, naceu coa idea de darlle a presenza e relevancia que se merece á nosa música e cultura.

De xeito que os escolares do Ensino Público regrado, vivan de primeira man a riqueza instrumental que temos como pobo, e a felicidade que nos pode producir tocar un destes fermosos instrumentos . E sen perder de vista, a enorme importancia de seguir mirando e conservando as nosas tradicións de xeración en xeración.

Para isto, a parte do traballo nas clases presenciais semanais, contaremos coa axuda online dalgúns dos mellores músicos do noso país. Os vídeo-tutoriais de grandes como; Xavier Díaz, Vanesa Muela, Sergio López, a ETRAD de Vigo... E por suposto, tamén as achegas á causa do mestre de Ed. Musical do centro, promotor do proxecto

Este material didáctico, axuda ao alumnado a avanzar nas aprendizaxes e resolver todas as dúbidas que poidan xurdirles durante o "traballo individual" co instrumento/s na casa.

- [COMPOSICIÓN DE CANCIÓNS](#): Espazo para a creación de cancións propias que crearán unha identidade propia ao centro e a comunidade educativa en xeral. Algunhas tamén a modo de "himnos" ou cancións oficiais para empregar nas diferentes conmemoracións do centro.

A última das nosas composicións estivo optando á mellor panxoliña en galego, no Concurso da TVG "Mellor canción do Nadal 2021". Deixámosvos o enlace a este "[Algo han de traer](#)" e espazo de [composicións propias](#).

- "[MUSIC@S GALEG@S](#)": O fin desta actividade é coñecer un petisco do noso rico abano de artistas. Pois si, somos un terra das máis ricas neste senso. Pero tristemente, ás veces, absorbidos polas "súper producións" ou "produtos comerciais nacionais e internacionais", non somos conscientes disto. Isto afecta especialmente as xeracións máis novas, pois son máis vulnerable neste senso. Con esta proposta descubrirán un novo mun-



do! Con músicas fermosas que tristemente non teñen a presenza que se merecen, nas canles de radio comerciais, programas de televisión, internet...

- FENÓMENO TANXUGUEIRIÑAS: Esta actividade xorde debido ao éxito recente das Tanxugueiras coa súa presentación á candidatura de Eurovisión. O caso é que nos decatamos de que estaba a supoñer todo un fenómeno de masas entre os nenos/as. Especialmente no noso centro, polo feito de que dúas das integrantes da formación (as irmáns Olaia e Sabela), son do noso Concello. De feito empezaron a súa carreira nunha das asociacións de música tradicional coas que colaboramos dende o centro; "A Mámoa" (Luou-Teo). Todo xerminou coa proposta na aula de música, a principios da 2ª avaliación, de cantarmos e tocarmos coa pandeireta e o ukelele a canción TERRA. Pero o caso é que o fenómeno medrou e medrou como a espuma!! E como equipo de Dinamización da Lingua Galega, non podíamos deixar escapar esta onda. E así naceu este "Fenómeno Tanxugueiriñas"!!

**1.2 OS NOSOS LUTHIERS/ARTESÁNS SON CULTURA** : Actividade na que os artesáns do noso Concello abren o seu mundo ao alumnado e as familias.

### **1.3 TOPONIMIA E MICRO-TOPONIMIA:**

- "Proxecto TeoPonimia": A toponimia e a micro-toponimia é outro dos pés do banco. Co obxecto de poñer en valor o noso patrimonio lingüístico cultural, evitando así que se perda este e facéndolle ver aos cativos a importancia do mesmo. Con esta proposta faremos tamén un banco de sons dos diferentes lugares para analizar como cambiaron os mesmos debido aos procesos de aumento/diminución da poboación, a influencia da construción de estradas, etc.

Boa parte dos topónimos menores só teñen vida na fala ou na memoria de persoas de idade, e con cada persoa que morre, ou que abandona a súa actividade no campo ou no mar, desaparece. Pero, grazas ao seu estudo, podemos coñecer mellor nosa lingua e a nosa historia.

A toponimia forma parte dos elementos culturais que a UNESCO denomina patrimonio inmaterial dos pobos.



Con este proxecto queremos poñer o noso gran de area para salvar dun posible esquecemento aos miles de nomes da nosa terra que se van perdendo co paso do tempo e as múltiples transformacións que vai experimentando a nosa contorna.

**Pero sobre todo, facer que todos os nenos/as coñezan esta realidade que a eles lles queda tan preto, pero tan lonxe ao mesmo tempo. E que sexan conscientes da importancia deste legado.**

#### **1.4 TRADICIÓN ORAL: “Cóntame un conto” (APOI) + “21 días co galego é+”.**

- “[PROXECTO CÓNTAME UN CONTO](#)”: Neste curso, todo o 2º ciclo de Ed. Primaria participou (por terceiro ano consecutivo) neste proxecto, no que actuamos dende o seu xerme como centro piloto. Pero a pesares de que foron estes niveis educativos os que fixeron o traballo de recollida, edición e publicación destes traballos, houbo contos orais e historias do máis impresionantes para todos os discentes do centro. Así como actividades relacionadas co proxecto, como por exemplo a visita dos conta contos “Celso Fernández Sanmartín” e “María da Pontragra”, que fixeron as delicias dos alumnos/as dos cursos de 4º de Ed. Infantil e 6º de Ed. Infantil.

A actividade está promovida polo “Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade do Museo do Pobo Galego” e a “Fundación Antonio Fraguas”. O obxectivo deste programa é fundamentalmente promover o coñecemento da literatura popular galega de transmisión oral, así como a recollida de contos tradicionais galegos contados polos nosos maiores. Máis información do proxecto [aquí](#)

Repositorio de contidos e actividades do centro no proxecto:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/taxonomy/term/158>

Aceso ao repositorio de contos do APOI, (Museo do Pobo Galego):

<http://museodopobo.gal/es/p-gina-colecci-n-de-contos-videos-colexios>

**1.5 “21 DÍAS CO GALEGO E+”:** Empregamos esta actividade, para remarcar a importancia de promover o uso da nosa lingua e o valor cultural e antropolóxico do noso idioma. Esta actividade é innovadora, no sentido de que foi iniciada no centro de maneira autónoma e fóra da actividade proposta pola Coordinadora dos EDLG de Galicia, por non poder ofertar de momento a actividade a CEIP’s. Exposta esta opción á nosa persoa de



referencia dos equipos, e acollida de forma moi positiva, iniciamos cun carácter continuísta os nosos 21 días en lingua galega no centro. Actividade á que lle daremos continuidade o vindeiro ano.

Este curso escolar, xa oficialmente participamos no programa cun feixe de propostas educativas; "Aulas musicais", "Ditos retranqueiros dos nosos maiores", A árbore da música, ... E un feixe de montaxes para outras temáticas; adiviñas, palabras tabú, vídeo de centro en formato telexornal,...

Por suposto tamén teremos actuacións musicais do alumnado e algunha formación musical galega no acto inaugural e no de clausura. Onde tamén nos acompañarán diferentes representantes das institucións locais, Consellería de educación,...

No enlace embebido do título desta actividade podedes ver moitas das actividades propostas.

### **1.6 A RADIO ESCOLAR (Radio Ramalloseir@s):**

O tronco da árbore será a construción e asentamento da nosa [Radio Escolar: "Radio Ramalloseir@s"](#). Que a través das diversas actividades propostas, será o noso altofalante á vez que a mellor ferramenta para que os discentes adquiran unha competencia lingüística e técnica do máis enriquecedora. Dunha forma innovadora e interdisciplinar, onde conflúen a lingua escrita (a través dos guións) e a linguaxe oral. Onde os coñecementos e experiencias se adquiren e comparten a través da nosa [canle de podcast](#).

Un proxecto ambicioso no que estamos a traballar dende finais do curso pasado e que está tendo unha acollida excepcional entre o alumnado, as familias e o profesorado do centro. Cun novo local insonorizado e dotado tecnicamente ao máximo nivel posible, co fin de mellorar a calidade dos nosos traballos co alumnado así como a súa aprendizaxe a nivel técnico e no manexo de diferentes software, plataformas de emisión, programas...

Para poder traballar a aprendizaxe da parte técnica do proceso de gravación e edición, empregaremos os [vídeo-titoriais](#). Engarzados na web do centro e na de Ramallosa Musical nun apartado específico para este fin. Así mesmo, tamén teremos un espazo para facer unha [visita virtual á nosa radio](#). Estes dous apartado das web, están en proceso de

construción, pois estamos a actualizar os contidos paulatinamente debido ás obras recentes.

Neste proxecto educativo é preciso destacar tamén a nosa participación nos proxectos “[Radio Espora](#)” e “[Ponte nas Ondas](#)” (Patrimonio Inmaterial da Humanidade). Despois de ser presentada na UNESCO polos embaixadores de Portugal e España, a candidatura de “Ponte nas ondas”, entrou na fase final avaliación por parte do organismo internacional. Nesta etapa o comité avaliador decide as propostas de inscrición das candidaturas de patrimonio inmaterial para ser proclamadas na XVII sesión do Comité da UNESCO que se celebrará no próximo mes de decembro.

O noso centro educativo formará parte polo tanto, da Lista Representativa do PCI (Patrimonio Cultural Inmaterial), o Rexistro das Boas Prácticas está conformado por experiencias que demostren a súa eficacia na preservación e a transmisión do patrimonio vivo. Estes métodos e enfoques deben entenderse como modelos e ensinanzas útiles adaptables a outras circunstancias, incluso en países en desenvolvemento.

#### 1.6.1 OUTROS CONTIDOS ANTERIORES DE ÉXITO:

\* **RADIO-TEATRO**, “[Destino escuro](#)”: Creación e gravación da serie “Destino escuro”. Despois do éxito ineludible da primeira tempada da serie, acadando incluso premios a nivel internacional, como o [1º PREMIO – no Concurso Internacional de Radio Escolar SCHOOLS 21C \(2021\)](#).

Premiados [aquí](#). Preme no seguinte enlace para escoitar a [1ª temporada da serie!!](#)

\* **DOBRAXE e ANIMACIÓN EN GALEGO**: “[NÓS DOBRAMOS](#)”: A adaptación de guións e dobraxe de debuxos animados en Lingua Galega foi outra das nosas estratexias para poñer en valor a nosa lingua.

Deixámosvos o enlace ao capítulo de “[A patrulla canina Salva a lingüa Galega](#)”.

#### 1.6.2 Premios recoñecementos polo noso traballo coa Radio Escolar:

No blogue da Radio pódense ver os diferentes traballos premiados. Accede á info premendo no seguinte [enlace](#).

#### 1.7 TELE ESCOLAR:



“**Tele ramalloseir@s**”: O traballo na tele é unha continuación do proxecto de radio, seguindo as mesmas dinámicas de traballo cos diferentes proxectos (toponimia, recollida de música tradicional,...). E servindo de escaparate para ensinar todos os nosos traballos e avances nos proxectos. Seguindo diferentes sistemas: informativos, programas culturais/documentais, entrevistas...

O noso estudo de televisión atópase no mesmo edificio onde da radio, atópase o estudo de televisión, equipado cun croma pintado na parede, focos, trípodas, “pronter” e outro material técnico para facermos tele e outras montaxes de vídeo.

**1.8 CONVIVENCIA NO CENTRO:** Actividades e estratexias de convivencia no centro: Esta pata tamén terá o seu espazo, a través dun Plan Específico de Convivencia, a través do cal dotaremos aos nenos/as de ferramentas para mellorar as relacións sociais cos seus alleos e traballar outros aspectos como o respecto, a tolerancia, a xestión da frustración, a didáctica do xogo (aprender a xogar), o fomento dos xogos tradicionais, etc. Pero tamén de forma explícita, por posibles conflitos que ás veces derivando mal uso de certas redes sociais e internet.

**1.9 CERTAMES – CONCURSOS:** Por suposto, non faltamos á participación en diferentes certames, programas ou actividades programadas ao longo do curso para a Dinamización da Lingua Galega; Concurso de Radio Escolar (Bibliotecas Escolares), Tíralle da lingua (ASP), Enreguéifate (concellos de Ames, Pontevedra, Rianxo, Santiago de Compostela e Teo),...

### **WEB-GRAFÍA DE ACTIVIDADES E RECURSOS:**

Resumo xeral dalgúns dos enlaces de especial interese relativos ás mencionadas actividades propostas:

-Proxecto de Música e Percusión Tradicional Galega; “Ramallosa Musical”

<https://www.ramallosamusical.com/>

-“RadioRamalloseir@s”

Canle de podcast: [https://soundcloud.com/radio\\_ramalloseiros](https://soundcloud.com/radio_ramalloseiros)

Páxina Principal: <https://www.ramallosamusical.com/radioescolar>



Blogue Radio Escolar: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/taxonomy/term/139>

**-Radio-Teatro: Serie "Destino Escuro"**

<https://soundcloud.com/oscar-suarez-carbia/sets/destino-escuro-1-season>

- Fenómeno Tanxugueiriñas:

<https://www.ramallosamusical.com/fenomenotanxugueiriñas>

- Xosé Mosquera; O vello dos contos

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/taxonomy/term/139>

- Blogues de EDLG na páxina web do centro:

- **Novas EDLG**
- **Visitas ilustres; Escritor@, músic@s...**
- **Proxecto Didáctico Antonio Fraguas**
- **Xosé Mosquera: O Vello dos Contos**
- **Proxectos Ponte nas Ondas**
- **Cóntame un conto (APOI)**
- **Tíralle da Lingua (ASPG)**
- **Letras Galegas**
- **Samaín/Magosto**
- **Radio Escolar**
- **Radio Ramalloseir@s PODCAST**
- **21 días co galego e+**
- **Proxectos**

- Páxina de facebook: <https://www.facebook.com/ramallosamusical/>

Por suposto, moitos destes traballos, teñen un carácter continuísta, de cara a seguirmos afondando na consecución de futuros obxectivos na mesma liña.

- Proxecta+:

\*Proxecto Didáctico Antonio Fraguas <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/taxonomy/term/153>

\*Escola Verde <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3520>

**Partillamos os enlaces da páxina web do centro cos diferentes proxectos do centro integrados no "Proxecto Didáctico Antonio Fraguas" (Museo do Pobo Galego):**

***(PREMENDO EN CADA UN DOS SEGUINTES APARTADOS PÓDESE ENTRAR NO ENDEREZO WEB DO PROXECTO INDICADO)***

[Patrimonio Cultural Galego](#)

[Xogos tradicionais](#)

[Gala de Entroido Antonio Fraguas](#)

[Entroidos Tradicionais Galegos](#)

[O galego na hª. SocioLing e Literatura](#)

[Proxecto "Recollida"](#)

[Música tradicional galega](#)

[Imaxes Patrim. Galego-Portugués \(PNO\)](#)

[Cóntame un conto \(APOI\)](#)

[21 Días co Galego e+](#)

[TeoPonimia](#)

[TeoArts](#)

[Composicións Musicais](#)

[Dobraxa. Animación en Galego](#)

[EDLG Outras Actividades](#)

[Radio Ramalloseir@s](#)

[\\*Canle de Podcast](#)

## **2 ESCOLA VERDE: ECOTEO**

Entre os **eixes e propostas** de "EcoTeo" programaremos diferentes propostas. Todas elas relacionadas cos ODS (Obxectivos da Axenda 2030).

**Xestión dos refugallos:**

- Reciclaxe/Concienciación/Clasificación...



- Xestión de residuos, puntos limpos, plantas de tratamento do lixo...
  - Problemática no Concello co vertedoiro de Toysal: Realización dalgunha charla informativa sobre o tema, participación dalgún alumnado nas actividades propostas polo concello para esta reivindicación.
- Problemática do Plástico:
  - Traballárase a temática a nivel titoría través de vídeos/documentais que colgaremos no servidor/Aula virtual do centro.
  - Proponse como posible actividade, a creación dunha escultura entre todos os discentes do centro, cos materiais de refugallo plásticos (tipo botella), reciclados durante os primeiros meses do curso. Por suposto, todo o material debe estar previamente lavado para evitar malos cheiros e proliferación de bacterias.

**Ecosistemas:** Tratamento da problemática "especies autóctonas/invasoras".

**"EcoRamalloseir@s":** *Levar a aplicación destes valores ao propio ámbito de actuación do centro a través de tarefas e actividades interdisciplinares no mesmo.*

- **Mural/Rocódromo reivindicativo (vídeo Making Off):** Participarán todos os cursos pintando sobre un bocexo feito polos mestres (@s neno@s colorearían o mural). Sobre este mural, despois, estudarase a posibilidade de montar un rocódromo en sentido horizontal, a 50 cm do chan como máximo (se as condicións da parede o permiten).
- **Protexemos as nosas árbores.** Programación de diferentes actividades dirixidas a que as nosas árbores do patio "respiren", a terra e poida acumular auga e nutrientes, etc. Co fin de que estas poidan ter un crecemento normalizado.
- **Plantamos as nosas árbores:** Aproveitando a día da árbore, seleccionáranse especies autóctonas para que cada nivel plante unha árbore. Posteriormente, a estas árbores, cada grupo terá que facerlle a protección coas botellas e o seu coidado.
- **"Brigadas":** A proposta para as Brigadas de Limpeza/Supervisión será a seguinte:



- Para involucrar a todo o alumnado (dende EI ata 6º de EP), realizaranse quendas de "recollida de lixo por aulas" e semanas. A semana que lle toque, esa aula deberá baixar (co titor) dous días (martes e venres, por exemplo) a facer unha recollida de lixo por todo o patio (fóra das horas de recreo e de ler). Entregaremos unha luva a cada neno/a e bolsas de lixo para a recollida. Sería importante cuantificar esa cantidade de residuos recollido, polo que está en estudo, a posibilidade de "pesar" esas bolsas que se recollen e levar un control para ver se, co paso do tempo o lixo vai a menos. (haberá que mercar unha báscula que nos permita realizalo de xeito cómodo).
- As "Gardas Medioambientais" estarán formadas por nenos/as voluntarios/as de 4º, 5º e 6º de EP. A súa función será controlar os espazos onde se desenvolven os xogos durante o recreo e comprobar que están limpos. Se as zonas teñen lixos, pararán os xogos ata que quede todo recollido (realizárase unha reunión cos "Gardas" para explicarlles ben as súas funcións). Todo elo atendendo aos requisitos establecidos no protocolo COVID no tocante á coordinación e traballo dos diferentes niveis educativos.
- **EcoCativ@s:** Accións no patio de Educación Infantil.
  - Decoración do Muro que rodea o patio exterior con motivos plásticos levados a cabo polos propios discentes de Ed. Infantil baixo a supervisión da mestra de **Ed. Plástica** desta Etapa Educativa.
  - Plantación de hortalizas e outras plantas en xardineiras.
- ***Publicación online das diferentes vías de traballo:*** *Publicaremos na web todo o traballo realizado para confeccionar un repositorio de contidos e actividades educativas con todas as achegas.*

**Realización de posibles saídas coa temática do Proxecto: SOGAMA, SOTAVENTO,** Limpeza do entorno do noso Río Tella ("Proxecto Ríos"),...



Dende a **Área de Ed. Musical**, propóñense tamén outras actividades nesta área relacionadas con este proxecto:

- **EcoRock:** Promover esta composición para o centro en galego, e e o seu video-clip oficial.
- **"EcoPercusión":** Composición con utensilios cotiáns e restos de refugallo.

Partillamos os enlaces da páxina web do centro cos diferentes apartados deste proxecto:

### [Desenv. Sostible. Axenda 2030](#)

#### Horta Escolar

#### Brigadas de limpeza

#### Plantando árbores con Pinceis

#### Intervencións no patio

#### Vulcanoloxía. Desastres naturais

#### Outros contidos EcoTeo

#### Composicións Musicais

#### Radio Ramalloseir@s

#### \*Canle de Podcast

### 3. Proxecto de Centro: "[A nosa Música](#)".

Arredor desta actividade xiran diferentes propostas educativas durante todo o curso vencelladas ao amor dos discentes pola nosa música e cultura. Todo isto dunha maneira globalizada e integrada noutros proxectos e actividades dos diferentes equipos de traballo do centro (EDLG, Extraescolares, TICs, Convivencia,...)

### 4. Proxecto [Aulas Musicais](#)// [21 Días co Galego e+](#):

Con este Proxecto de centro, encadrado nas actividades da Biblioteca escolar e tamén dentro do programa "[21 días co galego e+](#)", pretendemos darlle visibilidade á nosa lingua, música e cultura a través dos nosos artistas para achegar o seu traballo e amor

pola nosa lingua e poñendo en valor todo o que isto representa e significa para nós como pobo.

Todas as aulas e espazos do centro quedan apadriñadas/amadriñadas por artistas da nosa terra e sementando nos máis cativos a importancia de coidar o noso.

Neste [enlace](#) pódense escoitar todas as [entrevistas realizadas](#) nos nosos estudos de **Radio Ramalloseir@s**, aos artistas padriños/madriñas de aulas que nos visitaron. No seguinte link, tamén podedes ver un feixe de fermosas actividades que fomos facendo ao longo deste curso escolar detro do proxecto **"21 días co Galego e+"**: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/taxonomy/term/194>

### **VISITAS DE AUTORES E PERSOEIROS ILUSTRES:**

No centro tratamos de dinamizar este aspecto todo o posible. Así, a visita de escritores/as, ilustradores, músicos/as, etc, está á orde do día. Tratamos ademais de facer coincidir as súas visitas cun traballo previo na aula sobre o persoeiro que nos visita (lectura dun libro do artista, estudo da súa vida artística, ...)

### **O PROFESORADO, COLABORADORES DE BIBLIOTECA & CLUB DE CONVIVENCIA:**

O alumnado colaborador é imprescindible para a vida e dinamización activa da biblioteca. Son a ponte entre o traballo dos docentes e os seus colegas alumnos/as. O seu traballo está ligado tamén ao traballo do **"Clube de convivencia do centro"**, a través do traballo colaborativo co **"Departamento de Orientación do Centro"** Para iso o profesorado que xestiona este espazo debe ser consciente de certas cousas que tamén debe ir inculcando aos colaboradores de forma gradual. Así, o persoal de biblioteca debería dispoñer e inculcando as seguintes competencias e coñecementos para desenvolver un traballo eficaz e competente na biblioteca do centro. Entre outras cousas poderíamos citar varias cousas para favorecer que este espazo sexa un centro de información, aprendizaxe, cultura e relación social. Por exemplo:

Entender as teorías do desenvolvemento e psicoloxía infantil, incluíndo a comunicación, a linguaxe e a alfabetización, e as súas implicacións para a biblioteca.

Deseñar, entregar efectivamente e avaliar unha variedade de técnicas, programas e actividades divertidas e atractivas para satisfacer as necesidades de toda a poboación infantil da comunidade educativa.

Demostrar o “coñecemento” e a xestión da cultura infantil actual: literatura, xogos, música e películas, uso infantil de contidos dixitais e medios de comunicación, e doutros materiais que contribúan a unha colección infantil diversa, inclusiva e relevante.

Manterse informado sobre as tendencias das tecnoloxías emerxentes, o mundo dixital e os medios sociais e as súas implicacións para os servizos bibliotecarios.

Cultivar un ambiente acoledor e de apoio para a poboación infantil e as súas familias a fin de facilitar o acceso á participación nos recursos, programas e actividades da biblioteca.

Facilitar a participación da comunidade e comunicar e colaborar en asociación con outras organizacións que atenden á poboación infantil e ás súas familias na comunidade para lograr obxectivos comúns.

Establecer metas, plans e prioridades para mellorar o noso servizo e traballar de maneira creativa e efectiva cos seus colegas para lograr as metas e prioridades da biblioteca escolar.

Planificar, administrar, controlar e avaliar toda a xestión e tamén os recursos orzamentarios dispoñibles da biblioteca infantil para cumprir cos obxectivos de servizo.

### **OUTRAS ACTIVIDADES CONMEMORATIVAS A DESTACAR:**

- ***“Conmemoracións”*** máis importantes para *fixar a programación de actividades:*
  - Día das bibliotecas (24 Outubro)
  - Samaín-Magosto (28 Outubro – Magosto suxeito á climatoloxía da data)
  - Día Int. Violencia Xénero (25 Nov)
  - Nadal (20 Decembro/)
  - Día da Paz (30 Xan)



- Día de Rosalía (23 Feb)
  - Entroido. Proxecto Musicais (9 de febreiro)
  - Día da Árbore e a poesía (21 Marzo)
  - Día do Libro (23 Abril)
  - Letras Galegas (17 Maio)
- No centro celébranse sempre actividades tendentes á recuperación das **festas e tradicións** citadas da nosa cultura e outras de carácter pedagóxico: Samaín, Magosto, Nadal, Día do libro, Día da Paz, Entroido, Maios, Día das Letras Galegas...
- **SAMAÍN E MAGOSTO ("SamaGosto"):**  
Celebraremos as habituais festas do Magosto e o Samaín con diferentes actividades relacionadas con esta temática; Exposición de cabazas, o recuncho do terror, conxuro da bruxa Catuxa,...
- Como sempre, comeremos as castañas que se encargará de facer o equipo de "Mestres Especialistas" do centro. Xogaremos, cantaremos e bailaremos nesta agardada e fermosa festa familiar do outono. Na que non faltará o canto do noso himno oficial desta festa; o "SamaGosto".
- **CELEBRACIÓN DO DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO:**  
O día 23 de febreiro, coincidindo co seu aniversario, e seguindo as propostas da Asociación de Escritores/as en Lingua Galega, fixéronse diferentes [actividades](#) co alumnado do centro para homenaxear á escritora.
- **O ENTROIDO:**  
Celebrarase con toda a comunidade educativa, o habitual ***Festival de Entroido*** coa (temática por decidir) e habitual ***decoración do pavillón para a ocasión***. Neste caso a festa xirou entorno á temática do proxecto de centro "A Música", levando toda a [gala de entroido](#) a esa temática, con coreografías e cancións de músicas de diferentes estilos e épocas.
- **OS MAIOS:** Propoñerase un traballo cos nenos e nenas nas dúas vertentes da festa, tanto recollendo e creando coplas tradicionais para cantar, como na elaboración de Maios con flores, follas e arbustos da nosa contorna.

- As **LETRAS GALEGAS**: Esta celebración merece unha atención especial neste proxecto pola súa importancia, a implicación de toda a comunidade e as actividades programadas. Entre elas, destacamos as seguintes:
- Tráballouse sobre a vida e obra da autora homenaxeada este curso, empregando o material didáctico aportado pola Coordinadora dos **equipos de dinamización da lingua galega** da Consellería de Educación e por outros organismos (Concello, etc).
- Publicouse tamén un especial de Radio adicado á vida da homenaxeada, "[O violino da Vila; o outro lado da Música e a Literatura](#)" Tráballo que acadou ademais o [1º premio no Certame internacional de Podcast Xosé Mosquera; O Vello dos contos](#)".
- **Obradoiro de "Regueifa" en galego**. Actividade iniciada o curso pasado a través da materia de Ed. Musical, de cara a encamiñar aos discentes na dinámica da proposta (cantares a dúo ou trío a modo de regueifa e acompañados con bases musicais). Un dos obxectivos será engarzar tamén a temática dalgunha das regueifas coa conmemoración das **Letras Galegas**. Confiamos no positiva que poderá resultar a actividade para fomentar no alumnado a improvisación lírico-musical, a creatividade, o gusto pola música en galego, e o recoñecemento da nosa lingua e cultura dunha maneira transversal.
- Volveremos a asistir á que será xa a V Edición da "**Regueifesta**", que pon en valor a regueifa como eixo dinamizador no ámbito da innovación lingüística. Presentaremos ao **concurso** un videoclip cunha regueifa con temática relacionada cos nosos proxectos de centro
- **Romaría das Letras Galegas**: A tradicional Romaría do centro no Coto de Xirimbao, desprazouse ao propio centro, onde os cativos e cativas desfrutaron de innumerables actividades lúdico-culturais e musicais. Os **xogos tradicionais**, a **música e o baile tradicional galegos**, etc

Tamén se celebraríase o "**xantar popular**" co alumnado e as familias, ou se non é posible, só co alumnado. Esta festa supón unha excelente ocasión para fomentar as relacións entre os distintos membros da comunidade educativa. Todo isto, nun marco natural incomparable do noso Concello, como xa citamos anteriormente.

Esta actividade leva facéndose dende o curso 2006-2007, e o carácter familiar e integrador para coas familias e veciños que participan da mesma, fan desta xornada unha auténtico luxo de festa e aprendizaxes significativos, que pretendemos siga tendo longa vida.

- Expoñéronse na zona da “ludoteca” do colexio os habituais **murais** sobre a vida e a obra do/a homenaxeado/a nestas **Letras Galegas**, desta volta, a nosa **Luisa Villalta**
- Recompiláronse e difundíronse a través da **páxina web** todas as actividades desenvolvidas no centro para potenciar o uso da lingua e a cultura propias como sinal de identidade.
- Puxemos ao alumnado en contacto coa realidade do país mediante a realización de **visitas** de carácter didáctico e **charlas** con **escritores/as e personaxes significativos** da vida social galega.
- Participamos, en todas as **actividades** promovidas polo noso **Concello, ANPA** e outras **Asociacións** da nosa contorna.
- Recuperamos **xogos tradicionais** que se puxeron en práctica en distintas conmemoracións do centro. Especialmente nas **“Xornadas de xogos tradicionais no centro”** celebradas todos os anos durante o horario de recreo da semana previa ao festexo da nosa tradicional **“Romaría das Letras Galegas”**, día no que estes xogos cobran un gran protagonismo.
- **Exposición de fotografías:** montaxe de murais con fotografías de cada evento. Tamén de obras aportadas polas familias que ambienten os corredores do centro.
- Traballo con fins expositivos sobre **persoeiros** dos diferentes eidos da nosa cultura.
- Estudo da **música e o baile tradicional galego** a través do coñecemento dos principais instrumentos e ritmos galegos e dos principais intérpretes de música tradicional, en colaboración coa área de educación musical.
- **25N, DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO:** Aproveitando a implantación do **Proxecto Ukelele** na **Área de Ed. Musical**, cantamos a nosa adaptación ao galego da canción **“La Puerta Violeta de Rozalén”**. Que xunto cun **manifesto** reivindicativo, serviunos para tratar a **importancia da loita contra violencia de xénero**. Na zona da ludoteca luciron

tamén os **carteis reivindicativos** confeccionados polo alumnado con motivo deste conmemoración.

- **NADAL:** Celebramos o xa habitual **Festival de Nadal** onde non faltarán as **panxoliñas e cantos de reis tradicionais cantadas e tocadas polo alumnado e profesorado**. Tamén elaboraremos os tradicionais **decorados de Nadal, as historias do apalpador...**
  - **Actuación:** "CAXOTO"; "Un Paxe Real en apuros". Espectáculo de conta contos destinado a todo o alumnado do segundo ciclo de Ed. primaria
  - **CONCURSOS-CERTAMES-PROGRAMAS:** Participamos en diferentes concursos, programas ou actividades programadas ao longo do curso para a Dinamización da nosa Lingua e cultura. Entre eles podemos citar os seguintes; **Participación na Rede Espora**, "Certame Escolar da Fundación Granel (Obradoiro de Ed. Arte na etapa de Ed. Infantil), [Tíralle da lingua](#) (ASP), "[Cóntame un conto](#)" (APOI, Museo do Pobo Galego), [21 días co Galego](#) (Equipos de Dinamización da Lingua Galega), [Enreguéifate](#) (concellos de Ames, Pontevedra, Rianxo, Santiago de Compostela e Teo), "[Imaxes do Patrimonio Galego-Portugués](#)" (PNO), Certame Internacional de podcast "[Xosé Mosquera; O vello dos contos](#)" (Arraianos Producións),...

Finalmente, partillamos unha vez máis, o acceso aos menús do espazo web do blog do "EDLG" na páxina web do centro:

- [Novas EDLG](#)
- [Visitas ilustres; Escritor@, músic@s...](#)
- [Proxecto Didáctico Antonio Fraguas](#)
- [Xosé Mosquera: O Vello dos Contos](#)
- [Proxectos Ponte nas Ondas](#)
- [Cóntame un conto \(APOI\)](#)
- [Tíralle da Lingua \(ASPG\)](#)
- [Letras Galegas](#)
- [Samaín/Magosto](#)
- [Radio Escolar](#)
- [Radio Ramalloseir@s PODCAST](#)





**XUNTA DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

Travesía da Ramallosa, 9  
15883 – Teo (A Coruña)  
Teléfonos: 881866491 – 881866494  
www.edu.gal/centros/ceipramallosa  
ceip.ramallosa@edu.xunta.gal

CEIP Plurilingüe da Ramallosa

•21 días co galego e+

MEMORIA RADIO ESCOLAR CURSO 2023\_24



=EDLG=

**RADIO/TV ESCOLAR**

**"Radio Ramalloseir@s"**



## **"RADIO ESCOLAR"**

A nosa Radio, por motivos técnicos e principalmente para facilitar o uso simultáneo de todos os espazos da biblioteca, o noso Estudo de Radio atópase noutro edificio contiguo, de maneira que o ruído non interfira nas nosas producións de radio. Conta cun faladoiro e un control técnico amplos e equipados coas últimas tecnoloxías separados por unha "peceira". Canle de podcast; "Radio [Ramalloseir@s](mailto:Ramalloseir@s)"

Proxecto iniciado no curso escolar 2020\_21, adicado á realización de; Obradoiros de Radio, teatro radiofónico, dobraxe, edición e gravación de música e vídeo...

Mencionar tamén a nosa participación nos proxectos "**Rede Espora**" e "**Ponte nas Ondas**" (Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade 2023).

Seguiremos tentando formar parte do proxecto "**Radio na biblio**", do que quedamos, ao noso parecer, sorprendentemente excluídos nas últimas tres convocatorias.

## **METODOLOXÍAS DE TRABALLO:**

As dúas propostas, levan implícito, como metodoloxía de traballo, a parte do habitual traballo en aula e preparación técnica, a creación de *grupos e espazos de traballo específicos* tipo "**co-working**". Cun marcado **carácter tecnolóxico** e directamente ligadas ás necesidades que nos demandan os diferentes **procesos de cambio social** que estamos a experimentar. Co obxectivo de que estas aprendizaxes lles sexan útiles aos discentes no seu futuro persoal e profesional. Por suposto isto leva consigo unha colaboración e *participación activa de todo o profesorado*. Senón o proxecto non tería sentido, pois sería imposible un aproveitamento integral de todo o alumnado.

## **SELECCIÓN DE ESPAZOS FÍSICOS:**

Acordamos empregar para estes dous fins educativos (radio e tele), a **antiga casa do conserxe** do centro. Despois de moito pensar e barallarmos prós e contra, decidimos que era o mellor sitio por diferentes motivos. En primeiro lugar porque era un espazo desaproveitado totalmente e en segundo, porque buscamos en todo momento estar o máis illados posible do barullo das aulas ordinarias e outros espazos. Para que a vida do



centro influíse o menor posible no desenvolvemento destes traballos por causa da contaminación acústica. Entendendo que o presuposto do centro non pode asumir unha insonorización total do espazo, pois sería tremendamente custoso. Por outra banda, deste xeito tamén interferimos menos no uso e aproveitamento da **Biblioteca**, a **Ludoteca** e a **Mediateca**. Engadir un espazo de traballo máis na mesma zona parecíanos un desaproveitamento dos recursos por non ser operativo confluír nestes tres espazos durante as gravacións dos programas.

### **OBXECTIVOS EDUCATIVOS E COMPETENCIAIS:**

Os mencionados espazos creativos implican e supoñen fomentar innumerables competencias educativas e ademais dun xeito totalmente transversal e globalizado. Pois calquera área do currículo se pode levar a estes medios de traballo tan innovadores. Fomentando en primeiro lugar a motivación dos discentes e por engadido, innumerables aspectos vitais para o desenvolvemento integral e sensorial do alumando. Neste sentido poderíamos destacar mil cousas; o poder da imaxinación, a maxia de crear, a música como canle para aprender, a expresión e dinamización da linguaxe escrita e oral, a comunicación, a cultura xeral, diversión, a capacidade de reflexión, o traballo en equipo, e tamén tecnoloxía, novidade e realidade social.

E todo a través de ferramentas didácticas TIC que teñen pouca presenza na escola e que coa chegada da informática, Internet e o “abaratamento” da tecnoloxía facilitan o seu uso como ferramentas didácticas do máis enriquecedoras.

### **CONCLUSIÓN:**

Todas estas actividades son un **xerme para o futuro** do noso alumnado. Unha posible **saída profesional** para o seu futuro dentro de ámbitos que ás veces descoñecen ou lles quedan moi lonxe por motivos **socio-culturais** e/ou **inter-xeracionais**. Quen sabe, pero pode ser que do CEIP Plurilingüe da Ramallosa saian novos reporteiros/as, presentadores/as, produtores, directores/as de cine, “guionistas”, cámaras, compositores/as, investigadores/as, escritores/as...

Como ben di o refrán a única maneira de recoller é sementar, e iso é o que pretendemos facer como docentes con este proxecto educativo.




### **RECOÑECEMENTOS:**

- **PREMIO SCHOOLS 21C:** Recibimos na Universidade de Santiago, o **1º Premio no Concurso Internacional de Radio Escolar "Schools 21C"**

Un evento organizado dentro do **Proyecto Europeo Schools 21 Century**. Os obxectivos do mesmo son promover a cualificación do profesorado e alumnado nas competencias mediáticas entre todos os profesores/centros de; **España, Portugal, Italia e Lituania**.

Atallo á publicación da nova:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/2927>

Link para escoitar os catro capítulos da serie premiada; "**Destino Escuro**- Schools21C **ro**".

- **Premios no Certame Internacional de Podcast Xosé Mosquera Pérez "O Vello dos Contos"**.

*Todos os traballos e premios recibidos no seguinte [enlace](#).*

Ver a EXPO de este ano no centro [aquí](#)

Recibimos tamén unha **formación gratuíta** por cortesía dos EDLG polo recoñecemento neste certame.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Travesía da Ramallosa, 9  
15883 - Teo (A Coruña)  
Teléfonos: 881866491 - 881866494  
www.edu.gal/centros/ceipramallosa  
ceip.ramallosa@edu.xunta.gal

CEIP Plurilingüe da Ramallosa

# PREMIOS INTERNACIONAIS DE PODCAST XOSÉ "O VELLO" dos MOSQUERA PÉREZ CONTOS



Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade,





Recoñecemento da UNESCO ao colectivo docente "Ponte nas Ondas" (do que formamos parte), como **"Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade, na categoría de boas prácticas educativas"**.

O Rexistro das Boas Prácticas está conformado por experiencias que demostran a súa eficacia na preservación e a transmisión do patrimonio vivo. Estes métodos e enfoques enténdense como modelos e ensinanzas útiles adaptables a outras comunidades autónomas, países ou circunstancias. Incluso en países en vía de desenvolvemento.



### - PREMIOS "V CERTAME: IMAXES DO PATRIMONIO GALEGO-PORTUGUES"

Premios e Recoñecementos:



En  
la-  
ce  
á



nova: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/taxonomy/term/162>





## **FORMACIÓN A CENTROS E OUTROS RELATORIOS/CONGRESOS**

**FORMACIÓN ESPECÍFICA A CENTROS:** O coordinador do EDLG e da Radio Escolar imparte **formación a centros** no proceso de posta en marcha das súas radios escolares e outras demandas. Así mesmo, tamén colabora co colectivo PNO na formación docente a través dos CAFI e CEFORES provinciais.

### **- "I CONGRESO DE INNOVACIÓN EDUCATIVA E DIXITAL"**

Fomos seleccionados e convidados como relatores no presente curso escolar, para impartir o **"Obradoiro de Radio Escolar"** no **"I Congreso de Innovación Educativa e Dixital"**. Foi un orgullo para nós e unha recompensa ao noso esforzo e traballo, ter a oportunidade de compartir a nosa experiencia con máis docentes e alumnado de todo Galicia.

Enlaces de Interese á nova:



[https://www.facebook.com/permalink.php?story\\_fbid=pfbid0D74r3euHTi7ZWLRy6v8L-zM7hZN8aFFqJhBLUVDfdnkyg2ShycVDPKtBZZ4ZNEjULL&id=100213921729884](https://www.facebook.com/permalink.php?story_fbid=pfbid0D74r3euHTi7ZWLRy6v8L-zM7hZN8aFFqJhBLUVDfdnkyg2ShycVDPKtBZZ4ZNEjULL&id=100213921729884)

- Convite por parte dos "Equipos de Dinamización da Lingua Galega" o pasado curso, como **relatores nas "Xornadas do día das Letras Galegas; Francisco Fernández del Riego"** (Don Paco).

Presentamos unha experiencia na que conxugamos a Radio escolar coa Intelixencia artificial. Deste traballo saíu o podcast; "**Del Riego nas Ondas. Radio Escolar e Intelixencia Artificial**". Podedes ver todo o traballo e outras novas no seguinte [enlace](#).







### **ESTUDO DE RADIO:**

Dende fai xa 4 cursos, iniciamos un proxecto de **mellora técnica e construción dun novo espazo para a Radio Escolar** do centro. A pesares de non recibirmos ningunha axuda económica para este fin, o "Equipo directivo", o "EDLG" e o "Equipo de Biblioteca Escolar", co apoio de todo o claustro e tamén persoal non docente, apostouse por esta inversión, facendo un gran **esforzo económico** para chegar ao fermoso proxecto do que hoxe poden desfrutar os discentes.

No seguinte enlace poden verse imaxes dalgunhas das inversións en material técnico e informático:

[https://drive.google.com/drive/folders/1b70g-OYKGn4u53mipQe2URLZ3jryX\\_G-?usp=sharing](https://drive.google.com/drive/folders/1b70g-OYKGn4u53mipQe2URLZ3jryX_G-?usp=sharing)

Compartimos tamén algunha do proceso das obras realizadas no espazo do que hoxe é a nosa radio.

<https://photos.app.goo.gl/6TBiwaLhj1T9xsyx6>





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Travesía da Ramallosa, 9  
15883 - Teo (A Coruña)  
Teléfonos: 881866491 - 881866494  
www.edu.gal/centros/ceipramallosa  
ceip.ramallosa@edu.xunta.gal

CEIP Plurilingüe da Ramallosa







### MURAL DO ESPAZO DA RADIO:

A través do proxecto "Plantando árbores con pinceis" de "AFUNDACIÓN Abanca", levouse a cabo un fermoso mural na parede do edificio da Radio Escolar. No mesmo participou o alumnado de sexto de Ed. Primaria. Máis info e montaxes de vídeo desta actividade no seguinte [enlace](#)





**“TELE ESCOLAR” E “VIDEO-CREACIÓN EDUCATIVA” (Tele Ramalloseir@s).**



Estamos traballando xa con este novo espazo. Un proxecto multi-disciplinar e transversal totalmente novidoso! A televisión escolar é outra das nosas apostas. A creación dunha canle de vídeo escolar en liña, permite traballar a creación de guións, a produción, realización e edición de vídeos; a procura de información, o tratamento de fontes e distintas habilidades de comunicación como a empatía, escóitaa ou o falar en público. As televisións deste tipo permiten narrar os proxectos de centro ou de curso, ou mesmo, dunha única materia; o que ademais permitiría traballar directamente coñecementos curriculares. A parte de todo isto, complementase perfectamente co traballo xa consolidado de radio escolar.





## **OUTRAS ACTIVIDADES DA NOSA RADIO:**

### **- DÍA MUNDIAL DA RADIO:**

Fomos convidados polos compañeiros de *"Ponte nas Ondas"* para participar no *programa en directo* que fixemos na *Facultade de Xornalismo* da **USC** con motivo da efeméride do **Día Mundial da Radio**. Fixemos un programa adicado a esta data, afondando no noso patrimonio cultural/musical. Na que por suposto, non faltaron as actuacións musicais en directo do alumnado do centro.

Enlace á entrevista: <https://www.youtube.com/watch?v=86FsE2WGUIQ&t=8196s>

Enlace á nova na web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3279>





-

### ***RADIO VISUAL EN DIRECTO NO MUSEO NACIONAL DE ANTROPOLOXÍA***

*Este ano, a través de Ponte nas Ondas levamos o noso patrimonio cultural en directo ao Museo Nacional de Antropoloxía (Madrid). Foi unha experiencia fermosa onde amosamos a visitantes e medios de comunicación o modelo Ponte nas Ondas nunha colaboración estreita entre o noso centro, o IES Pedras Rubias e os compañeiros do Colectivo PNO.*

*Podedes ver máis cousiñas desta visita nos seguintes enlaces:*

- \* Radio/Visiual en directo: Visionado do [Programa completo](#).*
- \* Visita a Madrid. [Publicación - Imaxes](#).*
- \* [Reel](#) da experiencia.*



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Travesía da Ramallosa, 9  
15883 - Teo (A Coruña)  
Teléfonos: 881866491 - 881866494  
www.edu.gal/centros/ceipramallosa  
ceip.ramallosa@edu.xunta.gal

CEIP Plurilingüe da Ramallosa



PROXECTO AULAS MUSICAIS / 21 DÍAS CO GALEGO 3+



"Radio Ramalloseir@s"  
"Proxecto Aulas Musicais" - (21 días co Galego e+)

hace 3 meses

# Música, lingua e cu...



*Ao longo de todo o curso fóronnos visitando un montón de artistas, e por suposto, a meirande parte deles pasaron tamén polos nosos estudos de Radio. Este [enlace](#) podedes escoitar os programas. Seguimos subindo contidos, pois este proxecto non ten fin. Estamos felices!!*

### **PROXECTO ROQUE IRO (RADIO EN DIRECTO NA BIBLIO DURANTE OS RECREOS)**





Este proxecto educativo, nace ligado á Radio Escolar e á Fonoteca do centro, dándolle unha volta de folla máis ao programa "Radio na Biblio" en colaboración co equipo de EDLG.

A través da figura de "Roque Iro", personaxe que guía o proxecto, iniciamos unha nova andadura e un novo reto educativo; realizar un programa de radio en directo durante o tempo de recreo (patio). No que o alumnado se irá rotando na labor de locu-

tor@/presentador@ alumnado, e a través da revista-guía que conduce o Proxecto, presentará aos seus compañeiros diferentes músicas con menos presenza dentro das emisoras comerciais actuais. Abríndolle aos discentes un horizonte de novas músicas e inquietanzas á par de reforzar tamén outros proxectos educativos do centro.

Queremos que este proxecto dure no tempo e é por iso que faremos distintas entregas da “**Revista Roque Iro**”, editada e producida polo profe "Xabi". No primeiro trimestre do curso 2024/25 presentaremos ao alumnado o número 2 e a partir de aí poderemos valorar a acollida deste proxecto e decidir publicacións futuras.

***Outros enlaces de interese do noso Proxecto de Radio Escolar:***

Páxina principal radio: <https://www.ramallosamusical.com/radioescolar>

Canle oficial de radio/podcast: [https://soundcloud.com/radio\\_ramalloseiros](https://soundcloud.com/radio_ramalloseiros)

Blogue Radio: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/taxonomy/term/139>

Vídeo-tutoriais/Formación: <https://www.ramallosamusical.com/videotutoriais>

Visita virtual: <https://www.ramallosamusical.com/visitavirtualradio>

Novas en Facebook: <https://www.facebook.com/ramallosamusical/>





### d) O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares ( EACE)

En base aos obxectivos propostos para a PXA ó inicio do curso escolar 2023-24, consideramos que se alcanzaron os obxectivos propostos.

Utilizamos as actividades propostas por este Equipo co fin de fomentar a formación e a participación do alumnado deste centro.

Aproveitamos todos os recursos que foron posibles: Concello de Teo, Auditorio de Galicia, Fundación ABanca, Museo do pobo galego e as que constan na Orde de 3 mayo de 2023 pola que se aproba o calendario escolar e que a continuación detallamos.

Moitas das actividades que se desenvolveron ao longo deste curso estaban relacionadas cos proxectos de Centro que fomos traballando este ano: **“Comando verde”** e **“Proxecto de centro Aulas musicais”**

Celebráronse por niveis as diferentes conmemoracións marcadas polo centro e reflexada na PXA.

NIVEL	ACE – OUTUBRO 2023
E.I.	<b>TÍTERES GALICREQUES</b> <i>Data:</i> 10 de outubro <i>Lugar:</i> Alameda de Santiago <i>Descrición da actividade:</i> Luis Vallecillo (Galiza) Selkie, a lenda do mar do norte.
6º E.P.	<b>CHARLA EXPLICATIVA PARA A PARTICIPACIÓN NO CONCELLO LOCAL DA INFANCIA E ADOLESCENCIA.</b> <i>Data:</i> 24 de outubro <i>Lugar:</i> CEIP da Ramallosa <i>Descrición da actividade:</i> Charla informativa para participar no Concello local da infancia e adolescente. Foron escollidos dous alumn@s para participar nun pleno do Concello
3º EP 4º EP	<b>OBRADOIRO PABLO SEOANE</b> <i>Data:</i> 11 de outubro <i>Lugar:</i> CEIP da Ramallosa <i>Descrición da actividade:</i> Obradoiro sobre instrumentos tradicionais ofrecida por Pablo Seoane.



**CEIP Plurilingüe da Ramallosa**

5º EP 6º EP	<b>PLAN DIRECTOR</b> <i>Data:</i> 17 de outubro <i>Lugar:</i> CEIP da Ramallosa <i>Descrición da actividade:</i> Charlas de prevención da Garda civil sobre acoso escolar e cibercriminalidade.
6º EP A-B	<b>"OBRADOIROS REGUEIFAS"</b> <i>Data:</i> 30 de outubro <i>Lugar:</i> Salón de Actos <i>Descrición da actividade:</i> <b>consultar na memoria do EDLG.</b>
TODO O CENTRO	<b>SAMAGOSTO</b> <i>Data:</i> 31 de outubro <i>Lugar:</i> CEIP da Ramallosa <i>Descrición da actividade:</i> Dende o luns 23 de outubro o alumnado trouxo as cabazas decoradas que foron ambientando un terrorífico espazo dedicado á celebración. O venres 31 de outubro o alumnado veu disfrazado, desgustaron unhas merendas terroríficas. Fixeron xogos populares e comerón castañas.

NIVEL	ACE – NOVEMBRO 2023
6º EP C	<b>"OBRADOIROS REGUEIFAS"</b> <i>Data:</i> 3 de novembro <i>Lugar:</i> Salón de Actos <i>Descrición da actividade:</i> <b>consultar na memoria do EDLG.</b>
6º E.P.	<b>VISITA EDUCATIVA AO CENTRO DO MUSEO DO POBO GALEGO E CINE NA SALA NUMAX.</b> <i>Data:</i> 10 de novembro <i>Lugar:</i> Museo do Pobo Galego e Sala Numax Santiago. <i>Descrición da actividade:</i> Visita da nosa exposición premiada do proxecto didáctico "Antonio Fraguas" no museo do Pobo Galego e visualización da película "Barbie" na sala Numax.
6º E.P.	<b>TALLER DE HABILIDADES SOCIAIS</b> <i>Data:</i> 20 de novembro <i>Lugar:</i> CEIP da Ramallosa <i>Descrición da actividade:</i> sesións encamiñadas a traballar as habilidades sociais co alumnado. Primeiramente facíase unha parte teórica a través de presentación powerpoint e posteriormente levábase á práctica a través de xogos de roll para practicar as habilidades sociais.
E.I.	<b>DÍA INTERNACIONAL DOS DEREITOS DA INFANCIA</b> <i>Data:</i> 20 de novembro <i>Lugar:</i> aulas de EI





**CEIP Plurilingüe da Ramallosa**

	<i>Descrición da actividade:</i> Actividades propostas polos titores.
5º E.P	<b>CINE SALA NUMAX</b> <i>Data:</i> 22 de novembro <i>Lugar:</i> Sala Numax, Santiago. <i>Descrición da actividade.</i> Visualización da película "Barbie" en inglés.
6º E.P	<b>CONVIVENCIAS</b> <i>Data:</i> 23 de novembro <i>Lugar:</i> CEIPP da Ramallosa <i>Descrición da actividade:</i> actividade levada a cabo varias veces ao longo do curso que busca establecer lazos de amizade entre o alumnado de 6º dos 3 centros do concello de Teo que o vindeiro curso se xuntarán no instituto.
4º EP	<b>CINE SALA NUMAX</b> <i>Data:</i> 24 de novembro <i>Lugar:</i> Sala Numax, Santiago. <i>Descrición da actividade.</i> Visualización da película "O meu veciño Totoro" en galego. Película de animación xaponesa.
TODO O CENTRO	<b>DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA</b> <i>Data:</i> 24 de novembro <i>Lugar:</i> CEIP da Ramallosa <i>Descrición da actividade:</i> Actividades levadas a cabo nas aulas relacionando o proxecto anual "aulas musicais". Traballouse a partir de cancións. Os traballos foron expostos na entrada da biblioteca.
1º E.P. 2º E.P.	<b>TEATRO ABANCA "VAIA RITMO".</b> <i>Data:</i> 27 de novembro <i>Lugar:</i> Auditorio Abanca, Santiago de Compostela <i>Descrición da actividade:</i> Teatro musical onde presentaron elementos de percusión con melodías cheas de ritmo.
3º E.P	<b>TEATRO AUDITORIO "PULCINELA E MÁSCARA MÁXICA".</b> <i>Data:</i> 20 de novembro <i>Lugar:</i> Auditorio , Santiago de Compostela <i>Descrición da actividade:</i> Real filharmonía de Galicia

NIVEL	ACE – DECEMBRO 2023
4º E.P.	<b>CONTA CON CAXOTO</b> <i>Data:</i> 18 de decembro <i>Lugar:</i> Ceipp a Ramallosa- Salón de Actos <i>Descrición da actividade:</i> Visita dun paxe real moi peculiar, con



**CEIP Plurilingüe da Ramallosa**

	moito humor.
5º E.P 6º E.P	<b>TEATRO IES</b> <i>Data:</i> 14 de decembro <i>Lugar:</i> Auditorio Constante Liste <i>Descrición da actividade:</i> O alumnado asistiu a obra de teatro realizada polo alumnado do IES de Cacheira no auditorio co noso concello Constante Liste.
TODO O CENTRO	<b>GALA CHARRAMANGUEIRA</b> <i>Data:</i> 21 de decembro <i>Lugar:</i> CEIP da Ramallosa- polideportivo <i>Descrición da actividade:</i> realizaremos unha festa para despedir o trimestre/ano con badaladas e 12 gusanitos. O alumnado virá vestido de xeito charramangueiro a festa estará amenizada por diversas cancións con temática de nadal interpretadas polos diversos cursos. Comemos chocolate con churros todos xuntos.

NIVEL	ACE – XANEIRO 2024
4º E.P	<b>SAÍDA Á CORUÑA</b> <i>Data:</i> 9 de xaneiro <i>Lugar:</i> A Coruña <i>Descrición da actividade:</i> Visita dos museos: A Casa das Ciencias (Planetario) e Domus (Museo do Home)
4º E.P	<b>CHARLAS DE IGUALDADES</b> <i>Data:</i> 11, 18, 25 de xaneiro <i>Lugar:</i> CEIPP DA RAMALLOSA <i>Descrición da actividade:</i> 3 sesións de charlas dunha psicóloga dentro dun programa de igualdades. Colaboración co departamento de Orientación, Concello de Teo e Boqueixón.
TODO O CENTRO	<b>DÍA DA PAZ</b> <i>Data:</i> 30 de xaneiro <i>Lugar:</i> CEIP da Ramallosa <i>Descrición da actividade:</i> Actividades propostas polos titores.
3º E.P	<b>SAÍDA AO MUSEO DE HISTORIA NATURAL</b> <i>Data:</i> 19 de xaneiro <i>Lugar:</i> Museo de historia natural – Santiago de Compostela <i>Descrición da actividade:</i> visita ao museo para desfrutar das diversas coleccións que ten en torno á flora e a fauna.

NIVEL	ACE – FEBREIRO 2023
	<b>O GATO CON BOTAS</b>



**CEIP Plurilingüe da Ramallosa**

1º E.P. 2º E.P.	<p><i>Data:</i> 1 de febreiro <i>Lugar:</i> Auditorio de Galicia <i>Descrición da actividade:</i> Per Poc recrea as persoaxes e a escenografía con debuxos do conto popular. Acompañaba a Real Filharmonía de Galicia.</p>
TODO O CENTRO	<p><b>GALA DE ENTROIDO: OS MUSICAIS</b> <i>Data:</i> 17 de febreiro <i>Lugar:</i> CEIP da Ramallosa – Pavillón municipal <i>Descrición da actividade:</i> O reparto por curso foi o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Infantil: "O rei león".</li> <li>- 1ºEP: " Os piratas do caribe"</li> <li>- 2ºEP: "Aladdín"</li> <li>- 3ºEP: "Bailando baixo a choiva"</li> <li>- 4ºEP: " Queen"</li> <li>- 5ºEP: "Mamma Mía"</li> <li>- 6ºEP: "Greace"</li> </ul> <p>Este ano a gala de Entroido ofreceu a posibilidades de donativos voluntarios como entradas para colaborar co alumnado de 6º para a excursión de fin de curso. Cada curso fixo un cartel do seu musical nunha base de cartón pluma.</p>
2º E.P	<p><b>CATA DE QUEIXOS</b> <i>Data:</i> 20 de febreiro <i>Lugar:</i> CEIP da Ramallosa <i>Descrición da actividade:</i> Cata de queixos galegos ofrecida pola concello a cargo Salomé Beiroa</p>
TODO O CENTRO	<p><b>DÍA DE ROSALÍA</b> <i>Data:</i> 23 de febreiro <i>Lugar:</i> CEIP da Ramallosa - Aulas <i>Descrición da actividade:</i> cada titoría realizou diversas actividades para conmemorar o nacemento da nosa insigne poeta.</p>

NIVEL	ACE – MARZO 2023
1º E.P.	<p><b>GADIS</b> <i>Data:</i> 5 de marzo <i>Lugar:</i> Gadis de Cacheiras <i>Descrición da actividade:</i> O alumnado realizou unha visita guiada por un educador ao supermercado de Cacheiras. O noso centro forma parte do programa Alimentos coordinado por Gadis. Traballou posteriormente na aula sobre hábitos de vida saudables e consumo responsable.</p>



**CEIP Plurilingüe da Ramallosa**

6º E.P.	<p><b>CONVIVENCIAS</b>  <i>Data:</i> 5 de marzo  <i>Lugar:</i> Calo  <i>Descrición da actividade:</i> actividade levada a cabo varias veces ao longo do curso que busca establecer lazos de amizade entre o alumnado de 6º dos 3 centros do concello de Teo que o vindeiro curso se xuntarán no instituto.</p>
2º E.P.	<p><b>GADIS</b>  <i>Data:</i> 7 de marzo  <i>Lugar:</i> Gadis de Cacheiras  <i>Descrición da actividade:</i> O alumnado realizou unha visita guiada por un educador ao supermercado de Cacheiras. O noso centro forma parte do programa Alimentos coordinado por Gadis. Traballou posteriormente na aula sobre hábitos de vida saudables e consumo responsable.</p>
TODO O CENTRO	<p><b>DÍA DA MULLER</b>  <i>Data:</i> 8 de marzo  <i>Lugar:</i> CEIP da Ramallosa - Aulas  <i>Descrición da actividade:</i> Cada titoría realizou diversas actividades para conmemorar o 8M.</p>
3º E.P. 4º E.P.	<p><b>TEATRO ABANCA: "HUGO"</b>  <i>Data:</i> 14 de marzo  <i>Lugar:</i> Santiago de Compostela  <i>Descrición da actividade:</i> Teatro de actor (Náufragos Teatro) no auditorio Abanca. É unha peza teatral que aborda o tema do trastorno do espectro autista.</p>
3º E.P. 4º E.P.	<p><b>CONTACONTO DA ESCRITORA MARÍA CANOSA</b>  <i>Data:</i> 20 de marzo  <i>Lugar:</i> CEIP da Ramallosa – Salón de actos  <i>Descrición da actividade:</i> <b>consultar memoria de Equipo de biblioteca.</b></p>
2º E.P.	<p><b>VISITA AO CONCELLO</b>  <i>Data:</i> 21 de marzo  <i>Lugar:</i> Teo  <i>Descrición da actividade:</i> visita a diversas institucións do concello: casa do concello, policía e protección civil. Charla coa alcaldesa e simulacro de pleno.</p>
TODO O CENTRO	<p><b>DÍA DA POESÍA</b>  <i>Data:</i> 21 de marzo  <i>Lugar:</i> CEIP da Ramallosa - Aulas  <i>Descrición da actividade:</i> cada titoría realizou diversas actividades para conmemorar este día. <b>consultar memoria de Equipo de biblioteca.</b></p>



<b>NIVEL</b>	<b>ACE – ABRIL 2023</b>
4º E.P.	<b>OBRADOIRO DE CONSUMO RESPONSABLE CON MANS UNIDAS</b> <i>Data:</i> 4 de abril <i>Lugar:</i> CEIPP da Ramallosa – <i>Descrición da actividade:</i> <b>consultar memoria de Escola verde e proxecta †.</b>
ALUM- NADO CLASIFI- CADO DE AN- TERIO- RES CA- RREIRAS	<b>CAMPIONATO CAMPO A TRAVÉS</b> <i>Data:</i> 12 de abril <i>Lugar:</i> Porto do Son <i>Descrición da actividade:</i> Deporte escolar
4º E.P.	<b>PLANTACIÓN DE ÁRBORES AUTÓCTONAS E RUTA DE SENDE- RISMO</b> <i>Data:</i> 12 de abril <i>Lugar:</i> Monte Pedrouso <i>Descrición da actividade:</i> <b>consultar memoria de Escola verde e proxecta †.</b>
6º E.P.	<b>VISITA AO IDIS</b> <i>Data:</i> 15 de abril <i>Lugar:</i> Santiago de Compostela <i>Descrición da actividade:</i> Visita e actividades no Instituto de investigación sanitaria de Santiago de Compostela. Actividade ofrecida pola presidenta da AMPA.
E.I	<b>PLANTACIÓN DE ÁRBORES NO PATIO E CREACIÓN INVERNA- DOIRO</b> <i>Data:</i> 18 de abril <i>Lugar:</i> Patio Ceipp da Ramallosa <i>Descrición da actividade:</i> <b>consultar memoria de Escola verde e proxecta †.</b>
6º E.P	<b>CHARLA CIBERIGUALDADE</b> <i>Data:</i> 19 de abril <i>Lugar:</i> Ceipp da Ramallosa <i>Descrición da actividade:</i> Programa da consellería " Navegando con rumbo" sobre ciberigualdade.
TODO O CENTRO	<b>APADRIÑAMENTO LECTOR</b> <i>Data:</i> 23 de abril <i>Lugar:</i> CEIP da Ramallosa - Patio



**CEIP Plurilingüe da Ramallosa**

	<i>Descrición da actividade:</i> <b>consultar a memoria do equipo de biblioteca.</b>
TODO O CENTRO	<b>PRÉSTAMO-AGASALLO DO DÍA DO LIBRO</b> <i>Data:</i> 23 de abril <i>Lugar:</i> CEIP da Ramallosa - Aulas <i>Descrición da actividade:</i> <b>consultar a memoria do equipo de biblioteca.</b>
6º E.I	<b>CONTACONTOS DA HORTA</b> <i>Data:</i> 25 de abril <i>Lugar:</i> CEIP da Ramallosa <i>Descrición da actividade:</i> <b>Consultar a memoria do equipo de biblioteca.</b>
4º E.P	<b>INTRODUCCIÓN AO MUNDO CÓMIC-XULIA PISÓN</b> <i>Data:</i> 29 de abril <i>Lugar:</i> CEIP da Ramallosa <i>Descrición da actividade:</i> <b>Consultar a memoria do equipo de biblioteca.</b>

NIVEL	ACE – MAIO 2023
4º E.P. 5º E.P.	<b>PLANTANDO ÁRBORES CON PINCEIS DE ABANCA</b> <i>Data:</i> 2 de maio <i>Lugar:</i> CEIPP A Ramallosa <i>Descrición da actividade:</i> <b>consultar memoria de Escola verde e proxecta †.</b>
1º E.P. 2º E.P. 3º E.P. 4º E.P. 5º E.P.	<b>BASKET</b> <i>Data:</i> 8 de maio <i>Lugar:</i> CEIP da Ramallosa - Patio <i>Descrición da actividade:</i> Exhibición e explicación do deporte por un compoñente do clube de Basket do concello de Teo, Galogrin.
1º E.P. 2º E.P.	<b>SAÍDA DE FIN DE CURSO: GRANXA ESCOLA SERANTELLOS</b> <i>Data:</i> 21 de maio <i>Lugar:</i> Cambados <i>Descrición da actividade:</i> realización de diversas actividades con animais nas instalacións da Granxa e realización artesanal de pan. Comida e merenda na granxa escola.
6º E.P.	<b>EXCURSIÓN DE FIN DE CURSO: ACAMPADA PAISAXE II, O GROVE</b> <i>Data:</i> 29, 30 e 31 de maio <i>Lugar:</i> San Vicente do Mar. O Grove





**CEIP Plurilingüe da Ramallosa**

	<i>Descrición da actividade:</i> realización de diversas actividades nas instalacións do cámping e na praia da zona. Acampada.
TODO O CENTRO	<p><b>ROMARÍA DAS LETRAS GALEGAS</b>  <i>Data:</i> 16 de maio  <i>Lugar:</i> Ceipp a Ramallosa  <i>Descrición da actividade:</i> Este curso realizamos a nosa tradicional romaría das Letras Galegas no centro. Como o tempo non o permitiu realizáronse os xogos populares por niveis no polideportivo e suspendeuse a visita das familias. Actuacións musicais no salón de actos Comeremos todos xuntos no comedor (empanada, churrasco e xead), infantil nas aulas.</p>

NIVEL	ACE – XUÑO 2023
6º E.P.	<p><b>CONVIVENCIAS</b>  <i>Data:</i> 3 de xuño  <i>Lugar:</i> Os Tilos  <i>Descrición da actividade:</i> actividade levada a cabo varias veces ao longo do curso que busca establecer lazos de amizade entre o alumnado de 6º dos 3 centros do concello de Teo que o vindeiro curso se xuntarán no instituto.</p>
3º E.P.	<p><b>SAÍDA: ILLA DE CORTEGADA</b>  <i>Data:</i> 4 de xuño  <i>Lugar:</i> Illa de Cortegada  <i>Descrición da actividade:</i> Actividades en Carril, viaxe en barco ata a Illa de Cortegada, ruta de sendeirismo, xantar e baño na illa.</p>
4º E.P.	<p><b>SAÍDA: ILLA DE ONS</b>  <i>Data:</i> 4 de xuño  <i>Lugar:</i> Illa de Ons  <i>Descrición da actividade:</i> Saída dende Portonovo en barco, ruta de sendeirismo e diversas actividades na illa.</p>
6º E.P.	<p><b>VISITA AO IES DE CACHEIRAS</b>  <i>Data:</i> 6 de xuño  <i>Lugar:</i> IES DE CACHEIRAS  <i>Descrición da actividade:</i> visita do alumnado de 6º ao IES de Cacheiras, centro ao que moitos acudirán a estudar o vindeiro curso. O traxecto ao IES fíxose camiñando. Unha vez alí tiveron unha charla informativa e a visita ás instalacións.</p>
1º E.P. 2º E.P.	<p><b>CONTACONTOS VICENS</b>  <i>Data:</i> 11 de xuño  <i>Lugar:</i> CEIP da Ramallosa-Salón de actos</p>





**CEIP Plurilingüe da Ramallosa**

	<i>Descrición da actividade:</i> <b>consultar a memoria do equipo de biblioteca.</b>
E.I	<b>SAÍDA FIN DE CURSO: FERVENZA AVENTURA</b> <i>Data:</i> 11 de xuño <i>Lugar:</i> Silleda <i>Descrición da actividade:</i> O alumando realizou diversas actividades en contacto coa natureza. Realización artesanal de pan e contacto con animais.
2º E.P.	<b>VISITA DO CRA DE TEO</b> <i>Data:</i> 12 de xuño <i>Lugar:</i> CEIP da Ramallosa <i>Descrición da actividade:</i> O alumando do CRA de Teo do 1º ciclo veu de visita para coñecer o noso centro, xa que parte do seu alumnado pasará a formar parte do noso centro o vindeiro curso.
6º E.P	<b>VISITA ILUSTRADORA</b> <i>Data:</i> 12 de xuño <i>Lugar:</i> CEIP da Ramallosa <i>Descrición da actividade:</i> O alumando desfrutou da actividade proposta por Iria, ilustradora de "Memorias un neno labrego".
3º E.P. 4º E.P. MÚSICOS E 6º E.P.	<b>CERTAME "CÓNTAME UN CONTO"</b> <i>Data:</i> 17 de xuño <i>Lugar:</i> Auditorio de Galicia - Santiago de Compostela. <i>Descrición da actividade:</i> proxección dos vídeos dos contos, actuacións dos grupos musicais do noso cole e recollida de agasallos con motivo da participación do CEIP a Ramallosa no Proxecto "Cóntame un conto". <b>Consultar a memoria de EDLG.</b>
E.I 1ºE.P 2ºE.P	<b>OS BOLECHAS</b> <i>Data:</i> 17 de xuño <i>Lugar:</i> Ceipp da Ramallosa- Salón de acto <i>Descrición da actividade:</i> Presentación dun libro dos Bolechas.
E.I.	<b>GRADUACIÓN DO ALUMNADO DE 6º E.I.</b> <i>Data:</i> 19 de xuño <i>Lugar:</i> CEIP da Ramallosa – Salón de actos <i>Descrición:</i> A partir das 10:45, no salón de actos, proxectouse unha montaxe de imaxes dos 3 cursos dos graduados. Despois houbo entrega de orlas e diplomas e como broche final unha merendola para alumnos e familias.
6º E.P.	<b>GRADUACIÓN DO ALUMNADO DE 6º E.P</b> <i>Data:</i> 21 de xuño <i>Lugar:</i> CEIP da Ramallosa - Salón de actos e ximnasio <i>Descrición:</i> De 12:00 a 12:30 fixeron un almuerzo tipo brunch coas familias. A partir das 12:30, no salón de actos, fixeron un pequeno festival no que representaron uns bailes e cantaron a

**CEIP Plurilingüe da Ramallosa**

	canción de final de etapa. Despois os seus titores fixéronlle entrega dos diplomas correspondentes e proxectouse un vídeo coas súas fotos de pequenos e de maiores, e outro sobre a acampada de fin de curso. Rematamos a festa comendo todo o alumnado de 6º xunto cos profesores que lle deron clase, no ximnasio.
TODO O CENTRO	<b>FESTA DE FIN DE CURSO 6º</b> <i>Data:</i> 21 de xuño <i>Lugar:</i> CEIP da Ramallosa – Patio <i>Descrición:</i> O alumnado dividido en grupos, desfrutou dunha xornada de inchables no patio e dunha festa da espuma.

Proposta de mellora: O vindeiro curso o equipo de EACE valorará outra proposicións para as saídas de fin de curso e posiblemente se elimine a saída de 4º a Ons.

**e) Biblioteca Escolar / PLAMBE**

➔ **Grao de cumprimento dos obxectivos previstos para o curso 2023/24**

En xeral cumpríronse os obxectivos que tiñamos previstos, pero quedan pendentes as seguintes tarefas, entre outras:

Facer un díptico coa formación de usuarios.

Facer carteis coas normas de uso dos espazos, tanto en letra como con pictogramas.

Probar a facer mochilas viaxeiras cos xogos de mesa, para rotar polas aulas.

Apadriñamento lector de forma máis sistemática.

Mercar algún libro electrónico.

Tratar de colaborar con outras bibliotecas da contorna

➔ **Actividades realizadas**

**Xestión técnica, organización e funcionamento da biblioteca**

A nosa biblioteca de centro está ubicada na planta baixa do edificio anexo ao principal, o que facilita o seu acceso inclusivo, sen obstáculos arquitectónicos.

Está organizada en diferentes espazos divididos co obxecto de realizar un maior aproveitamento físico, pedagóxico e funcional das instalacións. Deste xeito, propoñemos a biblioteca coma un centro de recursos de grandes dimensións, no que se dinamizan diversas actividades e recursos, enriquecendo así o traballo da comunidade educativa.

Deste xeito, no amplo recibidor do edificio atópase a “Ludoteca” (con diversos xogos de mesa, expositor de novidades, expositor temático e varios paneis de cortiza nas paredes). Ao fondo do mesmo, ao carón das escaleiras de acceso ao Salón de actos, o alumnado pode acudir á acolledora “Fonoteca” (con dous postos para escoitar música, sofás, e unha ampla escolma de fondos sonoros).

No espazo contiguo que se atopa fronte á biblioteca, todos os discentes poden gozar dunha dotación tecnolóxica do mellor na nosa “Mediateca” <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/taxonomy/term/184>, con recursos como:

- Unha “Infoteca” con tablets.
- Un [“laboratorio de creación musical”](#).
- Un recuncho de “Robótica”.
- Unha zona “Coworking”.

Un espazo adicado aos “Xogos manipulativos” <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/taxonomy/term/180>; legos, kapla, pezas imantadas...

- Unha zona equipada de “Deseño” con plotter e unha “Impresora 3D”.
- Unha “pantalla dixital”.

**A biblioteca:** A sala adicada á biblioteca, está organizada coidadosamente, sinalando os fondos da forma máis clara e accesible posible para as crianzas. Axudándoos con cores e pictogramas para facilitar a busca de fondos.

Polo que, non é so unha sala de lectura de diferentes xéneros e consulta de información de diversos centros de interese, senón que pretende dar resposta ás necesidades e intereses das crianzas atendendo ao currículo e ás demandas da sociedade actual.

Na biblioteca tamén se atopa un pequeno “Set de radio” <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/taxonomy/term/195> adicado a facer **Radio en directo** durante os recreos, a través do proxecto “Roque Iro”. Para iso, na parede exterior contamos cun equipo de son especial para espazos exteriores, cunha potencia duns 1200w.

**A nosa Radio:** Por motivos técnicos e principalmente para facilitar o uso simultáneo de todos os espazos da biblioteca, o noso Estudo de Radio atópase noutro edificio contiguo, de maneira que o ruído non interfira nas nosas producións de radio. Conta cun faladoiro

e un control técnico amplos e equipados coas últimas tecnoloxías separados por unha "peceira". [Canle de podcast; "Radio Ramalloseir@s"](#)

**O noso estudo de televisión:** No mesmo edificio onde se sitúa a radio, atópase o estudo de televisión, equipado cun Croma pintado na parede, focos, trípodes, "pronter", e outro material técnico para facermos tele e outras montaxes de vídeo.

O equipo de biblioteca estivo formado por 10 mestres e mestras (1 menos que o curso pasado, aínda que cabe destacar a participación moi activa para cuestións máis tecnolóxicas, musicais e de radio de Óscar Suárez Carbia, e para o proxecto Roque Iro de Francisco Javier Salgado Couselo: Isabel Turnes García (Coordinadora), Mónica Seoane Maseda, Carmen Midón López, Mercedes Buján Mirás, Celso Fernández Arias, Sabela Tojo Bascoy, Patricia María Antas Ramos, Celso Manuel Fernández Valcárcel, Alba Botana Iglesias, Isabel Gómez Iglesias.

A coordinadora contaba no seu horario con 3 sesións de dedicación á biblioteca. Outros 3 membros tiñan 1 sesión de dinamización do equipo, cada un, aínda que priorizando sempre as posibles substitucións que houbera que facer.

Para poder manter aberta a biblioteca no tempo do recreo, facían garda alí a coordinadora e 2 mestras máis, turnándose ao longo da semana. Ademais da biblioteca tamén se mantiñan abertos os espazos de ludoteca, fonoteca e xogos manipulativos (o resto dos espazos usábanse baixo supervisión do profesorado en horario diferente ao recreo). Este profesorado contaba con alumnado voluntario para tarefas de organización e control das normas dos espazos principalmente. Houbo un total de 40 alumnos/as voluntarios/as de 5º e 6º, (no 3º trimestre quixo apuntarse un alumno de 3º de EP), que se repartiron en grupos ao longo dos 3 trimestres. Para cada un deles fíxose un carné que levaban colgados, a modo de distintivo cando prestaban a súa labor. (ver imaxe)

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3400>

Para organizar o uso do espazo da biblioteca elaboramos un horario para que cada aula tivera unha sesión semanal de uso exclusivo. Tamén figuran 2 sesións nas para a coordinación. O resto das sesións quedan para uso libre.

O préstamo, en teoría, faino cada titor/a pero, a maiores, no tempo de recreo tamén se pode facer.

En liñas xerais, poderíase resumir o traballo que se fai na Biblioteca da seguinte maneira:

Catalogación dos novos fondos no KOHA, coa correspondente colocación de etiquetas e códigos de barras, para ser incorporados á sección de novas e dalos a coñecer, antes de ser colocados no seu lugar.

Acondicionamento do espazo: a biblioteca é un espazo vivo que está a ter pequenos cambios de mellora sempre que así o consideramos. Novidades deste curso:

Nova cartelería sinalando cada un dos espazos. <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3444>

Novo espazo adicado á fonoteca. <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/taxonomy/term/179>

Novo set de radio na biblioteca e altofalantes no exterior da parede do edificio de cara ao patio. <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/taxonomy/term/195>

Asignación de números de usuarios novos para todo o alumnado e profesorado do centro. Non se fan carnés físicos porque con Koha consideramos que non é necesario. Hai que estar pendientes das novas incorporacións ao centro, tanto de alumnado como de profesorado substituto, para solicitarlle os permisos pertinentes para que poidan facer uso do programa.

Realizar o expurgo de materiais desfasados e/ou estragados.

Adquirir novos materiais, aparte de mercar novidades que saen ao mercado e outros que nos parecían interesantes, tamén pedimos propostas do alumnado e o profesorado, e pensamos nas necesidades para desenvolver os proxectos de dinamización programados e outras actividades propostas pensando na biblioteca como centro de recursos. Cabe destacar que este curso, ao estar adicado ao cómic, fixemos unha boa incorporación de libros deste formato que tiveron tan boa acollida que xa o alumnado nos ía pedindo novas adquisicións. Sempre estamos moi abertas ás solicitudes do alum-





nado, pero este ano fixémonos con bastantes fondos solicitados por eles, aparte do cómic. <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/taxonomy/term/35>

Propoñer e coordinar as actividades de dinamización, implicando ao Claustro e a toda a comunidade educativa.

Traballar de xeito coordinado cos outros equipos docentes.

Mantemento do blogue da Biblioteca.

Formación do profesorado, especialmente o novo, no funcionamento da biblioteca, colocación dos fondos e uso do Koha nas cuestións básicas (préstamo, devolución...)

### **A biblioteca escolar. Mediadora da lectura**

A **“hora de ler”** nas aulas, de 14:00 a 14:30h., no que se levan a cabo lecturas compartidas, en voz alta, individuais, etc. Deixando marxe para a liberdade de elección do tipo de texto a ler, das temáticas a escoller aínda que tamén propondo lecturas obrigatorias e comentadas no grupo nalgúns cursos.

As **mochilas viaxeiras**. Con un total de 19, unha por aula de infantil e primaria. Cada titoría encargábase de facer a escolla de libros para levar, ás veces eran libros variados en canto a formato e/ou estilo (novela, revista, teatro, poesía, cómic...) e outras veces eran en función do proxecto que se estivera levando a cabo.

**Lecturas obrigatorias**. Nalgúns casos o profesorado esolle algúns libros que deben ser lidos nas aulas, case sempre 1 por cada trimestre.

**Apadriñamento lector**. Con motivo do Día do Libro, o alumnado do 3º ciclo de EP leulle contos ao resto do alumnado do centro, repartidos polo patio. Desde a biblioteca fixéronse grupos para poder levarse a cabo. A experiencia foi moi positiva, como sempre.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3497>

**Día do Libro**. Desde a biblioteca tamén se propuxo facer un marcapáxinas nas aulas, para o que se repartiron unhas bases en cartón. <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3495>

**Concurso de cómic**. E como este curso estivo adicado ao cómic e banda deseñada e temos moitos libros deste formato, organizamos un concurso a nivel de todo o cole, con 4 categorías: El, 1º ciclo, 2º ciclo e 3º ciclo, e en cada unha haberá un premio a nivel indivi-

dual e outro grupal. Ademais dos premiados cun cheque de 10€ para gastar na librería en frente do cole, todo o alumnado participante terá unha pegatina. <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3543>, <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3527> <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3518> Letras Galegas. <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3508> (ver memoria EDNLG)

**Coñecemos O Noso Concello.** O alumnado de 2º de EP. Despois de traballar o tema nas aulas fíxose unha recollida de datos con axuda das familias, seguindo unhas guías. Logo, en grupos mesturados das dúas aulas, segundo a parroquia á que pertencen, fixeron unha posta en común de todos os datos traídos e o plasmaron en murais que foron expostos polo corredor. Por suposto, non faltou a visita ás dependencias e distintos servizos, e entrevista coa alcaldesa do Concello de Teo . <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3483>.

**Viaxe polo tempo.** Tamén o alumnado de 2º de EP, traballou a historia, vendo que cousas ocorreron no pasado, as súas etapas e algúns dos personaxes máis importantes para o avance da sociedade polos seus inventos e descubrimentos. Cada un fixo unha posta en común domural que fixo en casa coa información traballada en clase. <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3538>

**O universo.** <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3422>

**Contacontos.** En cada aula de EI as familias participan activamente vindo a contar contos ao alumnado. <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3491>

**Contacontos e/ou visitas de autores.** Ás veces, despois de ler algún libro ven o autor/a para ter un encontro con el/ela. Outras veces, algunha editorial agasállanos con algún autor ou contacontos por mercarlle libros para a biblioteca. Noutros casos, pagamos a algún autor/ para que nos veña explicar algo que nos interesa, como este ano que traballamos o cómic, coa visita de Xulia Pisón que nos fixo un taller de iniciación no mundo do cómic e nos falou da súa investigación das microalgas e dos seus beneficios para o desenvolvemento sostible e o medio ambiente. <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3501>

Luis Vallecillo. Grazas á **o Consorcio editorial**, e por mercar moitos libros para a nosa biblio de centro, tivemos como agasallo a proposta musical con Luis Vallecillo, "Buscando a Rosalía". Compartiu 2 sesións coas crianzas de infantil para cantar adaptacións de poemas de Rosalía de Castro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3504>

María Canosa visita ao alumnado de 4º de EP, para compartir as aventuras dos protanistas do libro que leron no 2º trimestre "Rubicundo, o cosedor de ventos". <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3479>

Caxoto <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3434>

Miriam, unha educadora de Mans Unidas, a través do proxecto "Fame Cero" contoulles o conto "El secreto del huerto de Lino". Ver máis información en: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3511>

A editorial Vicens agasalla ao alumnado de 1º e 2º ciclos cun contacontos, por usar libros seus, tanto de texto como de lectura obrigada na aula. (con posterioridade á entrega da memoria)

Visita dun ilustrador para o alumnado de 6º de EP (con posterioridade á entrega da memoria).

O alumnado de 5º de EP cóntalle contos ao alumnado de EI, con motivo do **samaín**, nalgúns casos pintándose e/ou facendo títeres. <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3410>, con motivo da **paz** <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3445>

### **A biblioteca escolar como recurso para traballar coa información. Actividades de extensión cultural. A biblioteca escolar como eixo da alfabetización mediática. Implicación da comunidade**

Seguindo a pauta de anos pasados, **facemos un traballo "interdisciplinario" entre os diferentes equipos docentes** (EDNLG, EACE, Biblioteca,...). De maneira que o traballo conxunto signifique unha maior coordinación e proveito para toda comunidade educativa das actividades propostas.

Actividades a destacar:



## **PREMIO EDUCATIVO AO CENTRO POLO PROXECTO DIDÁCTICO ANTONIO FRAGUAS:**

(ver memoria EDNLG)

### **TRADICIÓN ORAL: “Cóntame un conto” (APOI) + “21 días co galego é+”.**

-“PROXECTO CÓNTAME UN CONTO”: Todo o 2º ciclo de Ed. Primaria participou (por terceiro ano consecutivo) neste proxecto, no que actuamos dende o seu xerme como centro piloto. Pero a pesares de que foron estes niveis educativos os que fixeron o traballo de recollida, edición e publicación destes traballos, houbo contos orais e historias do máis impresionantes para todos os discentes do centro. Así como actividades relacionadas co proxecto, como por exemplo a visita dos conta contos “Celso Fernández Sanmartín” e “María da Pontraghá”, que fixeron as delicias dos alumnos/as dos cursos de 4º de Ed. Infantil e 6º de Ed. Infantil.

A actividade está promovida polo “Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade do Museo do Pobo Galego” e a “Fundación Antonio Fraguas”. O obxectivo deste programa é fundamentalmente promover o coñecemento da literatura popular galega de transmisión oral, así como a recollida de contos tradicionais galegos contados polos nosos maiores. O 30 de maio tivo lugar no Colexio La Salle, o certame coa proxección dos vídeos dos contos, actuacións dos grupos musicais do noso cole e recollida de agasallos con motivo da nosa participación (alumnado de 2º ciclo de EP, e músicos/as de 3º ciclo de EP)

Máis información do proxecto [aquí](#)

Repositorio de contidos e actividades do centro no proxecto:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/taxonomy/term/158>

Aceso ao repositorio de contos do APOI, (Museo do Pobo Galego):

<http://museodopobo.gal/es/p-gina-colecci-n-de-contos-videos-colexios>

-“21 DÍAS CO GALEGO É+”: Empregamos esta actividade, para remarcar a importancia de promover o uso da nosa lingua e o valor cultural e antropolóxico do noso idioma. Esta actividade é innovadora, no sentido de que foi iniciada no centro de maneira autónoma e fóra da actividade proposta pola Coordinadora dos EDLG de Galicia, por non poder ofertar de momento a actividade a CEIP’s. Exposta esta opción á nosa persoa de referencia dos equipos, e acollida de forma moi positiva, iniciamos cun carácter continuísta

os nosos 21 días en lingua galega no centro. Actividade á que lle daremos continuidade o vindeiro ano.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3448>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3442>

<https://agueiro.edu.xunta.gal/view/view.php?t=hvbSLgZ3VkOm54Rr97c0>

Este curso escolar, xa oficialmente participamos no programa cun feixe de propostas educativas; "Aulas musicais", "**Ditos retranqueiros** dos nosos maiores", **A árbore da música**, <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3526> e un feixe de montaxes para outras temáticas; adiviñas, palabras tabú, vídeo de centro en formato telexornal,...

Por suposto tamén temos actuacións musicais do alumnado e algunha formación musical galega no acto inaugural e no de clausura. Onde tamén nos acompañaron diferentes representantes das institucións locais, Consellería de educación,...

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3451>

En 5º de EP fixeron un pasagalego e tiveron a visita se Wika, unha rapaza polaca que descubriu o galego no seus país e decidiu vir a Santiago de Compostela. Para saber máis:

Pasagalego: <https://youtu.be/Zc4RIwmSb6s>

Wika: [https://youtu.be/\\_nMDp3hDnkw](https://youtu.be/_nMDp3hDnkw)

[https://soundcloud.com/radio\\_ramalloseiros/entrevista-a-wika](https://soundcloud.com/radio_ramalloseiros/entrevista-a-wika)

**A RADIO ESCOLAR (Radio Ramalloseir@s):** (ver memoria EDNLG)

**Cóntame un conto.** <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3537>

**Proxecto "Plantando árbores con pinceis".** <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3503>.

Impulsado pola Obra Social ABANCA e enmarcada no Plan Proxecta, a través da Escola Verde. Leváronse a cabo dúas iniciativas:





Uns obradoiros de pintado de bolsas de tea con temática ambiental, para alumnado de 4º de EP.

O alumnado de 5º de EP participou no pintado dunha parede do centro usando igualmente as mesmas pinturas e con temática ambiental; e algún guiño como foi unha guitarra como referencia ao noso personaxe protagonista da revista musical ROQUE IRO <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3533>

### Proxecto **Aulas Musicais:**

Con este Proxecto de centro, encadrado nas actividades da Biblioteca escolar e tamén dentro do programa "21 días co galego e+", pretendemos darlle visibilidade á nosa música e cultura empregando o bo facer dos nosos artistas para achegar o seu traballo e amor pola nosa lingua.

O primeiro que se fixo foi escoller un artista ou un grupo. Todas as aulas e espazos do centro quedaron apadriñadas/amadriñadas por artistas da nosa terra. Despois buscouse unha foto que o representara, e fíxose unha exposición nas escaleiras do centro, con todos os artistas escollidos.

Cada aula fixo un mural coa foto do seu artista para colgar da porta, letras decoradas co seu nome e traballaron todo o relacionado con eles, buscando información sobre so/as artistas, as súas cancións...

Un dos artistas foi **Pablo Seoane**, que, ademáis de padriño de 5ºA <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3532>, veu impartir un **obradoiro** sobre instrumentos tradicionais. <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3405>

Moitos dos artistas participaron activamente neste proxecto pois mandaron un vídeo dándonos as grazas por escollelos e falarnos da importancia de falar en galego. Ademáis, moitos deles viñeron coñecer aos seus afillados, pasando un rato na súa aula correspondente, contestando as preguntas do alumnado, cantándonos un pouquiño e ser entrevistados na nosa radio. Todos eles levaron uns agasallos por ter participado na nosa proposta. <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3507>

Neste [enlace](#) pódense escoitar todas as [entrevistas realizadas](#) nos nosos estudos de Radio Ramalloseir@s, outras actividades: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/taxonomy/term/194>

Como non podía ser doutra forma, este ano adicamos o **entroido** á música: OS MUSICAIS <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3454>

Na conmemoración do **Día Internacional contra a Violencia de xénero**, tamén se traballou, desde este proxecto de Aulas Musicais, a través de cancións: cada aula partindo dunha canción escolléronse palabras positivas que se plasmaron en carteis que logo se espuxeron na entrada da biblioteca. Tamén se aproveitou a ocasión para traballar o cómic. <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3417> <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3423>

**Apúntaste ao bo trato.** Con motivo do Día contra a violencia de xénero levouse a cabo esta proposta: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3425>

**Día da biblioteca:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3409> <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3408>

**Día da muller:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3471>

**Día da ciencia na biblioteca:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3413> <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3407>

Para traballar o **Día de Rosalía**, entre outras cousas, tamén buscamos poemas seus que foron musicados. Fíxose un XOGO MUSICAL co obxectivo de emparellar poemas musicados por diferentes artistas con distintos estilos musicais, cos poemas escritos pola homenaxeada. O xogo estaba composto por varias tarxetas cun código QR que acompañaba a cada intérprete, e unha tablet. Había que escanear o código e escoitar a canción na tablet para asociala co poema escrito por Rosalía. Desta forma había que traballar previamente algúns poemas e, ademáis, servía para dar a coñecer estilos musicais e artistas galegos que posiblemente eran descoñecidos para o alumnado.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3461>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3460>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3459>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3463>

Finalmente faise un libro para a biblioteca, no que se recolle un resumo do traballado en cada aula: os murais elaborados dos seus padriños/madriñas, fotos con eles, unha selección de cinco das súas cancións...

### **Proxecto ROQUE IRO.**

Este proxecto nace a partir do proxecto Aulas Musicais e vendo a necesidade de ofrecer ao alumnado música non tan comercial á que están acostumados. Fíxose unha 1º revista na que se presenta o personaxe que da nome ao proxecto "Roque Iro" e en cada páxina hai unha selección de cancións vinculadas a cada un/ha dos/as profes. Esta selección está pensada para que desde o novo espazo de Radio en directo desde a biblioteca, nos recreos, o alumnado vaia dando a coñecer esta música e amenizando este tempo de ler. O proxecto iniciouse este curso e continuará para o vindeiro, con novos números da revista. <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3533>

**Tipoloxías textuais** (ver enlace) <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3521>

**Día da biblioteca** (ver enlace) <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3409>

**Letras Galegas.** Ver: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3536>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3519>.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3508>

[https://soundcloud.com/radio\\_ramalloseiros/o-violino-da-villalta-o-outro-lado-da-musica-e-da-literatura](https://soundcloud.com/radio_ramalloseiros/o-violino-da-villalta-o-outro-lado-da-musica-e-da-literatura)

### **Avaliación realizada**

O instrumento empregado para avaliar a nosa biblioteca foi a enquisa:

Para o profesorado. Foi unha enquisa online.

Para o alumnado. Fíxose unha enquisa individual en toda a primaria e unha por aula en infantil.

Para o alumnado colaborador.

Os indicadores de uso da biblioteca escolar, os resultados da avaliación e a nosa Valoración poderanse ver (no momento de entregar a memoria aínda está sin rematar de valorar) no enlace <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/node/3547>

### Previsións de futuro

O vindeiro curso queremos impulsar, principalmente, as seguintes tarefas:

Facer un díptico coa formación de usuarios.

Facer carteis coas normas de uso dos espazos, tanto en letra como con pictogramas.

Probar a facer mochilas viaxeiras cos xogos de mesa, para rotar polas aulas.

Apadriñamento lector de forma máis sistemática.

Mercar algún libro electrónico.

Tratar de colaborar con outras bibliotecas da contorna

O resto dos aspectos detallaranse no documento das liñas prioritarias para o curso 2024-25.

## 7.3. CALENDARIO DE REUNIÓN S

### ÓRGANOS COLEXIADOS

As reunións destes órganos celebráronse nas datas que se detallan a continuación:

CLAUSTRO		CONSELLO ESCOLAR	
(Ordinarias)	(Extraordinarias)	(Ordinarias)	(Extraordinarias)
4/09/23			
10/10/23		10/10/24	
30/01/24		30/01/24	
27/06/24		27/06/24	

## 7.4. AVALIACIÓN

Confeccionáronse calendarios para cada avaliación e de fin de curso, co obxecto de que non houbera interferencias na asistencia dos profesores e profesoras especialistas das distintas áreas ás sesións de avaliación de cada un dos niveis.

As datas das avaliacións foron as seguintes:

- Avaliación Inicial:
  - ✓ 3/10/23 → Ed. Infantil / 1º Ciclo
  - ✓ 10/10/23 → 2º Ciclo/ 3º Ciclo
- 1ª Avaliación: Do 12 ao 19 de decembro
  - ✓ 12/12/23 → Ed. Infantil
  - ✓ 13/12/23 → 1º Ciclo
  - ✓ 18/12/23 → 2º Ciclo
  - ✓ 19/12/22 → 3º Ciclo
- 2ª Avaliación: Do 12 ao 20 de marzo
  - ✓ 12/03/24 → Ed. Infantil
  - ✓ 13/03/24 → 1º Ciclo
  - ✓ 19/03/24 → 2º Ciclo
  - ✓ 20/03/24 → 3º Ciclo
- 3ª Avaliación e avaliación Final: O 24 e 25 de xuño
  - ✓ 24/06/24 → 3º Ciclo / 2º Ciclo
  - ✓ 25/06/24 → Ed. Infantil / 1º Ciclo

7.4.1.) A avaliación dos alumnos/as.

Houbo reunións de avaliación por cada nivel, tamén en Educación Infantil, na que estiveron presentes os/as titores/as dos grupos correspondentes e o resto do profesorado que imparte docencia directa neses grupos, incluídos os especialistas de PT e AL, se era o caso. A orientadora e a xefa de estudos tamén asistiron ás sesións de avaliación dos [diferentes niveis para ter constancia das dificultades de aprendizaxe que](#)



se ían detectando ao longo do curso. Cada titor/a levantou acta de cada unha das sesións de avaliación correspondente á súa titoría.

#### RESUMO DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN FINAL

		PROMOCIÓN			
		Promocionan	Promoción obrigatoria	Non promocionan	Total alumnos
Educación Primaria	1º	30	0	0	30
	2º	35	1	3	39
	3º	48	0	0	48
	4º	57	0	0	57
	5º	53	0	0	53
	6º	59	0	0	59
Educación Infantil	4º	24	0	0	24
	5º	29	0	0	29
	6º	23	0	0	23
Totais		358	1	3	362

7.4.2.) A avaliación do Plan Xeral Anual.

A presente memoria constitúe a avaliación da P.X.A.



8. ORZAMENTOS:



CEIP Plurilingüe da Ramallosa

DILIXENCIA DE APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS DO CEIP DA RAMALLOSA PARA O EXERCICIO 2024

Table with 2 main sections: A) Estado de ingresos and B) Estado de gastos. Includes sub-sections like 'Dotacións procedentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria' and 'Estado de gastos' with various line items and amounts in Euros.

O presente orzamento foi aprobado polo Consello Escolar na sesión Ordinaria celebrada o 31 de xaneiro de 2024

O DIRECTOR

A SECRETARIA

Asdo: Rafeel Vilar Secano

Asdo: Janet Flores Garcia

Esta memoria foi presentada ao Claustro e ao Consello Escolar nas correspondentes sesións ordinarias celebradas o día 27 de xuño de 2.024.

Tras o seu estudo, ambos os dous órganos colexiados, informárona favorablemente.

A Ramallosa, a 27 de xuño de 2.024

V. e Pr.

A secretaria

O director

Janet Flores García

Rafael Vilar Seoane